



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de xuño de 2026

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día cinco de xuño de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(457).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 29 de maio de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(458).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADITIVAS” E COA “FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 1 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES E DO “PROGRAMA SEREOS”: ANOS 2026-2029. EXPTE. 290755/301.

Visto o informe xurídico de data 11/05/2026 e o informe de fiscalización do 27/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/05/2026, asinado pola xefa de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS” ven desenvolvendo a súa actividade en Vigo, no campo das drogodependencias, levando a cabo diversos programas de axuda que complementan as actividades asistenciais e de incorporación social das Administracións local e autonómica.

Desde o ano 2002 dispón dun programa de apoio residencial para persoas drogodependentes en tratamento nas unidades asistenciais de drogodependencias da Rede de Tratamento de Conduas Adictivas en Vigo, que se desenvolve en tres pisos ou centros de réxime residencial temporal nos que, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación socio-laboral das persoas en situación de risco de exclusión social. Son os tres “centros de apoio social a procesos terapéuticos” de Érguete que constan rexistrados no RUEPSS cos núms. E-0103C002, E-0103C003 e E-0103C004.

Este programa de apoio residencial vai dirixido a persoas drogodependentes en tratamento que teñen alcanzado unha estabilidade no seu proceso terapéutico e que necesitan dun recurso deste tipo para progresar na súa incorporación social, sendo o obxectivo principal a adaptación do usuario ó medio social a través dun programa de residencia temporal nunha vivenda normalizada coa supervisión de profesionais.

O seguimento da evolución dos usuarios realízase de forma coordinada xunto cos terapias de referencia das unidades asistenciais de drogodependencias da área de Vigo.

I.2. A “FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN” é unha entidade sen ánimo de lucro que pretende facilitar atención e a incorporación sociolaboral de persoas en risco ou situación de exclusión social e desenvolve, entre outros, un programa de intervención dirixido a grupos de poboación en situación de exclusión social que leva en funcionamento desde o ano 2006 e que ten por obxecto detectar poboacións ocultas de drogodependentes con vulnerabilidade ou en situación de risco, ampliar a cobertura de atención de rúa, reducir ou limitar danos socio sanitarios e mellorar a información e o acceso cara ós recursos asistenciais.

I.3.- PROGRAMA DE PISOS DE APOIO da “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS”: a L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención referidos á prevención, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 2 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Na Orde do 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de acollida e inclusión.

I.4. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde o ano 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos da prevención, asistencia e incorporación social.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, mellorar a atención das urxencias sociosanitarias e cobertura de necesidades primarias de alimentación, hixiene e vivenda e potenciar o mantemento e a creación de novos dispositivos para cubrir as necesidades básicas daquela poboación carente de vivenda ou en situación de risco de exclusión.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

I.5. “PROGRAMA SEREOS” da “FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN”: entre os obxectivos xerais dos Plans de Acción das diferentes estratexias nacionais de adiccións, atópanse os de garantir unha asistencia de calidade e adaptada ás súas necesidades a todas aquelas persoas directa ou indirectamente afectadas por consumo de drogas, reducir ou limitar os danos ocasionados á súa saúde e, en xeral, os efectos sociais e sanitarios indesexables relacionados co seu uso, e facilitar a incorporación á sociedade das persoas en proceso de rehabilitación, a través de programas de formación integral e de preparación e inserción laboral. A nivel de diminución do risco e redución do dano, considérase necesario ampliar a cobertura de programas de rúa ou de contacto, acceso e detección precoz de problemas que afectan a grupos de poboación en situación de risco.

No ámbito galego, o Plan de Trastornos Adictivos de Galicia estableceu tamén como unha liña estratéxica a diminución de riscos e a redución de danos asociados ó uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ó consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de obradoiros sobre consumo de menor risco e práctica de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.

De feito, a carteira de servizos en materia de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas contempla a execución de programas de redución de danos e prevención indicada para drogodependentes, e especificamente os dirixidos á intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social.

Como antes se indicaba, no Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das conduc-

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 3 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

tas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa, ademais dos xa relacionados, a mellora da atención ós colectivos en situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, redución do dano e intervención en medio aberto.

O Programa SEREOS é un programa de redución do dano en medio aberto que se presta mediante unha unidade móbil na rúa e que ten como obxectivo xeral atender as necesidades básicas de alimentación e hixiene das persoas usuarias drogodependentes, ofrecendo ademais acompañamento social e orientación laboral.

I.6. O Concello de Vigo, segundo a L.7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

I.7. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da L.27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.8. Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das faendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.9. O Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.00, prevé a concesión dunha subvención nominativa por importe de 65.151,00 € a favor de Érguete: “*CONV. ERGUETE ALOXAMENTO ALTERNATIVO E PRO.SEREOS*”, polo que ten a consideración de subvención directa segundo os artigos 28 da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión; motiva-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 4 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

cións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do Art. 19.4 da L.9/2007.

I.10. A concesión da subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que inclúe as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución dos Orzamentos: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.11. Canto á vixencia deste Convenio coa “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS” e coa “FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN”, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2026-2029).

I.12. Por concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter das beneficiaras como entidades non lucrativas adicadas a desenvolver programas con fins sociais que presentan necesidades financeiras demostradas que lles impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, propónse o aboamento dun 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (Regulamento da Lei xeral de subvencións), as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO COA “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS” E COA “FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES E DUN PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO (“PROGRAMA SEREOS”) – ANOS 2026-2029» (Exp. n.º 290755/301).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 205.740,00€ (=51.435,00€/ano: 2026-2029) a favor da “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS” (CIF G-36.642.726) e de 54.864,00€ (=13.716,00€/ano: 2026-2029) a favor da “FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN” (CIF G-36.861.078), con cargo á aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.00 (“CONV. ERGUETE ALOXAMENTO ALTERNATIVO E PRO.SEREOS”). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión desta liña de subvencións (“Liña 1.3. *Persoas enfermas e persoas con dependencias*”) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 5 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO COA “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS” E COA “FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN” PARA O ENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES E DUN PROGRAMA DE REDUCCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO (“PROGRAMA SEREOS”) – ANOS 2026-2029»

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, con DNI nº 35.956.947-N, Presidenta da “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS”, CIF nº G-36.642.726 e da “FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN”, CIF nº G-36.861.078, con enderezo social común na Avda. Martínez Garrido, nº 21, interior (CP 36205 Vigo).

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, actuando en representación da Asociación “ÉRGUETE” e da Fundación “ÉRGUETE-Integración”, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 6 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS” é unha organización non gubernamental (ONG) inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co número 178/91, declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior segundo RD.1786/96, do 19 de xullo, e inscrita como entidade prestadora de servizos sociais na Xunta de Galicia (RUEPSS nº E0103).

A Asociación Érguete ven desenvolvendo a súa actividade en Vigo, no campo das drogodependencias, levando a cabo diversos programas de axuda que complementan as actividades asistenciais e de incorporación social das Administracións local e autonómica.

Desde o ano 2002 dispón dun programa de apoio residencial para persoas drogodependentes en tratamento nas unidades asistenciais de drogodependencias da Rede de Tratamento de Conductas Adictivas en Vigo, que se desenvolve en tres pisos ou centros de réxime residencial temporal nos que, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación socio-laboral das persoas en situación de risco de exclusión social. Son os tres “centros de apoio social a procesos terapéuticos” de Érguete que constan rexistrados con permiso de actividades no RUEPSS cos núms. E-0103C002, E-0103C003 e E-0103C004.

Este programa de apoio residencial vai dirixido a persoas drogodependentes en tratamento que teñen alcanzado unha estabilidade no seu proceso terapéutico e que necesitan dun recurso deste tipo para progresar na súa incorporación social, sendo o obxectivo principal a adaptación da persoa usuaria ó medio social a través dun programa de residencia temporal nunha vivenda normalizada coa supervisión de profesionais.

Para o desenvolvemento deste programa, a Asociación Érguete conta con tres vivendas urbanas, en réxime de aluguer, ubicadas na cidade de Vigo, adaptadas ó marco normativo que regula este tipo de dispositivos de atención sociosanitaria.

O seguimento da evolución dos usuarios realízase de forma coordinada xunto cos terapeutas de referencia das unidades asistenciais de drogodependencias da área de Vigo.

II.- Que a Fundación Érguete-Integración é unha entidade sen ánimo de lucro que pretende facilitar atención e a incorporación sociolaboral de persoas en risco ou situación de exclusión social e desenvolve, entre outros, un programa de intervención dirixido a grupos de poboación en situación de exclusión social que leva en funcionamento desde o ano 2006 e que ten por obxecto detectar poboacións ocultas de drogodependentes con vulnerabilidade ou en situación de risco, ampliar a cobertura de atención de rúa, reducir ou limitar danos socio-sanitarios e mellorar a información e o acceso cara ós recursos asistenciais.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 7 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Fundación Érguete-Integración foi declarada de Interese Galego e figura inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia co n.º 1999/25. Está inscrita tamén no Rexistro municipal de Asociacións co n.º 761/01 e no RUEPSS (nº E1455).

III.- Que o Concello de Vigo, segundo a L.7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. Autónoma. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- PROGRAMA DE PISOS DE APOIO:

A L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención referidos á prevención, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

Na Orde do 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de acollida e inclusión.

A «Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024» (ENA 2017-2024), aprobada en Consello de Ministros o 9 de febreiro de 2018, ten como marco institucional o establecido por mor da creación do Plan Nacional sobre Drogas, en 1985, e da Delegación do Goberno para o devandito Plan, e a súa normativa de desenvolvemento. Entre as instancias que forman parte dese marco institucional cabe sinalar os Plans Autonómicos de Drogas, os Departamentos e Organismos da Admi-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 8 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

nistración Xeral do Estado con competencias en drogas e adicións en xeral, as Entidades Locais, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), as organizacións non gubernamentais, as sociedades científicas e aquelas outras entidades e colectivos de carácter social que desenvolvan a súa actividade no ámbito das actuacións do Plan Nacional sobre Drogas.

A coordinación institucional da ENA 2017-2024 fundaméntase nos seguintes obxectivos estratéxicos:

1) Garantir as sinerxias, a coherencia e as prácticas eficaces entre as Administracións públicas a todos os niveis, as diferentes institucións e iniciativas, evitando a duplicación de esforzos, garantindo a eficacia do intercambio de información, utilizando eficazmente os recursos e garantindo a continuidade das accións; 2) Fomentar e alentar a participación e implicación activas e significativas da sociedade civil (asociacións científicas e profesionais, ONG, axentes sociais, asociacións de veciños,...); 3) Fomentar a coordinación dentro e entre as propias CCAA e as Entidades Locais que contén con Plans de Adicións propios, para garantir a continuidade das accións, e, 4) Garantir a coordinación coas Estratexias e Plans do ámbito social e sanitario que impulsa o Goberno da Nación que inciden sobre os colectivos sociais ós que se dirixe a ENA 2017-2024: poboación en risco de exclusión social, adolescencia, mulleres, inmigrantes, reclusos...

Pola súa banda, o Plan de Trastornos Adictivos de Galicia estableceu entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adicións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar ós procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establécense liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio ós procesos de incorporación social das persoas con trastornos adictivos, mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais de apoio á incorporación social para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde o ano 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos da prevención, asistencia e incorporación social.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, mellorar a atención das urxencias socio-sanitarias e cobertura de necesidades primarias de alimentación, hixiene e vivenda e potenciar o mantemento e a creación de novos dispositivos para cubrir as necesidades básicas daquela poboación carente de vivenda ou en situación de risco de exclusión.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 9 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, a colaboración coa Concellería de Sanidade e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

V.- “PROGRAMA SEREOS”:

Entre os obxectivos xerais dos Plans de Acción das diferentes estratexias nacionais de accións, atópanse os de garantir unha asistencia de calidade e adaptada ás súas necesidades a todas aquelas persoas directa ou indirectamente afectadas por consumo de drogas, reducir ou limitar os danos ocasionados á súa saúde e, en xeral, os efectos sociais e sanitarios indesexables relacionados co seu uso, e facilitar a incorporación á sociedade das persoas en proceso de rehabilitación, a través de programas de formación integral e de preparación e inserción laboral. A nivel de diminución do risco e redución do dano, considérase necesario ampliar a cobertura de programas de rúa ou de contacto, acceso e detección precoz de problemas que afectan a grupos de poboación en situación de risco.

No ámbito galego, o Plan de Trastornos Adictivos de Galicia estableceu tamén como unha liña estratéxica a diminución de riscos e a redución de danos asociados ó uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ó consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de obradoiros sobre consumo de menor risco e práctica de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.

De feito, a carteira de servizos en materia de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas contempla a execución de programas de redución de danos e prevención indicada para drogodependentes, e especificamente os dirixidos á intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social.

Como antes se indicaba, no Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa, ademáis dos xa relacionados, a mellora da atención ós colectivos en situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, redución do dano e intervención en medio aberto.

O Programa SEREOS é un programa de redución do dano en medio aberto que se prestará mediante unha unidade móbil na rúa e que ten como obxectivo xeral atender as necesidades básicas de alimentación e hixiene das persoas usuarias drogodependentes, ofrecendo ademais acompañamento social e orientación laboral.

VI.- Así as cousas, o Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.00, prevé a concesión dunha subvención nominativa por importe de (65.151,00€) a favor de Érguete: “*CONV. ERGUETE ALOXAMENTO ALTERNATIVO E PRO.SEREOS*”.

VII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da L.38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as partes conclúen o presente convenio co fin de regular



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 10 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

os termos da concesión da subvención, cuxo obxecto é o financiamento da actividade dos pisos de apoio á incorporación social para drogodependentes en tratamento na área de Vigo que xestiona a Asociación Érguete e a prestación dos servizos a estas persoas incluídos no Programa SEREOS da Fundación Érguete-Integración.

VIII.- O presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

En base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representan estas actividades da Asociación Érguete e da Fundación Érguete-Integración, o Concello de Vigo convenia con elas a súa colaboración no ámbito da atención inmediata e a incorporación social das persoas drogodependentes e a concesión dunha subvención de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da Asociación Érguete e da Fundación Érguete-Integración, pola súa colaboración no ámbito da atención inmediata e a incorporación social das persoas drogodependentes do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- A Asociación Érguete e a Fundación Érguete-Integración comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo na realización da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes e do Programa SEREOS e concretamente a:

- Realizar a contratación de persoal técnico para a execución desas actividades asistenciais, de acordo coas Memorias dos programas presentadas.
- Asumir a súa xestión xeral.
- Contribuír ó custo restante dos programas, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo o previsto naquelas Memorias.
- Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e colaborar na implementación do Plan Local sobre Adicións de Vigo e na súa estrutura participativa.
- En xeral, a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da L.9/2007.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a estes servizos que prestan a Asociación Érguete e a Fundación Érguete-Integración para poder mellorar minimamente a súa calidade de vida. Ademais, estes recursos constitúen un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

Por tales razóns, comprométese a conceder directamente á Asociación Érguete e á Fundación Érguete-Integración, unha subvención para cada un dos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029, por un importe de 65.151,00€/ano co obxecto de coadruar ó financiamento das actividades do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes e do Programa SEREOS.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 11 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En concreto, destinarase durante o período 2026-2029 a cantidade de 51.435,00€/ano ó desenvolvemento do programa de pisos de apoio da Asociación Érguete e 13.716,00€/ano á execución do Programa SEREOS da Fundación Érguete-Integración.

As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos fixados, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión desta liña de subvencións (“Liña 1.3. *Persoas enfermas e persoas con dependencias*”) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

CUARTA.- Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

O gasto representado pola formalización deste convenio poderá financiarse con cargo ás aplicacións correspondentes dos respectivos exercicios orzamentarios; en 2026, a nº 3112.489.00.00 - “*CONV. ERGUETE ALOXAMENTO ALTERNATIVO E PRO.SEREOS*”.

Os pagamentos efectuaránse do seguinte xeito:

1. No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual no primeiro trimestre do ano. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter das beneficiarias como entidades non lucrativas adicadas a desenvolver programas con fins sociais, que presentan necesidades financeiras demostradas que lles impiden realizar cos seus propios medios as actividades subvencionadas, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de outubro de cada un dos catro exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do proxecto.

Deste xeito, as cantidades correspondentes ó 50% de cada pagamento quedan do seguinte xeito:

ENTIDADE	PROGRAMA	IMPORTE TOTAL	ENTIDADE 50%
ASOCIACIÓN ÉRGUETE - PREVENCIÓN E	“PROGRAMA DE PISOS DE APO-	51.435,00€	ASOCIACIÓN ÉRGUETE - PREVENCIÓN E



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 12 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICATIVAS	IO "		INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICATIVAS
			25.717,50€
FUNDACIÓN ÉRGUE-TE-INTEGRACIÓN	"PROGRAMA SEREOS"	13.716,00€	FUNDACIÓN ÉRGUE-TE-INTEGRACIÓN
			6.858,00€
IMPORTE ANUAL CONVENIO		65.151,00€	32.575,50€ (50%)

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que as entidades presenten previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións..

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 13 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DÉCIMO PRIMEIRA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO TERCEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión, crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas coñecidos da actividade, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dous/dúas representantes de Érguete (1 da Asociación e 1 da Fundación) e dous/dúas técnicos/as municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos sociais.

DÉCIMO CUARTA.- A Asociación Érguete e a Fundación Érguete-Integración comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo, facéndose responsables dos danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO QUINTA.- A Asociación e a Fundación Érguete-Integración poderán contratar a cantas persoas crean adecuadas para a execución destes programas, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 1 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 14 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

En todo caso, con periodicidade mínima trimestral, as entidades remitirán unha relación completa dos/as usuarios/as que foron atendidos/as nos distintos dispositivos, que permita ir verificando durante a súa execución o cumprimento do acordado neste Convenio.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluírse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó período 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.
2. Nominas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais, anteriores ó 1 de novembro, pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 15 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO SÉTIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VISÉXIMO PRIMEIRA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VISÉXIMO SEGUNDA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 16 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO TERCEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratégico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

3(459).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE “DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN” PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ME MUEVO”. EXPTE.296852/301.

Visto o informe xurídico do 13/05/2026 e o informe de fiscalización do 02/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/05/2026, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A Asociación “Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down” é unha asociación privada sen ánimo de lucro de carácter benéfico-asistencial, con capacidade xurídica e de obrar, constituída formalmente en 1989 co propósito de traballar a favor da integración e normalización das persoas con Síndrome de Down e mellorar a súa calidade de vida.

Figura inscrita, entre outros Rexistros, no Rexistro de Asociacións do Goberno Civil de Pontevedra (nº 1979), no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma Galega co nº 1989-1979-1 (PO), no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (nº 248-92) e

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 17 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia con data 16.06.1994 (RUEPSS nº E-153). Foi declarada de utilidade pública polo Ministerio do Interior en febreiro do ano 2000, co nº 90.183.

I.2. De acordo cos seus Estatutos, a Asociación ten como fin principal a promoción e realización de todas cantas actividades estean encamiñadas á mellora da calidade de vida das persoas con Síndrome de Down; en especial, as dirixidas á súa integración na vida familiar, escolar, social e laboral. Para o cumprimento deses fins desenvolve diferentes servizos e actividades de atención directa, orientación, asesoramento, información e apoio psicolóxico ás familias, inclusión social, lecer e tempo libre, colaboración con outras entidades e institucións, etc.

I.3. Dentro das referidas actividades estatutarias, a Asociación “Down Vigo” ven desenvolvendo desde hai anos o “Programa ME MUEVO” de autonomía persoal, habilidades sociais e coñecemento do contorno, que ten como obxectivos ampliar a inclusión e normalización das persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual na sociedade, favorecer o desenvolvemento da súa autonomía persoal, incidir no coñecemento do contorno social e potenciar as habilidades e destrezas sociais.

I.4. Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da Asociación “Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down” para a execución do proxecto: “ME MUEVO: AUTONOMÍA PERSOAL, HABILIDADES SOCIAIS E COÑECEMENTO DO ENTORNO” (ANOS 2026-2029).

I.5. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e), 25.2.j) e 26.1.c) da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL)

I.6. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercéndo-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 18 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

as elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.7. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que «non se entenderá como exercicio de novas competencias», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.8. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2026, 2027, 2028 e 2029), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

I.9. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política de Social do ano 2026 existe consignación de crédito na aplicación n.º 2310.480.00.19 – “Asociación Down Vigo, Programa Mówome”, por un importe de 6.500€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As subvencións previstas para os exercicios de 2027, 2028 e 2029 estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“*Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia*”: *Convenio Asociación Down Vigo-Movome*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

I.10. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 19 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación “Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down” para os exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN entre o Concello de Vigo (Concellería de Política Social) e a Asociación “Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down”, CIF nº G-36697324, para a execución do proxecto: “ME MUEVO: AUTONOMÍA PERSOAL, HABILIDADES SOCIAIS E COÑECEMENTO DO ENTORNO” (ANOS 2026-2029)».

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 26.000€, a razón de 6.500€/ano, con cargo, no exercicio de 2026, á aplicación nº 2310.480.00.19 – “Asociación Down Vigo, Programa Mówome” do orzamento vixente. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións (“Liña 1.3. *Persoas enfermas e persoas con dependencias* / 1.7. *Atención ás familias e unidades de convivencia*”: *Convenio Asociación DownVigo-Movome*) no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES).

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E “DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN” PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO: ‘ME MUEVO: AUTONOMÍA PERSOAL, HABILIDADES SOCIAIS E COÑECEMENTO DO ENTORNO’ (ANOS 2026-2029)»

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 20 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Goberno local.

Doutra parte,

D. Francisco Xavier Aparicio Oliván, con DNI n^o 76.906.527-R, Presidente da Asociación “Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down”, CIF n^o G-36697324, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Portela n^o 48 de Vigo (CP 36210).

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá do Concello de Vigo, de acordo coas Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027), na Resolución do 25.09.2025 de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025) e na Resolución do 20.06.2023, de delegacións xenéricas en concelleiros/as de Área de goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO n.º 124, do 28.06.2023; Apdo. Primeiro, j).

D. Francisco Xavier Aparicio Oliván, actuando en representación da Asociación “Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down”, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada ó Exp. n^o 291636/301 (2026), asegurando o comparecente a vixencia do seu cargo e que tales facultades non lle foron revogadas.

A Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a Asociación “Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down” é unha asociación privada sen ánimo de lucro de carácter benéfico-asistencial, con capacidade xurídica e de obrar, constituída formalmente en 1989 co propósito de traballar a favor da integración e normalización das persoas con Síndrome de Down e mellorar a súa calidade de vida.

Figura inscrita, entre outros Rexistros, no Rexistro de Asociacións do Goberno Civil de Pontevedra (n^o 1979), no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma Galega co n^o 1989-1979-1 (PO), no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (n^o 248-92) e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia con data 16.06.1994 (RUEPSS n^o E-153). Foi declarada de utilidade pública polo Ministerio do Interior en febreiro do ano 2000, co n^o 90.183.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 21 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De acordo cos seus Estatutos, a Asociación ten como fin principal a promoción e realización de todas cantas actividades estean encamiñadas á mellora da calidade de vida das persoas con Síndrome de Down; en especial, as dirixidas á súa integración na vida familiar, escolar, social e laboral. Para o cumprimento deses fins desenvolve diferentes servizos e actividades de atención directa, orientación, asesoramento, información e apoio psicolóxico ás familias, inclusión social, lecer e tempo libre, colaboración con outras entidades e institucións, etc.

II.- Que, dentro das referidas actividades estatutarias, a Asociación “Down Vigo” ven desenvolvendo desde hai anos o “Programa ME MUEVO” de autonomía persoal, habilidades sociais e coñecemento do contorno, que ten como obxectivos ampliar a inclusión e normalización das persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual na sociedade, favorecer o desenvolvemento da súa autonomía persoal, incidir no coñecemento do contorno social e potenciar as habilidades e destrezas sociais.

III.- Que a Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade afectadas por discapacidades de tipo psíquico e sensorial que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida e a das súas familias; recursos que constitúen un complemento dos servizos dos que dispón o Concello de Vigo.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como suplemento, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 22 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente para o ano 2026 nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da Asociación “Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down” para a execución do proxecto: “ME MUEVO: AUTONOMÍA PERSOAL, HABILIDADES SOCIAIS E COÑECEMENTO DO ENTORNO” (ANOS 2026-2029)».

SEGUNDA.- Para estes efectos, a Asociación “Down Vigo” comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social no desenvolvemento das diversas actividades incluídas neste Programa e detalladas no proxecto presentado (saídas ó cine, teatro, salas de concertos, pubs, cafeterías, centros comerciais, parques, karaoke, bolera, museos, restaurantes, etc.; percorridos urba-

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 23 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

nos; asistencia a actividades deportivas como espectadores ou usuarios/as...). Estas actividades desenvolveranse durante toda a vixencia do Convenio, de acordo cos obxectivos, previsións e temporalización que figuran na proposta presentada pola Asociación e que constan nos expedientes de referencia.

TERCEIRA.- A Asociación "Down Vigo" comprométese tamén a:

–Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución das actividades, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

–Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

–Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

–Presentar oficialmente toda a documentación relativa ó Convenio a través do Rexistro electrónico municipal, en cumprimento da obriga legal de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas establecida no Art. 14.2.a) da L.39/2015, do 01 de outubro (LPA-CAP).

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación "Down Vigo" unha subvención, para cada un dos exercicios de 2026, 2027, 2028 e 2029, por importe de 6.500€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 26.000€. O gasto de 2026 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.19 – "Asociación Down Vigo, Programa Móvome" dos orzamentos. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2027, 2028 e 2029) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos, á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións ("Liña 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias / 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia") no novo Plan Estratéxico de Subvencións (PES) que substitúa ó vixente PES 2024-2026.

Xustificase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2026, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2027, 2028 e 2029, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán chegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades fi-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 24 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

nanceiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria de actuación. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa. A Memoria deberá incluír necesariamente, entre outros, os datos completos relativos ás persoas usuarias participantes nas actividades executadas en virtude deste Convenio.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2026-2029).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2026 – 2029), condicionado ó cumprimento dos obxectivos, á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios e á inclusión (mantemento) desta liña de subvencións no novo Plan Estratéxico de Subvencións.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 25 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DÉCIMA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da Asociación "Down Vigo" e dous representantes municipais e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2026, 2027, 2028 e 2029) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, datas de emisión e pagamento. Poden incluírse nesta relación as previsións de gastos periódicos ininterrompidos correspondentes ó período 01 de novembro – 31 de decembro de cada exercicio.
2. Nóminas, contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 26 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 27 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 28 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

4(460).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO DE AMBULANCIAS ASISTENCIAIS DURANTE AS CAMPAÑAS DO NADAL 2026-2027 E 2027-2028. EXPTE. 11688/106.

Visto o informe xurídico do 21/05/2026 e o informe de fiscalización do 26/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/04/2026, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Mediante resolución do día 18.02.2025 o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para **contratar por procedemento aberto o servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as Campañas do Nadal 2026-2027 e 2027-2028.**

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- **Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orden de inicio** asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 17.02.2026.
- **Resolución de inicio de expediente de contratación** asinada polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais con data 18.02.2026.
- **Prego de prescricións técnicas particulares** asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 27.03.2026.
- **Declaración de neutralidade** do redactor do prego de prescricións técnicas asinada o día 28.03.2026.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 29 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- **Documentos económicos de retención de crédito** asinados pola dirección superior contable e orzamentación o día 27.03.2026 (operación nº 12026000029240-RC- e 12026000029241-RCFUT).
- **Memoria económica do contrato** asinada polo xefe do Servizo de Comercio con data 22.04.2026 e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 23.04.2026.
- **Memoria xustificativa** do contrato asinada pola xefe do Servizo de Comercio con data 28.03.2026 e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 30.03.2026.
- **Informe do Servizo de Contratación** sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato, asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.04.2026.
- **Prego de cláusulas administrativas particulares** para contratar por procedemento aberto o servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as Campañas do Nadal 2026-2027 e 2027-2028, asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.04.2026.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 22.06.2023, posterior correccións de data 28.06.2024 e 25.09.2025, nos concelleiros de Área. O concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especias mediante resolución de data 18.02.2026, autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 156 e 116 LCSP



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 30 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa, xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa determinación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adjudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto, e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xa incorporado ao expediente, xunto co informe da fiscalización previa que achegará a Intervención Xeral, uniranse ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de **contratar por procedemento aberto o servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as Campañas do Nadal 2026-2027 e 2027-2028** cun orzamento base de licitación sen IVE (porque está excluído de acordo co artigo 20.1.15º da Lei 37/1992 do Imposto sobre o Valor Engadido) de **CENTO SESENTA E SETE MIL SEISCENTOS TRES EUROS E UN CÉNTIMOS (167.603,02 €)**, segundo a seguinte distribución de anualidades:

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 31 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Anualidade	Importe
2026	69.928,85 €
2027	84.424,74 €
2028	13.249,43 €
TOTAL	167.603,02 €

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 27.03.2026, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento, asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.04.2026.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por importe de 69.928,85 € con cargo a aplicación orzamentaria 4310.2279901 “PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL” e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2027 e 2028, na aplicación orzamentaria 4310.2279901 “PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL”, créditos por importe de 84.424,74 € e 13.249,43 €, respectivamente.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(461).- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LICENZAS INFORMÁTICAS NON INVENTARIABLES. EXPTE. 10889/113.

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 28/05/2026, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas informáticas non inventariables (10889-113) (emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas informáticas non inventariables (10889-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de marzo de 2026 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas informáticas non inventariables (10889-113).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 23 de marzo de 2026, rematando o prazo de presentación de ofertas o 10 de abril do mesmo ano.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 14 de abril de 2026, durante o prazo de recepción de ofertas presentaron ofertas os seguintes licitadores:

- SICOM CREATICLAB, SL

Cuarto.- En data 16 de abril de 2026 procedeuse á apertura e cualificación da documentación administrativa pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, que acordou por unanimidade dos/as membros presentes outorgar un prazo de tres días naturais a SICOM CREATICLAB, SL para que puidera emendar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

A mercantil, presentou documentación dentro do prazo concedido e, unha vez cualificada, a Mesa de Contratación en sesión de data 23 de abril de 2026 acordou, por unanimidade dos/as membros presentes *“admitir neste procedemento a SICOM CREATICLAB, SL por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.”*

Quinto.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 23 de abril de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto do subministro de licenzas informáticas non inventariables (10889-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	SICOM CREATICLAB, SL

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 33 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SICOM CREATICLAB, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Lembrar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Sexto.- A resolución de clasificación xunto co requirimento de documentación foi notificada o 23 de abril de 2026 ao licitador clasificado en primeiro lugar, SICOM CREATICLAB, SL, que presentou documentación o 6 de maio. A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 21 de maio, previa comprobación da documentación, concedelle un prazo de 3 días naturais para que puidera emendala.

Dentro do prazo concedido o licitador presentou documentación o 18 de maio.

Sétimo.- A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 28 de maio de 2026, entendeu que SICOM CREATICLAB, SL non cumprimentou adecuadamente o requirimento do artigo 150 LCSP no prazo sinalado por non ter acreditado correctamente a solvencia económica e financeira e técnica e profesional.

Dado que SICOM CREATICLAB, SL é o único licitador admitido neste procedemento, procede propoñer declaralo deserto.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que o único licitador presentado e admitido non cumprimentou adecuadamente o requirimento do artigo 150 LCSP no prazo sinalado, procede declarar deserto este procedemento.

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 34 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Terceiro.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de licenzas informáticas non inventariables (10889-113) por entender, a mesa de contratación, que o único licitador presentado e admitido non atendeu correctamente o requirimento de documentación do artigo 150.2 LCSP.

Segundo.- Publicar este acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(462).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO “PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DE APOIO FAMILIAR E SOCIAL COAS PERSOAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”. EXPTE. 13660/224.

Visto o informe de fiscalización do 28/05/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero” (13660-224) (emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 35 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero” (13660-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de marzo de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero.

Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos o 11 de marzo de 2026.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 11 de febreiro de 2026, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 91.915,32, que inclúe un IVE (10%) de 8.355,94 € para a contratación da xestión do programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2027 e 2028, desglosado do seguinte xeito: 30.638,44 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2026, 45.957,66 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2027, e 15.319,22 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2028.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 30 de abril de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero” (13660-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA	91,25
2	FUNDACIÓN ALDABA	47,75





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA, o día 30 de abril de 2026, que presenta a documentación requirida o 14 de maio, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 21 de maio de 2026, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA para que puidera emendar a documentación relativa aos anexos IV e V do PCAP. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

A documentación presentada, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil, o seu obxecto social e o nomeamento do seu representante.
- A escritura de constitución da licitadora na que figuran os estatutos co seu obxecto social, escritura de primeira ampliación do obxecto social, escritura de segunda ampliación do obxecto social e nomeamento do representante, xunto co seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (32.170,36 €), presentan as contas do ano 2025 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (32.170,36 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2025 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 3.530,15 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 37 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 28 de maio de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 20 e 23 de abril de 2026, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA o procedemento aberto do servizo do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero” (13660-224) por un prezo total do contrato de 77.663,21 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.060,29 euros e coas seguintes condicións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 38 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

- a) *Incrementa a formación en materia de Igualdade especializada en materia de Igualdade de xénero e/ou igualdade de oportunidades (IO) dos recursos humanos adscritos ao programa requiridos na cláusula 2.7 do PPTP en 205 horas.*
- b) *Incrementa a experiencia laboral dos recursos humanos adscritos ao programa requiridos na cláusula 2.7 do PPTP en 19 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(463).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL PARA ESCOLARES "VISITA O TEU CONCELLO". EXPTE. 99669/332.

Visto o informe de fiscalización do 28/05/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu concello" (99669-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu concello" (99669-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de abril de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 39 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares “Visita o teu Concello”.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 09/03/2026, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 16/03/2026 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares “Visita o teu Concello”.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 80.000,00 euros (66.115,70 euros máis 13.884,30 euros en concepto de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares “Visita o teu Concello”, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9909 (Programas educativos), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, do xeito seguinte:

- 8.000,00 euros correspondentes ao ano 2026;
- 20.000,00 euros correspondentes ao ano 2027;
- 20.000,00 euros correspondentes ao ano 2028;
- 20.000,00 euros correspondentes ao ano 2029;
- e 12.000,00 euros correspondentes ao ano 2030.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 14 de maio de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da non admisión de ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, SL acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 30 de abril de 2026, por ter presentado a documentación completa contida nos sobres A, B e C deste procedemento no Rexistro Xeral do Concello de Vigo sen encriptar, seguindo a cláusula 13.7 do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares “Visita o teu concello” (99669-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL	99,00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 40 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, o día 14 de maio de 2026, que presenta a documentación requirida o día 20 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e o obxecto social xunto co nomeamento do seu representante.
- A escritura de constitución da licitadora, cos estatutos onde figura o obxecto social, e escritura de ampliación do obxecto social xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (14.000,00 €), presentan declaración e as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (14.000,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Retención no prezo do contrato do importe da garantía (3.305,75 €)

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 28 de maio de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 41 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de data 5 de maio de 2026 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 14 do mesmo mes, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares “Visita o teu concello” (99669-332) por un prezo total do contrato de 80.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.884,92 euros e coas seguintes condicións:

- a) *A porcentaxe de redución do prezo unitario previsto no apartado 3.1 (Prezo visita didáctica ao Concello) é do 1,25 % .*
- b) *Comprométese a desenvolver 10 visitas didácticas guiadas en lingua minglesa, a maiores das 50 visitas s guiadas mínimas previstas no apartado 4.1.2. do PPT.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 42 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(464).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "NOITES DE ZARZUELA". EXPTE. 10631/335.

Visto o informe de fiscalización do 29/05/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 28/05/2026, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística "Noites de Zarzuela" (10631-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 8 de maio de 2026, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo de "NOITES DE ZARZUELA" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 21/04/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 22/04/2026.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 69.297,56 euros, sendo o valor estimado do contrato de 57.270,71 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- O 11 de maio de 2026 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 43 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- O 18 de maio de 2026 PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 19 de maio de 2026, reuníronse a xefa do servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "*dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma*".

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración.*"

Quinto.- Con data do 22 de maio de 2026 o concelleiro da área de goberno de Fomento, Servizos e Deportes, en virtude de delegación da Alcaldía de 15 de maio de 2026, adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística "Noites de Zarzuela" (10631-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUÍN, SL

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUÍN, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación:

- *Para a acreditación da solvencia económica e financeira, deberá achegar, tal e como establece a cláusula 9.1.3 do PCAP, "as contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 44 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

estar inscrito” xa que aínda que no sobre A aportaron documentación ao respecto, esta non é o medio de acreditación da solvencia económica esixido no PCAP.”

Sexto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUÍN, SL, o día 22 de maio de 2026, que presenta a documentación requirida o día 25 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Sétimo.- Con data 28 maio de 2026 reúnense a xefa do servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxecto e revisada a documentación presentada pola licitadora comprobando que é correcta. Asemade, compróbase que figuran no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, ca Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como ca Seguridade Social. En vista do anterior procede formular proposta de adxudicación ao abeiro do previsto na cláusula 18.2 do PCAP.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUÍN, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión ás actas do 19 e 28 de maio de 2026 de apertura dos sobres A e B e de comprobación da documentación para a adxudicación deste procedemento, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 45 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Aadxudicar a PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUÍN, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística "Noites de Zarzuela" (10631-335) por un prezo total de 69.297,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.026,85 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(465).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL POLA ORGANIZACIÓN DA COPA VIGO DE FÚTBOL 2026. EXPTE. 25726/333.

Visto o informe xurídico do 22/05/2026 e o informe de fiscalización do 01/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/04/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 07.04.26, Pablo Javier Prieto Perille, en n/r da entidade FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención por importe de 6.000,00 € para a organización na cidade de Vigo da Copa Vigo de Fútbol.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 6.000,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento equilibrado de ingresos-gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Certificado titularidade conta bancaria.
- CIF da entidade, DNI do representante legal e estatutos da entidade.
- Certificado de composición da Xunta directiva.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 46 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso, o desenvolvemento na cidade da Copa Vigo de Fútbol ten unha transcendencia moi relevante no ámbito do fútbol galego.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a fomentar o deporte de alto nivel.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións, ou coa propia dinámica competitiva.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acollidora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística nun estrato de poboación moi concreto, creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio e espectáculo deportivo, colaborando no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, entre outras cuestións.

Segundo.- **O** carácter excepcional da subvención.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 47 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade do proxecto. Esta subvención, ademais, consta nominativamente na aplicación orzamentaria 3410.4800012 no orzamento da Concellería de deportes do ano 2026.

Terceiro.- O interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de máximo nivel de participación na cidade de Vigo, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e un relevante nivel deportivo da competición, coa participación dos e das mellores equipos da modalidade no ámbito de Vigo.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos da cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva, o que supón un gran valor de carácter público e social.

Estes datos identifican claramente a envergadura do proxecto, cunha repercusión importante e coa presenza dos e das mellores deportistas non profesionais da modalidade.

Esta competición serve de escaparate para a cidade, promovendo obxectivos en liña cos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade do deporte”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
 - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
 - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
 - Dinamización de propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.
 - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigoeses mais mozos.
 - Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
 - Participación en grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigoeses e as deportistas vigoesas.
 - Consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que este proxecto deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, a proposta de subvención consta nominativamente no orzamento da Concellería de deportes do ano 2024, polo que consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizárase a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 48 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

través dunha resolución que se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 6.000,00€ á entidade Federación Galega de Fútbol (CIF G15055890) pola organización da Copa Vigo de Fútbol 2026 a través dun convenio, cuxas condicións, anexas no presente expediente, se someten a aprobación.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 6.000,00€ para subvencionar á Federación Galega de Fútbol (CIF G15055890) polo desenvolvemento do proxecto deportivo Copa Vigo de Fútbol, segundo resulta da documentación do expediente nº 25726-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4800012 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO "COOPA VIGO DE FÚTBOL 2026" (Expte. 25726-333).

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, na súa calidade de segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

Doutra, Pablo Javier Prieto Perille como presidente da entidade Real Federación Galega de Fútbol CIF: (CIF G15055890) e enderezo social en Juan de Ciorraga Nº 1-3, C.P.: 15008, A Coruña, e na representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente núm. 25726-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 49 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I.- O obxecto deste convenio é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento do proxecto de organización do proxecto deportivo Copa Vigo de Fútbol 2026.

A Real Federación Galega de Fútbol propón a celebración na cidade de Vigo da Copa Vigo de Fútbol, unha importante competición que converterá á cidade de Vigo, durante a súa celebración, no centro de atención do fútbol na cidade.

II.- Que a entidade Real Federación Galega de Fútbol organizará, a Copa Vigo de Fútbol na cidade de Vigo, de gran e espectacularidade e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.- Que esta entidade se atopa en condicións de organizar a presente edición da Copa Vigo de Fútbol na cidade de Vigo conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, presentados pola entidade organizadora.

IV.- O Concello de Vigo está a potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións de deporte de alto nivel na cidade. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores.

V.- Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

VI.- Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

VII.- Que o carácter deportivo se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.1 e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VIII.- Que a Real Federación Galega de fútbol non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 25726-333.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita a celebración da Copa Vigo de Fútbol o CONCELLO e a Real Federación Galega de Fútbol conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Real Federación Galega de Fútbol comprométese a organizar a Copa Vigo de Fútbol na Cidade de Vigo asumindo a responsabilidade única na organización e garantindo os



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 50 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

medios materiais e humanos necesarios para tal fin e cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto. As súas responsabilidades incluírán:

1º.- Organizar a Copa Vigo de Fútbol achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo deste expediente e asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

2º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

4º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo.

5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

6º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

7º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

8º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

9º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación da subvención.

10º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da Copa Vigo de Fútbol (revista, web, etc).

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 51 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2º.- Conceder directamente á Real Federación Galega de Fútbol unha subvención por importe de 6.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800012 do orzamento en vigor e a súa bolsa de vinculación mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas coa organización do evento deportivo Copa Vigo de Fútbol. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro de 2026.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Tendo en conta a vixencia do convenio, a entidade deberá presentar a documentación para a xustificación no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2026. O pagamento do importe da subvención realizarase, por transferencia bancaria, á conta corrente facilitada pola entidade Real Federación Galega de Fútbol da que é titular.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducen na execución da actividade subvencionada as ac-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 52 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

tuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Oitavo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2026 para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria Real Federación Galega de Fútbol está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apar-

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 53 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

tado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaráse en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Noveno.- No caso de que a Real Federación Galega de Fútbol se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo Copa Vigo de Fútbol.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención para cada unha das anualidades e a axeitada xustificación de cada unha delas, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 54 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

Décimo sétimo.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo noveno - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Vixésimo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 55 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Vixésimo primeiro.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

10(466).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO POLA PARTICIPACIÓN E ORGANIZACIÓN DE FASES FINAIS DE CAMPIONATOS DE ESPAÑA DE DEPORTE FEDERADO EN CATEGORÍAS DE FORMACIÓN. EXPTE. 25741/333.

Visto o informe xurídico do 06/05/2026 e o informe de fiscalización do 27/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/04/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1. INTRODUCCIÓN

A actividade deportiva en Vigo, ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, e de forma xeral, en un número moi importante de disciplinas deportivas.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos, entre outros, con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través da participación de deportistas en categorías de formación da cidade de Vigo nas fases finais dos campionatos de España nas diferentes modalidades.

A proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo entre outras cuestións, en liña co establecido no dito plan, a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acollidora de eventos deportivos como ferra-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 56 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

menta de apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística, crear un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio, apoiar o desenvolvemento de eventos e programas deportivos na cidade de Vigo, fomentar o desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, contribuír á promoción da cidade de Vigo, etc.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

2. FUNDAMENTOS

Os obxectivos xerais da convocatoria responde ó interese por impulsar e apoiar a participación das entidades da cidade nas fases finais dos campionatos de España de deporte Federado nas diferentes categorías, potenciando sinerxías no ámbito social e deportivo, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola actividade deportiva.
- A procura do impulso de proxectos de interese para a cidadanía.
- O impulso do compromiso da sociedade cos valores do deporte.
- A Colaboración co tecido asociativo deportivo da nosa cidade.
- A dinamización do deporte a través de proxectos de deporte do máximo nivel.
- O financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas para a participación das entidades da cidade nas fases finais dos campionatos de España de deporte Federado nas diferentes categorías, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2026 consignan o crédito suficiente que o Concello de Vigo a través da Concillería de Deportes pretende destinar á actuación de subvencionar os gastos extraordinarios que supón a participación das entidades da cidade nas fases finais dos campionatos de España de deporte Federado nas diferentes categorías:

- Liña 1: Desprazamentos para a participación en Fases Finais de Ctos. de España na partida orzamentaria 3410.480.00.18 “convocatoria de subvencións gastos de desprazamentos a competicións”, un crédito por un importe total de 30.000,00€ (Trinta mil euros).
- Liña 2: Organización de Fases Finais de Ctos. de España na Cidade de Vigo na partida orzamentaria 3410.489.00.01 “convocatoria de subvencións a eventos deportivos”, un crédito por un importe total de 20.000,00€ (Vinte mil euros).

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 57 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades deportivas obxecto da convocatoria e a súa condición de ser entidades sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tal e como establecen as bases, e conforme coa Lei 39/2015 de PAC, trátase dun procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos.

O desenvolvemento desta convocatoria considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven tanto na na cidade de Vigo como fora dela, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

Os antecedentes que obran no servizo de deportes identifican claramente a repercusión e o retorno para a cidade de Vigo no plano social, económico e de promoción.

A participación neste tipo de competicións, ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecen a oportunidade de mostrar a capacidade deportiva de Vigo, o que promoverá obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

O desenvolvemento desta proposta considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 58 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

proposta de tramitación dunha convocatoria de subvencións orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

3. PROPOSTA

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro pola participación e organización das fases finais dos campionatos de España de deporte Federado nas diferentes categorías de formación.

SEGUNDO: Autorizar o gasto por un importe máximo de 50.000,00€ (Cincuenta mil euros) con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do orzamento da Concellería de deportes do ano 2026.

- Liña 1: Desprazamentos para a participación en Ctos. de España na partida orzamentaria 3410.480.00.18 “convocatoria de subvencións gastos de desprazamentos a competicións”, un crédito por un importe total de 30.000,00€ (Trinta mil euros).
- Liña 2: Organización de Ctos. de España na Cidade de Vigo na partida orzamentaria 3410.489.00.01 “convocatoria de subvencións a eventos deportivos”, un crédito por un importe total de 20.000,00€ (Vinte mil euros).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Bases específicas para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo pola participación e organización de Fases Finais de campionatos de España en categorías de formación.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas pola participación e organización de Fases Finais de campionatos de España de deporte Federado en categorías de formación, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2026 contemplan as seguintes aplicacións orzamentarias:

- Liña 1: Desprazamentos para a participación en Ctos. de España na partida orzamentaria 3410.480.00.18 “convocatoria de subvencións gastos de desprazamentos a competicións”, un crédito por un importe total de 30.000,00€ (Trinta mil euros).

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 59 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Liña 2: Organización de Ctos. de España na Cidade de Vigo na partida orzamentaria 3410.489.00.01 “convocatoria de subvencións a eventos deportivos”, un crédito por un importe total de 20.000,00€ (Vinte mil euros).

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións ás que se refiren as presentes bases é contribuír a fomentar a participación de entidades deportivas sen ánimo de lucro da cidade de Vigo en fases finais dos campionatos de España de deporte federado en categorías de formación celebradas entre o 1 de xaneiro e o 15 de xullo de 2026 (Datas de inicio das competicións).

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

- Para competicións celebradas na cidade de Vigo:
 - Canon ou cota federativa.
 - Gastos Federativos e arbitaxes.
 - Gastos en concepto de ambulancia e médicos para a competición.
- Para competicións celebradas fora da cidade de Vigo:
 - Transporte.
 - Aloxamento.
 - Manutención.
 - Canon ou cota federativa.
 - Gastos Federativos e arbitaxes.

As subvencións teñen un carácter único entendéndose que o total da subvención é polos gastos xerados pola participación e/ou organización en fases finais de campionatos de España de deporte federado en categorías de formación.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O crédito máximo destinado a estas subvencións será de 50.000,00€ (Cincuenta mil euros) que se fará efectivo con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do servizo de deportes.

- Liña 1: Desprazamentos para a participación en Ctos. de España na partida orzamentaria 3410.480.00.18 “convocatoria de subvencións gastos de desprazamentos a competicións”, un crédito por un importe total de 30.000,00€ (Trinta mil euros).
- Liña 2: Organización de Ctos. de España na Cidade de Vigo na partida orzamentaria 3410.489.00.01 “convocatoria de subvencións a eventos deportivos”, un crédito por un importe total de 20.000,00€ (Vinte mil euros).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 60 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, aínda que serán incompatibles coas subvencións ou axudas tramitadas no Concello de Vigo en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria e/ou xa Subvencionado polo Concello de Vigo.

2.- As beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas:

Os clubs deportivos con sede social na cidade de Vigo que participen ou organicen campiónatos de España de deporte federado en categorías de formación, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, estean integradas na federación deportiva correspondente e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Causas de exclusión:

2.1.-Quedan excluídos os seguintes tipos de entidades:

- As Entidades con ánimo de lucro.
- Os clubs e entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais, clubs profesionais, Administracións Públicas, centros escolares, Universidades e Fundacións.
- As entidades que reciban subvencións ou axudas do Concello de Vigo en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria.

2.2.- Quedarán excluídas as competicións de deporte non Federado.

3.- As entidades solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 61 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.

SEXTA.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

Serán obrigas das entidades beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.
- Xustificar axeitadamente o cumprimento das obrigas incluídas nas bases da convocatoria.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada no caso de que a resolución da subvención se produza antes da competición.

SÉTIMA.- LIÑAS DE SUBVENCIÓN E CRITERIOS DE BAREMACIÓN PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

1.- Liñas de subvención:

1.1.- Liña 1: Participación en fases finais de Ctos de España fora da cidade de Vigo:

Criterios de inclusión:

- A sede da competición debe estar fóra da Comunidade de Galicia.
- Os deportistas deben ser de categorías de formación de deporte Federado.
- A competición obxecto da solicitude de subvención deberá decidir os/as campións/campioas de España da modalidade.
- A competición debe ser considerada pola Federación Española da modalidade como "Campionato de España".
- O dereito de participación na competición debe vir precedido dunha clasificación previa ou a posición no ranking da modalidade que dea acceso á participación na competición subvencionada.
- Para ser subvencionable, o volume de deportistas desprazados (non técnicos nin auxiliares) por motivo da súa clasificación deberá ser como mínimo de 8 que participen na mesma competición aínda que sexa en categorías diferentes.

1.2.- Liña 2: Organización de fases finais de Ctos de España na cidade de Vigo: Criterios de inclusión:

- A competición estará destinada a categorías de formación de deporte Federado.
- A competición obxecto da solicitude de subvención será única e deberá decidir o/os/as campións/campioas de España da modalidade.
- A competición debe ser considerada pola Federación Española da modalidade como "Campionato de España".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 62 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

- O dereito de participación na competición debe vir precedido dunha clasificación previa ou a posición no ranking da modalidade que dea acceso á participación na competición subvencionada.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS E LÍMITES.

1.- O importe destinado a estas subvencións distribuirase entre entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior. Se o crédito dispoñible fora insuficiente, os importes das subvencións reduciranse proporcionalmente ata axustalo ó mesmo en cada unha das liñas de subvención.

2.- Límites:

2.1.- Unha entidade poderá presentar na mesma solicitude ata un máximo de dous proxectos a subvencionar nos que participe e/ou organice.

2.2.- Importe máximo da subvención: En ningún caso superará os 5.000,00€ por competición no ámbito da convocatoria, reducíndose a este máximo en calquera dos casos.

2.3.- O importe máximo das subvencións por cada competición será:

Liña 1: Participación en Fases finais de Ctos. de España fora da cidade de Vigo	5.000,00€ por competición
Liña 2: Organización de Fases finais de Ctos. de España na cidade de Vigo	

2.4.- O límite máximo a subvencionar será o 80% do total do orzamento de gastos do proxecto ata os límites dos apartados 2.2 e 2.3.

No caso no que o importe total da convocatoria sexa insuficiente tras a valoración das solicitudes admitidas no procedemento, realizarase unha redución proporcional dos importes das subvencións inicialmente propostas para cada unha das entidades beneficiarias.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 63 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente nos formularios tipo cumprimentadas e asinadas electronicamente polo representante legal da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org).

Todas as solicitudes, así coma as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que rematen os prazos outorgados para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

1. Anexo I.1: Instancia de solicitude.
2. Anexo I.2: Orzamento equilibrado de Ingresos e de gastos do proxecto
3. Anexo I.3: Declaración responsable.
4. Anexo I.4: Certificado Fed. Española da modalidade.
5. Proxecto completo de actividade.
6. Acreditación da composición da actual xunta directiva.
7. Documento que acredite que a entidade carece de lucro.
8. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria.
9. Copia do CIF da entidade solicitante.
10. Certificados de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e a AEAT.

3.- De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultarase o estado de débedas das entidades co Concello de Vigo. No caso de que as entidades interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo e achegar o documento.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a entidade solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou emende a mesma no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da rece-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 64 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

pción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Publicidade do financiamento público. As beneficiarias das subvencións deberán empregarlo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, un técnico do servizo de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instructor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 65 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

O prazo máximo para la resolución da convocatoria será de nove meses (art. 23.4 Lei subvencións de Galicia) a contar dende ao día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Cumprido o prazo de resolución sen que se haxa e notificado a resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de concesión da subvención.

A resolución notificarase electronicamente ás entidades solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As entidades beneficiarias deberán confirmar de forma expresa, no prazo de 10 días dende a recepción da notificación de resolución, a aceptación ou renuncia á subvención. No caso de non realizar dito trámite, a solicitude arquivarase de forma definitiva ao entenderse que o beneficiario renuncia á subvención.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.-As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos:

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)

- O recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á da notificación, se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 66 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

As entidades beneficiarias non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 1 de novembro de 2026 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local. “Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan”.

2.- Ao efecto de xustifica-la subvención as entidades beneficiarias deberán achegar electronicamente **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

- Anexo II.1. Relación de facturas ou documentos presentados como xustificación.
- Anexo II.2. Declaración responsable
- Anexo II.3. Balance de ingresos-gastos.
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento da competición subvencionada, cuns contidos mínimos no aspecto deportivo (Incluíranse os datos referentes á competición, os resultados e clasificación final da competición, material gráfico,...).
- Xustificantes admitidos acreditativos dos gastos subvencionados vinculados ó proxecto:
 - Facturas e documentos que acrediten o gasto:
 - No caso de competicións celebradas na cidade de Vigo: Canon ou cota federativa, gastos federativos e arbitaxes, gastos en concepto de ambulancia e médicos para a competición.
 - No caso de competicións celebradas na cidade de Vigo: Transporte, aloxamento, manutención, Canon ou cota federativa, gastos federativos e arbitaxes
 - As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Ademais, as facturas deberán detallar no concepto o obxecto de forma clara, que permita asocialas ó obxecto da subvención.
- Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se declare no anexo II.2 no seu momento que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 67 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.
 - Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente. A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos exixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.
 - Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, etc.) emitidos polas Federaciones que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.
- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

2.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art. 31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIONS E SANCIONS.

1. Perda do dereito ao cobro:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 68 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

- Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN.

A resolución ou acordo de concesión poderá modificarse, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución dos procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 69 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RYPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2026, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 70 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

ANEXOS

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE			
SUBVENCIONS CAMPIONATOS DE ESPAÑA			
Entidade			CIF:
Modalidade:			
Enderezo	Localidade:	CP:	
Tif. 1	Tif.2		
E-Mail a efectos de notificación			
E na súa representación, co cargo de Presidente/a:			
Apelidos:	Nome:	DNI:	
Tif 1:			

SOLICITA,

da Concillería de Deportes do Concello de Vigo, unha subvención con cargo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas **polo participación e/ou organización de Campionatos de España.**

NOME COMPETICIÓN 1:			
LIÑA SUBVENCIÓN:	LIÑA 1	LIÑA 2	
IMPORTE SOLICITADO			€

NOME COMPETICIÓN 2:			
LIÑA SUBVENCIÓN:	LIÑA 1	LIÑA 2	
IMPORTE SOLICITADO			€

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

1. Anexo I.1: Instancia de solicitude.
2. Anexo I.2: Orzamento equilibrado de Ingresos e de gastos do proxecto
3. Anexo I.3: Declaración responsable.
4. Anexo I.4: Certificado Fed. Española da modalidade.
5. Proxecto completo de actividade.
6. Acreditación da composición da actual xunta directiva.
7. Documento que acredite que a entidade carece de lucro.
8. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria.
9. Copia do CIF da entidade solicitante.
10. Certificados de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e a AEAT.

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, enténdese outorgado o consentimento para a consulta dos datos relativos as obrigas tributarias coa AEAT, e dos pagos coa Seguridade Social. No caso de non outorgar o consentimento deberá marcar o seguinte cadro:

En consecuencia achego certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT, e dos pagos coa Seguridade Social.

Esta entidade reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia. A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable. A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria. O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento. Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outro dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ASINO, baixo a miña expresa responsabilidade, que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

Sinatura dixital

Vigo, na data da sinatura dixital

Sr. CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 71 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

COMPETICIÓN 1: ANEXO I.2.-ORZAMENTO EQUILIBRADO DE INGRESOS E GASTOS

NOME DA COMPETICIÓN 1	
Presidente/a da entidade	CIF.

Certifica que o orzamento de ingresos e de gastos previsto para o proxecto obxecto da solicitude é:

CONCEPTO INGRESOS	IMPORTE
Ingresos patrocinadores/as Privados	€
Subvención Concello de Vigo (Debe coincidir co importe da subvención solicitada ó Concello de Vigo detallada no Anexo I.1)	€
Fundación Deporte Galego	€
Deputación de Pontevedra	€
Outras subvencións do Concello de Vigo	€
Ingresos Propios	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL INGRESOS* (Debe coincidir co importe do total de gastos)	€

CONCEPTO GASTOS	IMPORTE
Canon e/Cota Federativa	€
Transporte	€
Aloxamento	€
Arbitraxes	€
Ambulancia e médicos para a competición.	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS* (Debe coincidir co importe do total de ingresos)	€

Vigo, na data da sinatura dixital

Sinatura dixital

*Os totais de ingresos e gastos deben coincidir.

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexitimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A **finalidade** do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria.

O **prazo de conservación** dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os **datos** poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As **persoas interesadas** poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O **órgano responsable do ficheiro** (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 72 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

COMPETICIÓN 2: ANEXO I.2.-ORZAMENTO EQUILIBRADO DE INGRESOS E GASTOS

NOME DA COMPETICIÓN 2	
Presidente/a da entidade	CIF.

Certifica que o orzamento de ingresos e de gastos previsto para o proxecto obxecto da solicitude é:

CONCEPTO INGRESOS	IMPORTE
Ingresos patrocinadores/as Privados	€
Subvención Concello de Vigo (Debe coincidir co importe da subvención solicitada ó Concello de Vigo detallada no Anexo I.1)	€
Fundación Deporte Galego	€
Deputación de Pontevedra	€
Outras subvencións do Concello de Vigo	€
Ingresos Propios	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL INGRESOS* (Debe coincidir co importe do total de gastos)	€

CONCEPTO GASTOS	IMPORTE
Canon e/Cota Federativa	€
Transporte	€
Aloxamento	€
Arbitraxes	€
Gastos en concepto de ambulancia e médicos para a competición.	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS* (Debe coincidir co importe do total de ingresos)	€

Vigo, na data da sinatura dixital

Sinatura dixital

***Os totais de ingresos e gastos deben coincidir.**

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 73 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO I.3.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome e apelidos		DNI.	
Presidente/a da entidade deportiva		CIF	

Declara,

- Que esta entidade deportiva solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións para o evento obxecto da solicitude:

COMPETICIÓN 1		
Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
Concello de Vigo (Importe solicitado no anexo I.1).	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

COMPETICIÓN 2		
Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
Concello de Vigo (Importe solicitado no anexo I.1).	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

- Que esta entidade deportiva non está incurso en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que segundo consta na acta nº da sesión da xunta directiva celebrada na data, Nome e apelidos con DNI:, figura co cargo de Presidente/a/representante, o que lle outorga, segundo os Estatutos da entidade, a representación legal da entidade.
- Que o **Nº de conta actual da entidade** na que solicita se faga o ingreso da subvención é:

Nº IBAN	ENTIDADE	SUCURSAL	DC	NÚMERO DE CONTA

Vigo, na data da sinatura dixital

Sinatura dixital

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A **finalidade** do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria.

O **prazo de conservación** dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os **datos** poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As **persoas interesadas** poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O **órgano responsable do ficheiro** (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 74 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

ANEXO I.4.CERTIFICADO FEDERACIÓN ESPAÑOLA

A CUMPRIMENTAR POLA FEDERACIÓN ESPAÑOLA

Apellidos y nombre		DNI	
Con cargo de			
Con capacidad de representación de la Federación Española de			
CERTIFICA QUE son ciertos los datos que a continuación se detallan:			

La entidad		CIF	
------------	--	-----	--

1. Participó o obtuvo el derecho a participar en las competiciones que a continuación se detallan según los datos que se especifican, y además:

- Que la clasificación final de las competiciones objeto de este certificado decide el título de campeón/campeona de España.

2. Datos de las competiciones: Obligatorio cumplimentar todos los apartados.

Nome oficial da competición 1	
Modalidad	
Categoría de ls participantes	
Nº de deportistas clasificados de la entidad participantes en la competición	
Fecha de inicio y fin de la competición	
Ciudad de celebración	
Comunidad autónoma celebración	

Nome oficial da competición 2	
Modalidad	
Categoría de ls participantes	
Nº de deportistas clasificados de la entidad participantes en la competición	
Fecha de inicio y fin de la competición	
Ciudad de celebración	
Comunidad autónoma celebración	

En la fecha de la firma digital

Firma digital

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexitimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 75 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO II.1.- RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-				
Entidade		CIF		
Enderezo		Localidade	C.P.	
Tef.		E-Mail		

Subvención concedida polo Concello de Vigo		€		
Importe xustificado	Base Imponible	€	IVE	€

Relación de facturas para a xustificación da/s subvención/s (No mesmo orden no que se presentan):

NOME DA COMPETICIÓN 2:					
Nº da factura	Data exped. factura	CIF proveedor	Concepto do gasto	*Base imponible	* IVE
				€	€
				€	€
				€	€
				€	€
				€	€
TOTAL				€	€

NOME DA COMPETICIÓN 2:					
Nº da factura	Data exped. factura	CIF proveedor	Concepto do gasto	*Base imponible	* IVE
				€	€
				€	€
				€	€
				€	€
				€	€
TOTAL				€	€

Tal como se reflexa no Art. 16.2.c.2º da normativa reguladora desta subvención, terase en conta como importe xustificativo a Base Imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se certifique no anexo II.2 que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

D. _____ DNI _____ presidente/a da entidade CIF: _____ certifica que as facturas que se detallan na conta xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de _____ € de base imponible, e _____ € correspondente ó IVE dos devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados directamente coa actividade subvencionada pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Vigo, na data da sinatura dixital

Sinatura dixital

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia. A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable. A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria. O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento. Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 76 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE			
D/Dna.		DNI:	
Presidente/a da Entidade		CIF:	

DECLARA:

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que a/as actividade/s deportiva/s subvencionada/s realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de:
 - COMPETICIÓN 1:€ (CAMPO OBRIGATORIO. DEBE COINCIDIR CO IMPORTE TOTAL DE GASTOS DETALLADO NO ANEXO II.3)
 - COMPETICIÓN 2:€ (CAMPO OBRIGATORIO. DEBE COINCIDIR CO IMPORTE TOTAL DE GASTOS DETALLADO NO ANEXO II.3)
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar a situación de débedas da entidade coa AEAT, coa TGSS e co Concello de Vigo.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo. **De non ser así**, marcar:
- Que esta entidade deportiva ten solicitadas e/ou concedidas as seguintes subvencións para o desenvolvemento do mesmo proxecto de actividade subvencionado polo Concello de Vigo:

COMPETICIÓN 1: Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Imp. solicitado	Imp. concedido
CONCELLO DE VIGO	€	€
	€	€
	€	€

COMPETICIÓN 2: Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Imp. solicitado	Imp. concedido
CONCELLO DE VIGO	€	€
	€	€
	€	€

Vigo, na data da sinatura dixital

Sinatura dixital

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia. A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable. A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria. O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento. Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 77 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO II.3.-BALANCE DE INGRESOS E GASTOS			
D/Dna.		DNI:	
Presidente/a da Entidade		CIF:	

Certifica que son certos os datos detallados a continuación:

1. COMPETICIÓN 1:

NOME COMPETICIÓN 1			
CONCEPTO INGRESOS	IMPORTE	CONCEPTO GASTOS	IMPORTE
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
TOTAL INGRESOS	€	TOTAL GASTOS	€

2. COMPETICIÓN 2:

NOME COMPETICIÓN 2			
CONCEPTO INGRESOS	IMPORTE	CONCEPTO GASTOS	IMPORTE
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
	€		€
TOTAL INGRESOS	€	TOTAL GASTOS	€

Vigo, na data da sinatura dixital

Sinatura dixital

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2023/2024.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 78 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dgd.vigo@vigo.org.

ANEXO III.1.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS POLA PARTICIPACION E ORGANIZACION DE "CTOS. DE ESPAÑA EN CATEGORIAS DE FORMACION"

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións ás que se refiren as presentes bases é contribuir a fomentar a participación de entidades deportivas sen ánimo de lucro da cidade de Vigo en fases finais dos campionatos de España de deporte federado en categorías de formación celebradas entre o 1 de xaneiro e o 15 de xullo de 2026 (Datas de inicio das competicións).

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O crédito máximo destinado a estas subvencións será de 75.000,00€ (Setenta e cinco mil euros) que se fará efectivo con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do servizo de deportes.

- Liña 1: Desprazamentos para a participación en Fases finais Ctos. de España na partida orzamentaria 3410.480.00.18 "convocatoria de subvencións gastos de desprazamentos a competicións", un crédito por un importe total de 30.000,00€ (Trinta mil euros).
- Liña 2: Organización de Fases finais de Ctos. de España na Cidade de Vigo na partida orzamentaria 3410.489.00.01 "convocatoria de subvencións a eventos deportivos", un crédito por un importe total de 20.000,00€ (Vinte mil euros).

TERCEIRA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas:

Os clubs deportivos con sede social na cidade de Vigo que participen ou organicen campionatos de España de deporte federado en categorías de formación, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, estean integradas na federación deportiva correspondente e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Causas de exclusión:

2.1.-Quedan excluídos os seguintes tipos de entidades:

- As Entidades con ánimo de lucro.
- Os clubs e entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais, clubs profesionais, Administracións Públicas, centros escolares, Universidades e Fundacións.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 79 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- As entidades que reciban subvencións ou axudas do Concello de Vigo en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria.

2.2.- Quedarán excluídas as competicións de deporte non Federado.

3.- As entidades solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4.- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.

CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, un técnico do servizo de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local conxuntamente á avaliación realizada. A proposta incluirá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 80 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 1 de novembro de 2026 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

NOVENA.- PAGO.

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

ANEXO III.3.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data de 2026, polo que se aproba a convocatoria de subvencións pola participación e organización de Ctos. de España en categorías de formación

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

contribuír a fomentar a participación de entidades deportivas sen ánimo de lucro da cidade de Vigo en fases finais dos campionatos de España de deporte federado en categorías de formación celebradas entre o 1 de xaneiro e o 15 de xullo de 2026 (Datas de inicio das competicións).

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O crédito máximo destinado a estas subvencións será de 50.000,00€ (Cincuenta mil euros) que se fará efectivo con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do servizo de deportes.

- Liña 1: Desprazamentos para a participación en Fases finais Ctos. de España na partida orzamentaria 3410.480.00.18 “convocatoria de subvencións gastos de desprazamentos a competicións”, un crédito por un importe total de 30.000,00€ (Trinta mil euros).
- Liña 2: Organización de Fases finais de Ctos. de España na Cidade de Vigo na partida orzamentaria 3410.489.00.01 “convocatoria de subvencións a eventos deportivos”, un crédito por un importe total de 20.000,00€ (Vinte mil euros).

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

Os clubs deportivos con sede social na cidade de Vigo que participen ou organicen campionatos de España de deporte federado en categorías de formación, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, estean integradas na federación deportiva correspondente e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 81 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 1 de novembro de 2026 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

11(468) SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA O ANO 2026. EXPTE. 99927/332.

Visto o informe de fiscalización do 29/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 08/05/2026, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FO-ANPAS) achegou con data de **30 de abril de 2026 a través do Rexistro electrónico do Concello (Código Solicitud W1476947-650 e n.º de doc. 260107434)** unha solicitude para proceder á tramitación do convenio 2026 entre o Concello de Vigo e a FOANPA, para coadxugar o financiamento dos seus gastos de funcionamento e xestión, contribuír ao financiamento da realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPAs dos centros públicos de ensino infantil e primario pertencentes a esta Federación no ano 2026.

A esta solicitude achégase a seguinte documentación:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 82 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

- Estatutos Foanpas.
- Tarxeta de Identificación Fiscal.
- Anexo I de realización de Actividades Extraescolares e Taller Matinal.
- Anexo II co informe e memoria económica.
- Declaración xurada de que FOANPAS é unha entidade sen ánimo de lucro.
- Declaración xurada onde a presidenta declara que ten capacidade xurídica para contratar coa Administración Pública (Concello de Vigo) e que non ten ningunha incompatibilidade para contratar segundo a Lei 30/2007 de 30 de Outubro.
- Declaración da presidenta de que FOANPAS non está incurso en ningunha prohibición para ser beneficiaria das subvencións pola Lei galega 9/2007 de subvencións de Galicia, do 13 de xuño.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) expedido en data 16/04/2026.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 16/04/2026.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 16/04/2026.
- Declaración xurada da presidenta de que FOANPAS non ten débedas coa Consellería de Facenda, Axencia Tributaria de Facenda, Tesorería da Seguridade Social e o Concello de Vigo.
- Certificado da conta bancaria de FOANPAS.
- Declaración da presidenta de FOANPAS xustificando as axudas e subvencións solicitadas e/ou concedidas neste ano 2026.
- Certificado do Concello de Vigo co número de rexistro de FOANPAS no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Certificado do Secretario da Federación coa relación dos membros da Xunta Directiva aprobados en asemblea.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas(LPAC).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS).

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 83 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e regulamento de desenvolvemento.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Bases de execución do Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2026.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Obxecto: O presente expediente ten por obxecto a aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FOANPAS para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeira orde nun intre no que motivado polo complicado contexto socio-económico, os altos niveis de inflación e crise dos mercados que provoca a xeneralizada alza dos prezos e da bolsa da compra; moitas familias se empobrecen polo que resulta básico acceder á promoción dunha alimentación sana e equilibrada e á adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén resulta primordial acceder á realización de actividades extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares nas que se promoven o exercizo físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares e das familias no seu conxunto.

2.- Procedemento de concesión directa: Respecto da concesión de subvención o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico o humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A cantidade de **642.405,31** euros está prevista nominativamente no vixente orzamento municipal, concretamente na aplicación orzamentaria 3260.489.0001 "Convenio Foanpa" (art. 22.2.a LXS).

A previsión da subvención como nominativa nos orzamentos municipais implica que se seguiu o procedemento de tramitación e aprobación dos orzamentos previsto nos artigos 168 e 169 do TRLRFL (de carácter público e deliberativo no Pleno municipal) e que os ditos fondos públicos están destinados a un beneficiario concreto e afectados a un propósito, finalidade ou actividade específica.

Este financiamento municipal para a prestación do servizo de comedor é complementario coas "axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor" que promove anualmente a Concellería de Política Social a través das bases reguladoras e convocatoria específica (publicada BOPPO nº 62 do 01-04-2026) para a concesión de axudas municipais para libros, material escolar e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo – Curso 2026

A ausencia de convocatoria pública e/ou concorrencia vén motivada porque a FOANPAS é a única federación de ANPAs públicas legalmente constituída na nosa cidade, e polo tanto con capacidade lexítima para asumir a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da referida subvención.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 84 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O interese público, social e educativo, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente, documento obrigado segundo sinala o artigo 50 da Lei 40/2015 e o artigo 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei en atención á singularidade da entidade beneficiaria.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o 31 de decembro de 2026, sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o artigo 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

3.- Competencia: A normativa de réxime local (Art. 25.1 da Lei 7/1985 e artigos 80.1 e 80.2 n) e ñ) da Lei de Galicia 5/1997), recollen que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

Na redacción contida na Lei 7/1985, dispónse como competencias municipais propias, entre outras, que exercerán as administracións locais nas distintas materias as seguintes:

- 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.
- 25.2.j) Protección da salubridade pública.
- 25.2.l) Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.
- 25.2.m) Promoción da cultura.

Igualmente na reforma lexislativa introducida pola Lei 27/2013 LRSAL en vigor desde o 31/12/2013, recóllese un marco normativo temporal na súa Disposición adicional decimoquinta respecto á “asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas á educación”, que estará condicionada polo establecemento das normas reguladoras do novo sistema de financiamento autonómico e de facendas locais, e que contemplará a normativa específica para o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais”.

A Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, publicada no DOGA o día 30/05/2014, que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece na súa Disposición adicional primeira que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación, ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 85 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

A participación dos diversos axentes que conforman a actividade educativa é un dereito e un deber cidadán que o Concello de Vigo, en orde ás competencias que lle son propias, articula a través da subscrición dun convenio de colaboración coa FOANPAS, que é a federación das ANPAS implantadas nos centros públicos de ensino de Vigo de responsabilidade municipal.

Respecto do servizo de comedores, cómpre ter en conta as previsións recollidas no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia educativa; que regula no artigo 2.1 que as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións poden xestionar os comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.

Igualmente, a Lei 38/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración se lles asegura un trato preferente nos ámbito educativos e cultural. O artigo 8 desta Lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Porén, toda vez que entre os obxectivos da FOANPAS están os que son obxecto deste convenio, óptase por subscribir este convenio de colaboración con esta entidade, no que se definen as recíprocas prestacións de ambas as dúas partes que, no que se refire ao Concello, son principalmente de carácter económico e concréntanse, fundamentalmente, na concesión a dita entidade dunha cantidade de diñeiro co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e contribuír ao financiamento das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPAS de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación, no ano 2026.

O proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FOANPAS supón unha actividade de continuidade na sinatura do mesmo, xa que leva desenvolvéndose de xeito ininterrompido en exercicios anteriores dende hai máis de vinte anos, para atender as tarefas anteriormente expostas, **e dita entidade ten presentado a través do rexistro electrónico municipal co código de solicitude W1476947-650 en data 30/04/2026 e co nº de doc. 260107434** a documentación necesaria e que se adxunta ao presente expediente, para iniciar a tramitación do convenio correspondente ao ano actual.

Recóllese no pacto segundo da proposta de convenio un pago anticipado a favor da FOANPAS con carácter previo á xustificación, que vén motivado pola necesidade desta entidade de dispor de liquidez económica para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas: Coadxuvar no financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS, contribuír ao financiamento das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedor das ANPAS de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2026. Non se considera necesario por parte deste Servizo Municipal de Educación, explicitar e fixar no convenio proposto ningún réxime de garantías dos fondos anticipados entregados, en virtude dos antecedentes satisfactorios e frutuosos dunha colaboración consolidada que veñen mantendo dende fai tempo o Concello de Vigo a través do Servizo de Educación coa FOANPAS. Esta última vén actuando con acreditada solven-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 86 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

cia, como recoñecida interlocutora co Concello da meirande parte das ANPAs dos centros de ensino público legalmente constituídas que están integradas na Federación e a vontade de colaboración tamén queda constatada coa cesión dun local municipal na antigas instalacións da Escola de Educación Infantil “O Nogal” (rúa Nogal, n.º 8) que lle permita á FOANPAS un axeitado desenvolvemento das súas funcións.

Para comprobar a adecuada xustificación da subvención, a óptima realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma, ademais da obrigada presentación por parte da FOANPAS dunha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do convenio, o Pacto duodécimo contempla a necesaria emisión dun informe técnico ao respecto. Por iso, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPAS, o Servizo Municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e polo tanto a procedencia do seu pago.

4.- Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica coa que actúan: Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, a Concelleira Delegada da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística.

Pola outra parte, asinará o convenio dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPAS).

5.- Tramitación electrónica: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

6.- Publicidade: O convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS (Resolución 15/xuño/2020 publicada no BOE nº 175 o mércores 24/xuño/2020) no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

7.- Recursos: De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985 e 210.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 142 da Lei 39/2015, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 87 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista do exposto, coa conformidade da concelleira delegada de Educación, da concelleira da Área de Goberno de Educación e do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, e previa fiscalización da Intervención xeral, de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Aprobar o texto do **proxecto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPAS) para o ano 2026**, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2026.

2º.- Autorizar o gasto de **642.405,31 euros (SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CINCO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS)** a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPAS (CIF: G-36.743.946), como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria **3260.489.0001** (Convenio FOANPA) que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo para o ano 2026.

3º.- Facultar á concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, Dña. Elena Espinosa Mangana, para asinar o citado convenio para o caso de ser necesaria a substitución do Alcalde-Presidente.

4º.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPAS) PARA O ANO 2026”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil vinte e seis

REUNIDOS

Dunha parte, Don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 88 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Doutra, Dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Rúa da Nogueira nº 8, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente núm. 99927/332.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuíto e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAs federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.

Para posibilitar a participación real das ANPAs é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.

II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.

A Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperación entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos. A Lei Orgánica para a Modificación da Lei Orgánica da Educación (LOMLOE) tamén reivindica o papel

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 89 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

activo e implicación das familias, fomentando a obrigatoriedade das familias de respectar a todos os compoñentes da comunidade educativa, ademais de participar de forma cooperativa naqueles proxectos educativos e tarefas que se lles propoñan dende o centro educativo, sobremaneira aquelas actividades que involucren ás familias en temas de igualdade, violencia de xénero ou diversidade cultural.

Polo tanto, as distintas leis educativas como a LOE, a LOMCE e a LOMLOE consideran a educación como o medio máis axeitado para garantir o exercicio da cidadanía democrática, salientando o papel das familias como primeiro axente educativo dos/das nenos/as. Igualmente neste marco legal educativo recóllense esta necesidade e recomendación do papel activo e implicación das familias, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre por iso a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAs) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xurdir no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

III.- Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) como representante, neste intre, das ANPAs dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAs nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

IV.- Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2026, na súa partida 3260.489.0001 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de **642.405,31 euros** a favor da Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS). O financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas “axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor” que promove anualmente a Concellería de Política Social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros, material escolar e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo – Curso 2026/2027.

V.- Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e contribuír ao financiamento das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPAs e á prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2026.

VI.- Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 90 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran neste expediente núm. 99927/332.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPAS), o Concello de Vigo e a FOANPAS conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- *A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que este ten creados para o desenvolvemento da súa acción educativa, cultural e deportiva.*

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global das actuacións que está a levar o Concello en materia educativa, cultural e deportiva e das inxedanzas e propostas destes colectivos.

O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAS dos centros de ensino público de Vigo que representa.

A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

- 1.- Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.*
- 2.- Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.*
- 3.- Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPAS de ensino infantil e primario federadas na FOANPAS.*
- 4.- Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.*
- 5.- Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, a programación educativa, cultural e deportiva, prevista desenvolver ao longo da anualidade de vixencia do convenio.*
- 6.- Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.*
- 7.- Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.*

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 91 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8.- En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.- Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS), unha subvención por importe de **642.405,31 euros (SEISCENTOS COARENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CINCO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS)** pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas:

- **PRIMEIRO PAGO:** anticipado por importe de **200.000,00 euros** tras a sinatura do convenio.
- **SEGUNDO PAGO:** por importe de **221.202,65 euros** antes do 30 de setembro.
- **TERCEIRO PAGO:** por importe de **221.202,66 euros**, tras a presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da **Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca**, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAs e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.

2.- O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na antiga Escola Infantil Municipal “O Nogal” (rúa Nogal n.º 8), que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación. A utilización deste local realízase en precario e o Concello de Vigo poderá recuperalo en calquera momento sempre que o interese público o requira, polo que se adecúa ao previsto no Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FOANPAS deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Cuarto.- A FOANPAS xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo da rede de comedores escolares adscritos, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 92 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

A FOANPAS e ANPAs asociadas no que respecta á contratación dos/as monitores/as necesarios/as para o desenvolvemento das actividades subvencionadas, deberán ter en conta a normativa legal vixente de protección xurídica do menor, que obriga a achegar certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais en todas aquelas actividades que impliquen contacto habitual con menores.

Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades son de plena responsabilidade da FOANPAS, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.

Quinto.- *O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, e para a tramitación do mesmo a FOANPAS deberá achegar previamente a correspondente declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias recollidas no artigo 34 da Lei xeral de subvencións. Igualmente será necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abonos á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.*

A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercicio económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberán constar: a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, e da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados, que deberá seguir o modelo de conta xustificativa contido no anexo III.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 2.857.700,00 euros (102.500,00 euros dos gastos anuais de xestión da FOANPAS, 554.100,00 euros dos gastos das actividades extraescolares e obradoiros matinais e 2.201.100,00 euros dos gastos de comedores escolares).

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de factura-

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 93 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ción. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

No caso de ser necesario e con carácter estrictamente excepcional, poderán efectuarse pagos en efectivo de cantidades inferiores a 100.-€, que deberán estar acompañados da súa pertinente documentación acreditativa de xustificación do gasto, neste caso a factura oficial e legal co proveedor/a polo concepto de gasto que tamén deberá estar asinada polo mesmo/a.

Sexto.- *En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a Asociación Olívica de Nais e Pais de Vigo e comarca (FOANPAS) está obrigada a relacionarse electronicamente co Concello de Vigo, polo que para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá chegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poderán consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.*

Sétimo.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Oitavo.- *No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse integramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.*

Asimesmo, a FOANPAS, a través de calquera que sexa o medio de difusión, adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento municipal, comprometéndose a que na difusión das actividades, na edición de materiais gráficos, na páxina web, nas presentacións públicas e nos soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre as actividades obxecto do presente convenio, conste a colaboración explícita do Concello de Vigo, que deberá ter en conta a obrigatoria inclusión do logo institucional do Concello de Vigo, naqueles casos que proceda.

Noveno.- *Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPAS deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 94 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo.- O presente convenio estenderá o seu período de vixencia dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026, e non será prorrogable. Polo tanto, serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Décimo primeiro.- O convenio non atribúe á FOANPAS a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAs integradas na federación, senón que esta —a Federación— é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAs que a integran. Polo tanto FOANPAS distribuirá a subvención entre as distintas ANPAs que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAs ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.

Décimo segundo.- Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguimento que realizará o control e seguimento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPAS, o/a Xefe/a do Servizo de Educación, un Técnico do Servizo de Educación do Concello de Vigo que actuará de Secretario, e presidida pola Concelleira Delegada de Educación.

En calquera caso, as ANPAs beneficiarias das subvencións comprométense a remitir cuberto á FOANPAS, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de outubro de 2026, o formulario contido no anexo I do convenio para a realización de actividades extraescolares e/ou aulas madrugada ou obradoiros matinais, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguimento do convenio.

O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderá ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por iso, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPAS, o Servizo Municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos documentos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 95 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Décimo cuarto.- A FOANPAS deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a FOANPAS no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa aparecación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo sétimo.- Os datos persoais do representante da FOANPAS, indispensables para a xestión deste convenio incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPAS), para o ano 2026”.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Convenio, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial (BDNS). Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 96 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo vixentes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexerá polo estipulado neste, aplicándose os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

E, en proba da súa conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.”

12(469) PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTEMENTO E ASISTENCIA TÉCNICA DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PARA DAR SOPORTE Á XESTIÓN DA POBOACIÓN E DO TERRITORIO DO SERVIZO DE ESTATÍSTICA. EXPTE.68492/234.

Visto o informe xurídico do 20/05/2026 e o informe de fiscalización do 25/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/04/2026, asinado pola xefa de Estatística, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato de adquisición, mantemento e asistencia técnica das aplicacións informáticas para dar soporte á xestión da poboación e do territorio do servizo de Estatística (expte. 46941/234), adjudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de abril de 2023, á empresa T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. por un prezo de 32.173,49 euros IVE incluído.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 97 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O contrato formalizouse en data 05/06/2023, entrou en vigor o 06/06/2023 e remata o 05/06/2024.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 24/05/2024 aprobouse a primeira prórroga (expte. Nº 55711/234). Pola súa parte, o 30/05/25, a Xunta de Goberno Local aprobou a segunda prórroga (62399/234).

Consta no expediente resolución da Concelleira-delegada de Atención á Cidadanía e da Concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 17 de abril do ano que andamos, dispoñendo se proceda a instruír a terceira prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada.

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 “Prazo”, do PCAP, figura que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dos meses”*.
 - No apartado 4.C das FEC indícase: *“Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: Si. Tres (3) prórrogas de un (1) ano cada unha”*.
 - O contratista, manifestou por escrito o día 23/04/2025 o seu interese en proceder coa prórroga, mediante o documento co nº de rexistro 250093700.
 - Prorrógase segundo os conceptos e importes do exercicio 2024.
 - No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que *“O importe a aboar ao contratista polo subministro realizarase dentro do primeiro trimestre do exercicio. O importe a aboar pola asistencia técnica facturarse, previa realización das tarefas consignadas e previa presentación da acreditación da realización das mesmas”*.
3. Prezo da prórroga:
O prezo total da prórroga ascende a 32.173,49 €, dos cales 5.583,83 € corresponden ao IVE.
4. Financiamento:
A prórroga financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 98 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Exercicio	Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
2026	Mantemento software	9207.2279902	17.173,49 €
2026	Mantemento aplicativos Estatística	9231.2279901	7.500,00 €
2027	Mantemento aplicativos Estatística	9231.2279901	7.500,00 €

5. A empresa *T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de mantemento e asistencia técnica das aplicacións informáticas para dar soporte á xestión da poboación e do territorio do servizo de Estatística.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

6. O expediente de prórroga do contrato iniciárase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño do 2023 de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da Concelleira-delegada de Atención á Cidadanía e da Concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 28 de abril de 2025, autorizando o inicio de este expediente da terceira prórroga do contrato.
7. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
8. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da Concelleira-delegada da Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mailo Concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a **TERCEIRA PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO E ASISTENCIA TÉCNICA DAS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PARA DAR SOPORTE Á XESTIÓN DA POBOACIÓN E DO TERRITORIO DO SERVIZO DE**

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 99 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ESTADÍSTICA (46941/234) polo período dun ano, do 6 de xuño de 2026 ao 5 de xuño de 2027, polo importe total de 32.173,49 € IVE engadido.

- 2.- Autorizar o gasto de **24.673,49 euros** (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902 Mantemento software	2026	2.980,52	14.192,97	17.173,49 €
9231.2279901 Mantemento aplicativos Estatística	2026	1.301,65	6.198,35	7.500,00 €
Total exercicio 2026				24.673,49 €

- 3.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **7.500,00 euros** (IVE incluído), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicios:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9231.2279901 Mantemento aplicativos Estatística	2027	1.301,65	6.198,35	7.500,00 €
Total exercicio 2027				7.500,00 €

- 4.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccetes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(470) FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS QUE SE REALIZARÁN NO AUDITORIO DE CASTRELOS NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2026. EXPTE. 10649/335.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 01/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 27/05/2026, asinado pola técnica media de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

A Concelleira da área de Seguridade, Contratación Festas e Xestión Municipal, resolveu con data 26 de maio de 2026 que polo Servizo de Festas se inicie o expediente necesario para fixar os de PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS QUE SE REALIZARÁN NO AUDITORIO DE Castrelos NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2026, de acordo coas resolucións de Alcaldía de delegacións competencias de data 20/06/2023 e 28/06/2023, modificada o 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a competencia para resolver o inicio do expediente.

Segundo o apartado 1º do artigo 44 do TRLRFL “o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada”.

No apartado 2º do citado precepto se establece que “cando existan razóns sociais benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por baixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese”. Neste caso existe unha partida na aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) dotada economicamente de xeito que permite realizar as contratacións correspondentes que aquí se detallan para poder cubrir esta diferenza resultante. Os expedientes de contratación das actuacións artísticas atópanse en tramitación.

O artigo 44 da Constitución Española establece que “os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito”. Por outro lado e tras a reforma da Lei Básica do Réxime Local de 1985 efectuada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, figuran entre as competencias municipais propias a “promoción da cultura e os equipamentos culturais” (artigo 25.m).

Establecer un prezo de entrada que supoña como mínimo o custo da actividade tal e como establece a Lei Reguladora das Facendas Locais suporía afastar as cidadás e aos cidadáns da oportunidade de acceder á cultura, xa que implicaría establecer prezos moi elevados aos que non toda a poboación podería ter acceso.

Neste sentido cobra especial relevancia o apoio institucional ás actividades culturais e de espaxamento que o Concello de Vigo oferta na súa programación de actividades e espectáculos de festas, xa que debe ser un obxectivo fundamental de calquera institución a participación e acceso á cultura e motivar a realización e desenvolvemento das actividades culturais, físicas, artísticas e sociais, educación en valores (a través da programación familiar), así como facilitar o desenvolvemento de habilidades intelectuais e emocionais transmitidas a través das artes escénicas, capacidades e competencias sociais e culturais no ámbito da comunidade.

Por outro lado, e tendo en conta que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a ordenanza nº 42 reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 101 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Así pois, os prezos propostos non superarían o custo calculado en base ao custo total do programa entre a ocupación total das localidades, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través de internet e de forma presencial nas billeteiras habilitadas para este caso, a través do contrato do servizo de venda de entradas para os espectáculos e actividades do programa "vigo en festas" , expte. nº 10136-335.

Á vista do exposto, coa conformidade da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Fixar os PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS QUE SE REALIZARÁN NO AUDITORIO DE CASTRELOS NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2026, de acordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos no 42, segundo o seguinte detalle:

	Proposta artística	Data	Caché (sen iva)	Prezo proposto €	Aforo	Aforo x prezo
1	Deep Purple	02/07/26	360.000,00 €	15	5000	75.000,00 €
2	El Pollo Pepe	06/07/26	10.400,00 €	0	3000	0,00 €
3	Molotov	16/07/26	95.000,00 €	10	5000	50.000,00 €
4	Coral Casablanca	18/07/26	18.500,00 €	0	2200	0,00 €
5	El Traje Nuevo del Empe-rador	20/07/26	8.970,00 €	0	3000	0,00 €
6	Ópera Carmen	24/07/26	30.840,00 €	0	2200	0,00 €
7	Chayanne	30/07/26	605.000,00 €	15	5000	75.000,00 €
8	Noites de Zarzuela	01/08/26	31.080,00 €	0	2200	0,00 €
9	El Payaso Tallarín	03/08/26	12.600,00 €	0	3000	0,00 €
10	Abraham Mateo	07/08/26	137.650,00 €	10	5000	50.000,00 €
11	Ópera Nabucco	09/08/26	50.000,00 €	0	2200	0,00 €
12	The Corrs	11/08/26	340.000,00 €	15	5000	75.000,00 €
13	Viva Suecia	14/08/26	300.000,00 €	15	5000	75.000,00 €
14	Iván Ferreiro	15/08/26	140.000,00 €	10	5000	50.000,00 €
15	FNAC Live	16/08/26	65.000,00 €	10	5000	50.000,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/06/2026 14:19

Páxina 102 de 194

2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026

CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(471) ACEPTACIÓN DO DEPÓSITO DA OBRA “CABALO SURREALISTA” DO PINTOR EUGENIO GRANELL NA COLECCIÓN DE ARTE GALEGA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7999/337.

Vistos os informes xurídicos do 26/05/2026 e do 03/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 28/05/2026, asinado polo director do Museo, o xefe de Museos Municipais e conformado polo concelleiro delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

1. Antecedentes

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

A Lei 7/2021, de 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia establece no seu artigo 3. que, entre as funcións dos museos, atopase “a **adquisición**, conservación, documentación, restauración e exhibición ordeada das súas coleccións e dos seus fondos” así como “a investigación no ámbito das súas coleccións e fondos, da súa especialidade ou do seu respectivo ámbito cultural e territorial”.

O Museo Municipal “Quiñones de León” xestiona na actualidade unha das mellores coleccións de arte galega da comunidade.

Entre as ausencias máis notorias da colección está o artista Eugenio Granell (1912-2018).

O xefe do servizo de museos e o director do museo municipal fixeron rastrexo de obra existente do pintor e contactaron coa galería viguesa Montenegro (PROLAR ARTE, S.L.) que dispón do cadro “Cabalo surrealista” realizado por Eugenio Granell en 1946, cuxo administrador Víctor Manuel Rodeiro Fernández, manifesta a vontade de deixar a obra en depósito temporal para a antedita exposición.

A concellería-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, en virtude do decreto da Alcaldía do 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño do 2024 polo que se establece a estrutura da Administración do Concello de Vigo e se delegan as competencias 2023-2027 e o decreto da alcaldía do 28 de xuño de 2024 de delegación xenérica de competencias en concelleiros das Area de Goberno e concelleiros delegados, ten entre as súas competencias en materia de museos:

“1. Establecer as directrices xerais e a política municipal da Rede de Museos Municipais (...)

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 103 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Exercer as competencias municipais en relación cos equipamentos da Rede de Museos Municipais para o seu impulso, promoción, xestión (...)

7.—Aprobación de programas de desenvolvemento das coleccións e bens artísticos actuais, tanto no relativo á incorporación de novos elementos (adquisicións, doazóns, depósitos..), como acordos de préstamo temporal de elementos das mesmas.”

Visto todo o cal, en data 6.04.1964, á vista de informe proposta do director do museo, coa conformidade do xefe do servizo de museos e do concelleiro delegado de Cultura, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolve incoar expediente para formalización do depósito da obra “Cabalo surrealista” do pintor EUGENIO GRANELL, propiedade da Galería Montenegro (PROLAR ARTE, S.L. CIF B-36939395) para a súa incorporación a colección municipal de arte galega, xestionada polo Museo “Quiñones de León”; e a exposición estable que dela se faga.

2. Eugenio F. Granell

Eugenio Fernández Granell nace na Coruña en 1912. Fillo de María e Eugenio, será o maior de cinco irmáns. A súa infancia desenvólvese en Santiago de Compostela, onde estuda bacharelato e comeza os seus estudos musicais.

En 1928 trasládase a Madrid e continúa os seus estudos de violín na Escola Superior de Música.

Participa en faladoiros políticos e literarios, reúnese cos irmáns Dieste, Carlos Gúrmendez, Santiago Arbós Ballesté, Urbano Lugrís en La Granja El Henar e é habitual noutros cafés, como El Molinero, El Negresco ou Madrid. O seu interese pola política ponno de manifesto ingresando na Oposición de Esquerda e, en 1935, no POUM (Partido Obrero de Unificación Marxista).

Co estoupido da Guerra Civil, en 1936, incorpórase ás milicias republicanas. En 1939, inicia o seu exilio. Despois de percorrer diversos campos de concentración en Francia, consegue embarcar rumbo a Chile. A negativa deste país a acoller máis republicanos españois fai que Granell e a súa futura dona, Amparo, arriben á República Dominicana e se instalen na súa capital, Ciudad Trujillo.

En 1946, despois de negarse a asinar unha carta de adhesión ó réxime do dictador Trujillo, Eugenio Granell e a súa familia trasládanse a Guatemala.

En 1947, coa exposición “Le Surréalisme”, na galería Maeght de París, organizada por André Breton e Marcel Duchamp, intégrase activamente no movemento surrealista.

Tralo estoupido da revolución guatemalteca e, escapando da persecución stalinista da que é obxecto, Granell e a súa familia trasládanse a Porto Rico.

En 1957, a Fundación William e Norma Copley de Nova York concédelle un premio de pintura. Continúa, ademais, coa súa actividade literaria e publica ese mesmo ano, en México, La novela del indio Tupinamba.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 104 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Ó ano seguinte trasládase a Nova York e publica en 1967 a súa tese de doutoramento Sociological Perspectives of Guernica. A esta séguenlle outras publicacións: El Clavo, Lo que sucedió... (premio de novela Don Quixote, en México), Federica no era tonta y otros cuentos, La Leyenda de Lorca y otros escritos.

No ano 1962 incorpórase ó grupo surrealista Phases de París, dirixido por Eduard Jaguer, e realiza numerosas exposicións colectivas por todo o mundo.

A partir de 1985 instálase definitivamente en España. Recibe numerosos premios como: Artes Plásticas da Comunidade de Madrid, Pablo Iglesias das Artes, Medalla Unión Fenosa, Medalla de Ouro de Belas Artes, outorgada polo Consello de Ministros, Gerión'99, concedido por El punto de las artes, Medalla de Ouro do Círculo de Belas Artes.

En 1997 é nomeado fillo adoptivo da cidade de Santiago e concédeselle a Medalla de Ouro ó Mérito Cultural da dita cidade. Pouco antes, en 1995, establécese en Santiago a Fundación Eugenio Granell.

Falece en Madrid el 24 de outubro de 2001. A Xunta de Galicia concédelle, a título póstumo, a Medalla de Ouro de Galicia 2001, pola súa traxectoria no mundo das artes.

3. A OBRA “CABALO SURREALISTA”



S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 105 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

EUGENIO GRANELL
CABALO SURREALISTA
1946

Óleo/tabla
50 x 70,8 cm.

Valoración económica: 33.000 euros

A obra “Cabalo surrealista” corresponde á primeira etapa de Eugenio Granell como pintor.

Primeiro escritor, tamén músico, Granell debuta na pintura xa entrada a década dos 40 no seu exilio na República Dominicana.

En 1941 coñece ó fundador do surrealismo André Bretón quen recala no país caribeño fuxindo da guerra europea. Por mor dunha entrevista para o diario *La Nación*, Granell fai unha amizade co intelectual francés que durará ata a morte deste en 1966.

É Breton quen ó parecer anima a Granell a iniciarse na arte da pintura de xeito que xa en 1943 participa o galego nunha exposición colectiva; e pouco despois na Galería Nacional de Bellas Artes de Santo Domingo fai a súa primeira individual con preto de duascenas obras. En 1946 o pintor deixa o país por enfrontamento co ditador Trujillo, e instalase en Guatemala.

Tendemos a pensar que a obra “Cabalo surrealista” é creación dominicana.

Tratase dunha creación orixinal resultante da combinación de dúas claras influencias. No que ten que ver coa composición o modelo é o maxistral equino feito por Picasso para o Guernica en 1937: unha das patas dobrada a terra, outra ríxida, a cabeza virada cara atrás cunha lingua destacada, todo lembra a aquel dramático épico cabalo. Porén, fronte á monocromía e angulosidad da composición picassiana, Granell constrúe un cabalo orgánico “selvático” de gran dinamismo, cunha paleta viva de cor que remítenos ao ambiente caribeño e tamén ás criaturas do gran artista cubano Wifredo Lam a quen Granell coñecera en España.

Todas estas obras da primeira etapa de Granell caracterízanse pola heteroxeneidade de iconografía e estilo, consecuencia das influencias de Picasso e Wilfredo Lam fundamentalmente.

Tratase polo tanto “o cabalo surrealista” dunha construción orixinal que, partindo dos mestres citados, fará evolucionar a un Granell que logo seguirá por outros roteiros plásticos.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/06/2026 14:19

Páxina 106 de 194

2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026

CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

INSTITUTO NACIONAL DE BELLAS ARTES Y LITERATURA			
MUSEO DE SAN CARLOS			
MEXICO			
AUTOR	<i>Eugenio J. Granell</i>	FECHA (NAC.)	
TITULO	<i>Caballo Surrealista</i>	PINTADO (FECHA)	<i>1946</i>
TECNICA	<i>Plea sobre madeira</i>	MEDIDAS	<i>50 x 70.8 cms.</i>
COLECCION	<i>Costa - Amic Editores</i>		
<i>Exp. 50 Aniversario del exilio español 1939-1989</i>			

Pola etiqueta que se incorpora á obra, sabemos que procede da colección de Bartomeu Costa Amic, editor catalán de Granell, exilado en México, e que participou na Exposición do 50 aniversario do exilio español realizada en 1989.

4. VALORACIÓN HISTÓRICA-ARTÍSTICA E ECONÓMICA DA OBRA OFERTADA E OUTRAS CONSIDERACIÓN

O Concello de Vigo non dispón de ningunha obra do pintor Eugenio Granell.

A posta en marcha da nova exposición establece da colección de arte galega na Casa das Artes e na Pinacoteca FFDR; considerase unha oportunidade para cubrir baleiros de autores como este na colección municipal.

A obra ofertada en depósito, como se xustificou anteriormente, é dunha excelente calidade plástica e única pola súa datación tan temperá na produción dun artista que logo evolucionara de forma significativa.

Conclúese polo tanto o gran interese da incorporación da obra “Cabalo surrealista” á exposición establece de arte galega que está a acometerse.

Víctor Manuel Rodeiro Fernández, con DNI nº ***66.7**, en representación da galería Montenegro (PROLAR ARTE, S.L.) manifesta a vontade de deixar a obra en depósito temporal do Concello de Vigo; polo prazo máximo dun ano. Expresa así mesmo como condición que no termo do prazo do depósito se inicie expediente para adquisición da obra por parte do Concello de Vigo. Esta circunstancia produciuse coa apertura dun expediente de subministro da obra con número 8032-337. O propietario da obra fixa como valor económico da obra 33.000 euros.

A obra presenta no momento do presente informe un bo estado de conservación.

Así mesmo presenta declaración de titularidade e de que a obra atopase libre de cargas, gravames, litixios ou calquera outra circunstancia que puidera afectar a propiedade da mesma e ao seu valor no momento de referencia.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 107 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Considerando as circunstancias expostas e existindo común acordo entre os representantes das partes, propónse á Xunta de Goberno Local; coa conformidade do Xefe do Servizo de Museos e do Concelleiro Delegado de Cultura; previo informe xurídico favorable da secretaria de administración municipal; a seguinte

PROPOSTA.-

"Aceptar o depósito da obra "Cabalo surrealista" do pintor Eugenio Granell, propiedade de Prolar Arte S.L., con CIF B-36939395: representada polo seu administrador Víctor Manuel Rodeiro Fernández, con DNI nº ***66.7**-S; depósito que se rexerá polo contrato que se achega como anexo."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(472) EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓN DE MÁQUINAS. EXPTE. 51890/446.

Visto o informe xurídico do 21/05/2026 e o informe de fiscalización do 26/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 27/04/2026, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 5 de marzo de 2026, e o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en data 9 de marzo de 2026, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado para a contratación do *Servizo de reparacións de máquinas para traballos do Servizo de Montes, Parques e Xardíns do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparacións* (expte. 51890/446).

2.- A adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 11 de marzo de 2026, e o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en data 13 de marzo de 2026, asinan a memoria económica (MEC), co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda de data 16 de marzo de 2026.

3.- En data 21 de marzo de 2026, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite documentos económicos de retención de crédito, RC 12026000027311, por importe de 8.000,00€, correspondente á anualidade 2026 e RC_FUT 12026000027414, por importe de 28.000,00 euros, correspondente ás anualidades 2027, 2028 e 2029.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 108 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

4.- A memoria xustificativa (MEX), asíñase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 25 de marzo de 2026, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, de data 26 de marzo de 2026.

5.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 22 de abril de 2026, asíñase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

6.- En data 22 de abril de 2026, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asíñase pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 22 de abril de 2024.

8.- O presente contrato non está previsto no plan anual de contratación, pero atópase contemplado no orzamento vixente, constando no expediente de contratación os seus documentos contables correspondentes (RC 12026000027311 e RC_FUT 12026000027414).

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 25 de setembro de 2025 (BOP N° 188, de data 02/10/2025), modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2025 (BOP N° 217, de data 12/11/2025) nos concelleiros de Área de Goberno e nos concelleiros delegados. O concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en resolución de 10 de marzo de 2026, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 109 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP trátase dun contrato de servizos e, en concreto, de servizos en función das necesidades da Administración con orzamento máximo (Disposición adicional 33ª da LCSP).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado abreviado, e a forma de tramitación do expediente é a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131,2 e 159.6 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 39.669,43€.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado abreviado do contrato de **Servizo de reparación de máquinas para traballos do Servizo**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 110 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

de Montes, Parques e Xardíns incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 22 de abril de 2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 22 de abril de 2026.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 36.000,00€, que inclúe un IVE de 6.247,93 euros, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.2130000 "Reparación Maquinaria", repartido nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE (IVE engadido)
2026	8.000,00 €
2027	12.000,00 €
2028	12.000,00 €
2029	4.000,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 3 de marzo de 2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(473) PROPOSTA DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DAS "BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DE ACCESO E RÉXIME DE USOS PARA CESIÓN DE INMOBLES A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO INSCRITAS NO REGISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN". EXPTE. 22457/240.

Visto o informe de fiscalización do 26/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 25/05/2026, asinado polo xefe de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Concello de Vigo ven dispoñendo dende tempos inmemoriales de bens inmobles da súa propiedade que, non sendo necesarios para unha xestión directa para prestar servicios pro-

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 111 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

pios, son cedidos ás entidades sen ánimo de lucro que integran o tecido asociativo da cidade co fin de favorecer que estas desenvolvan as súas accións veciñais, sociais, asistenciais, culturais, deportivas ou de interese xeral.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de setembro de 2021, acordou aprobar as “Bases reguladoras do procedemento de acceso e réxime de usos para cesión de inmobles xestionados polo servizo de Participación Cidadá a entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro municipal de Asociacións. O obxecto das mesmas é *regular o procedemento en libre concorrancia para o acceso ao uso dos bens inmobles patrimoniais do Concello de Vigo xestionados pola área de Participación Cidadá, por asociacións e organizacións sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), e establecer un marco xeral de uso e funcionamento dos mesmos, de xeito que o acceso ao uso dos devanditos bens municipais se produza en igualdade de condicións, primando o maior beneficio que á sociedade poida reportar o destino asignado aos mesmos; e regulando o uso dos mencionados inmobles, establecéndose as regras básicas que deben presidir o uso e goce por parte dos colectivos beneficiarios da cesión dos devanditos locais.*

Nas Bases regúlanse os seguintes aspectos:

- Serán obxecto de cesión, os bens inmobles patrimoniais *xestionados pola área de goberno de Participación Cidadá.*
- Poderán ser beneficiarias das cesións en uso dos locais de propiedade municipal as organizacións, asociacións ou colectivos sen ánimo de lucro que estean debidamente inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo na data da publicación da convocatoria, e teñan o seu domicilio social ou desenvolvan a súa actividade preferentemente e con carácter estable e permanente na cidade de Vigo.
- O prazo da cesión non poderá ter unha duración superior a catro anos, incluídas as prórrogas.
- Segundo sinalan, as bases reflicten as regras básicas que deben presidir o uso e goce por parte dos colectivos beneficiarios segundo o establecido no título I, capítulo IV, do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e na Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), e que deberán constar nas resolucións administrativas de cesión de uso dos ditos inmobles.
- A obrigatoriedade de adicación do local, exclusivamente, ao cumprimento dos fins de interese xeral que xustificaron a cesión.
- Regulase o uso e funcionamento do local, establecendo as obrigas e responsabilidades que asume o cesionario así como as prerrogativas do cedente de inspeccionar as actividades que se realicen nos locais coa finalidade de comprobar o cumprimento das condicións establecidas no acordo de cesión, e reservándose a facultade de deixar sen efecto a mesma en calquera momento, cando existan razóns de interese público que o xustifiquen, sen dereito a indemnización.
- Establecense as causas de extinción e revogación da cesión.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 112 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

- E finalmente, o procedemento para a adxudicación dos locais, que farase en réxime de libre concurrencia, dacordo cos criterios que na mesma se contemplan, e no que está prevista unha Comisión de Avaliación que, a partir do informe valoración ás propostas presentadas, formúlese ditame proposta, o órgano competente, da orde de adxudicación dos locais segundo a puntuación obtida por aplicación dos criterios de valoración establecidos.

Nembargantes unha serie de circunstancias sobrevidas (entre outras, a falta de actualización do o Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Vigo dende 1993), teñen provocado que na data non se teña convocado o procedemento de libre concurrencia previsto para regularizar a ocupación dos inmobles.

En aras de garantir a seguridade xurídica ás entidades cesionarias, para que poidan desenvolver os seus proxectos e planificar a súa actividade a longo prazo e salvagardar os bens patrimoniais do Concello de Vigo e a súa responsabilidade, propónse a modificación destas bases.

Trala aprobación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo en sesión plenaria de data 28 de xullo de 2025, cómpre unha actualización dos locais municipais en situación de seren adxudicados en función dos intereses públicos.

A Concellería de Participación cidadá en data 22.05.2026 remite o expediente das mesmas a esta Concellería de Patrimonio para no seu caso revisión das Bases, que consideramos deben ser mantidas en canto a filosofía xurídica que serve de fundamento ás mesmas continúa vixente, a normativa de aplicación permanece sen cambios significativos, sendo preciso estender a súa aplicación á tipoloxía diversa de entidades asociativas calquera que sexa a Concellería que as xestiona en base aos criterios a determinar polos departamentos implicados e a necesidade de deseñar un marco transitorio en tanto non se regularicen as ocupacións actuais.

Procurarase en todo caso xestionar o patrimonio municipal baixo principios de eficacia e rendibilidade, responsabilidade recollida na lexislación sobre bens das entidades locais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I .- Normativa de aplicación

- Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local (LRBRL),
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais
- Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)
- Lei 5/97 da Administración local de Galicia
- Regulamento 2568/1986, de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF)

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 113 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II.- Obxecto do expediente

É obxecto do presente expediente a revisión das bases reguladoras do procedemento en libre concorrencia para que o acceso ao uso dos bens inmobles patrimoniais se produza en igualdade de condicións, primando o maior beneficio que á sociedade poida reportar o destino asignado aos mesmos, e que reflicten as regras básicas que deben presidir o uso e goce por parte dos colectivos beneficiarios segundo o establecido no título I, capítulo IV do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e na Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP); que deberán constar nas resolucións administrativas de cesión de uso dos ditos inmobles.

III. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración pública

O artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local (LRBRL), dispón que as entidades locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños/as, e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos para a realización das súas actividades.

Esta obriga concrétese no artigo 233 do Regulamento 2568/1986, de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF) cando dispón que as asociacións mencionadas poderán acceder ao uso de medios públicos municipais, especialmente locais, coas limitacións que impoñan a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello, e serán responsables do trato dado ás súas instalación, debendo solicitálo por escrito coa antelación que se estableza polos servizos correspondentes.

IV.- Réxime xurídico da cesión

Partindo do réxime xurídico que regula o patrimonio das administracións públicas, os bens e dereitos pertencentes a estas poden clasificarse, en atención a súa natureza e réxime xurídico aos que están suxeitos, en bens de dominio privado ou patrimoniais e bens de dominio público e demaniais (art. 4 da LPAP).

A natureza xurídica que teña o ben determinará o réxime xurídico de aplicación a este e conseguintemente as facultades xestoras e de disposición que ostenta a administración titular do mesmo.

Así, os bens de dominio público, pola súa afección ó uso xeral o servizo público, como os que lle veña otorgado dito carácter demanial por lei (art. 5,1 LPAP), determinan a suxección do mesmo ó reximen xurídico propio dos bens integrantes do demanio público (art. 5.4 da LPAAPP, caracterizados pola súa inalienabilidade, inembargabilidade, imprescriptibilidade, a súa aplicación efectiva ó uso xeral ó servizo público sen mais excepcións que as derivadas de razóns de interes público debidamente xustificadas, requirindo o uso privativo ou especial destes por terceiros que excluan ou limiten o xeral que correspondelle a ditos bens pola súa natureza xurídica, atender ao reximen xurídico previsto na normativa reguladora do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 114 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

patrimonio das Administracións públicas, co outorgamento do título habilitante que no seu caso resulte procedente (art. 84 LPAAPP).

Por outra banda, os bens patrimoniais, entendendo por tales os que carecen do carácter de demanialidade (art. 7 de LPAP), é decir, a falta de afectación ao uso xeral ou servizo público, rexíranse pola súa lexislación específica e no seu caso polas normas de dereito privado (art. 80.2 da LBRL).

Por unha parte, o art. 109 do RBEL dispoñe a capacidade das Entidades Locais para a cesión e enaxenación do seu patrimonio recoñecendoselle a facultade de cesión gratuita dos seus bens patrimoniais a Entidades ou Institucións Privadas de interes público sen ánimo de lucro, e para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal. (artigo 276 da lei 5/97 da Administración local de Galicia e artigo 109 e seguintes do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais), establecendo no seu art. 110 os requisitos con arranxo os que instruírase dita cesión.

Así mesmo, a LPAP contempla a posibilidade da cesión gratuita dos bens e dereitos patrimoniais para a realización de fins de utilidade pública ou interes social a prol das CCAA, EELL, fundacions públicas ou asociacións declaradas de utilidade pública, exceptuando a estas derradeiras como cesionaria na cesión da propiedade do ben o dereito (art. 145), precepto que aínda non figure na DF Segunda da Lei como de aplicación xeral ou básico as EELL (art. 2.2 da LPAP), podese considerar de aplicación supletoria a estas dacordo coa prelación de fontes prevista no art.1.2 do RBEL.

Polo tanto, en función da cesión de uso de que se trate, e os termos nos que esta se efectue, deberá axustarse o procedemento e requisitos previstos na normativa patrimonial de aplicación en cada suposto.

Neste senso, as bases establecen o procedemento de libre concurrencia para o acceso ao uso dos bens ao que poden concurrir as asociacións, organizacións ou colectivos sen ánimo de lucro debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello. O concurso, como modo de adxudicación previsto nas bases, é concordante co establecido nos contratos para a explotación dos bens e dereitos patrimoniais do art.107.1 da LPAP (en relación co 92 RBEL) e, así mesmo, resulta axeitado nas actuais circunstancias concurrentes, dada a existencia dun elevado número de asociacións ou entidades cidadáns que poden verse beneficiadas, tanto de ámbito xeral como sectorial e, o limitado número de locais municipais disponibles para a súa adicación a ditos fins, posibilitándose con ello, o seu acceso o uso dos locais municipais en *igualdade de condicións e primando o maior beneficio que á sociedade poida reportar o destino asignado aos mesmos*, tal e como resulta do contido das propias bases.

Refórmase o prazo máximo de cesión gratuíta (de catro a seis anos) en atención á realidade xurídica na que operan estas entidades, sendo habitual ter que acreditar unha disposición a longo prazo do establecemento para participar en convocatorias de axudas doutras administracións públicas, ou a ante a necesaria execución de obras contar cun prazo de uso do inmobile dabondo para seren amortizadas.

V. Beneficiarias

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 115 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Poderán acceder ao uso dos locais de propiedade municipal as organizacións, asociacións ou colectivos sen ánimo de lucro que estean debidamente inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo na data da publicación da convocatoria, sempre que ademais teñan o seu domicilio social ou desenvolvan a súa actividade preferentemente e con carácter estable e permanente na cidade de Vigo.

VI. Regulación de uso e funcionamento

As bases reflicten a regulación de uso e funcionamento dos inmobles adscritos ao servizo, contemplando as obrigas de mantemento ordinario, realización de obras, responsabilidade civil e das potestades municipais de inspección, modificación e suspensión da cesión, así coma das causas de extinción e revogación.

VII. Procedemento en libre concorrência para a cesión de uso de locais municipais

O procedemento tal e como establecen as bases é un procedemento comparativo baseado nun prazo preclusivo, onde se comparan as propostas e se adxudican os locais dispoñibles segundo a orde de puntuación e as preferencias indicadas polas entidades na súa solicitude.

A convocatoria incluírá unha relación dos locais municipais en situación de seren cedidos, con descrición das súas características e referencias técnicas que os identifiquen.

VIII. Prazo

O prazo contemplado nas bases para a cesión dos locais non poderá ter unha duración superior a seis anos, incluídas as prórrogas.

O Concello, en calquera momento, poderá deixar sen efecto o acordo de cesión, previo trámite de audiencia, cando existan razóns de interese público que o xustifiquen, sen dereito a indemnización.

IX.- Réxime transitorio

Según se xustifica nos antecedentes, por razóns de seguridade xurídica, as organizacións, asociacións ou colectivos sen ánimo de lucro que, á data de aprobación das presentes bases, atópanse ocupando e facendo uso de locais de propiedade municipal sen un acordo formal de cesión en vigor, poderán regularizar temporalmente a súa situación e continuar no uso dos devanditos inmobles por un prazo transitorio máximo de seis anos, ou ata que se resolva a primeira convocatoria do procedemento de libre concorrência se isto ocorre con anterioridade.

En todo caso esta regularización temporal estará suxeita ao cumprimento duns mínimos requisitos, á supervisión do Concello e incluso revocación da autorización transitoria.

Atendendo aos fins sinalados, e no exercicio da potestade regulamentaria, de conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procédese a aprobar estas normas en tanto non se aproba unha Ordenanza municipal que teña por obxecto regular a posta a disposición de locais de titularidade ou dispoñibilidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 116 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

municipal a favor de asociacións legalmente constituídas no Concello de Vigo para o desenvolvemento dos seus fins culturais, sociais, deportivos ou outros de interese público.

Polo anteriormente exposto e, previo informe da Intervención Xeral Municipal, formúlase a presente proposta á Xunta de Goberno Local para adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a REVISIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE ACCESO E RÉXIME DE USOS PARA CESIÓNS DE INMOBLES A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS, que se achegan no ANEXO.
2. Proceder á publicación das bases reguladoras na páxina web do Concello de Vigo, no Portal municipal de Transparencia e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para xeral coñecemento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE ACCESO E RÉXIME DE USOS PARA CESIÓNS DE INMOBLES A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

I. BASES XERAIS

BASE 1ª. OBXECTO

É obxecto das presentes bases regular o procedemento en libre concorrència para o acceso ao uso dos bens inmobles patrimoniais do Concello de Vigo por asociacións e organizacións sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), e establecer un marco xeral de uso e funcionamento dos mesmos.

BASE 2ª. RÉXIME XURÍDICO

O artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local (LRBRL), dispón que as entidades locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños/as, e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos para a realización das súas actividades.

Esta obriga concrétese no artigo 233 do Regulamento 2568/1986, de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF) cando dispón que as asociacións mencionadas poderán acceder ao uso de medios públicos municipais, especialmente locais, coas limitacións que impoñan a coincidencia do uso por parte

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 117 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de varias delas ou polo propio Concello, e serán responsables do trato dado ás súas instalación, debendo solicitalo por escrito coa antelación que se estableza polos servizos correspondentes.

As presentes bases regulan o procedemento en libre concorrncia para que o acceso ao uso dos bens inmobles patrimoniais se produza en igualdade de condicións, primando o maior beneficio que á sociedade poida reportar o destino asignado aos mesmos, e reflicten as regras básicas que deben presidir o uso e goce por parte dos colectivos beneficiarios segundo o establecido no título I, capítulo IV, do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e na Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), e que deberán constar nas resolucións administrativas de cesión de uso dos ditos inmobles.

BASE 3ª. ORGANIZACIÓNS, ASOCIACIÓNS OU COLECTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO

Poderán acceder ao uso dos locais de propiedade municipal as organizacións, asociacións ou colectivos sen ánimo de lucro que estean debidamente inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo na data da publicación da convocatoria, sempre que ademais teñan o seu domicilio social ou desenvolvan a súa actividade preferentemente e con carácter estable e permanente na cidade de Vigo.

BASE 4ª. ACTIVIDADES NON PERMITIDAS

No interior do inmueble cedido, non se poderán realizar actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, quedando prohibido calquera acto que atente contra a dignidade das persoas ou as discrimine por razón de raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra causa ou circunstancia persoal ou social (realización, promoción ou soporte de actividades que atenten contra a saúde pública e/ou supoñan a divulgación de teorías ou teses contrarias ás normas técnicas e criterios establecidos e adoptados polas autoridades sanitarias e a comunidade científica).

BASE 5ª. ACTOS ORGANIZADOS POLO CONCELLO

As cesións que se regulan nas presentes Bases poderán ser, previo aviso, suspendidas temporalmente e sen dereito a indemnización, no caso de que por parte do Concello se necesitasen os locais cedidos para a organización de actos cando existan razóns de interese público que o xustifiquen.

BASE 6ª. PRAZO

O acordo de cesión establecerá a duración da mesma.
A cesión non poderá ter unha duración superior a SEIS anos, incluídas as prórrogas, adoptada mediante acordo do órgano competente, previa solicitude en prazo da entidade interesada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 118 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

O Concello, en calquera momento, poderá deixar sen efecto o acordo de cesión, previo trámite de audiencia, cando existan razóns de interese público que o xustifiquen, sen dereito a indemnización.

BASE 7ª. ACTIVIDADES

O Concello non dirixe nin presta conformidade ás actividades para realizar nos locais cedidos. As entidades non teñen ningunha relación de dependencia co Concello que non se fai responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos materiais, persoais ou morais que poidan producirse dentro do local ou a terceiros.

II. REGULACIÓN DE USO E FUNCIONAMENTO

BASE 8ª. MANTEMENTO DO LOCAL

1. A entidade ou asociación cesionaria está obrigada á conservación dilixente dos locais de uso exclusivo e de uso compartido e, en xeral, de todo o inmovible, respondendo dos danos que poidan ocasionar as persoas que compoñen a entidade e as usuarias, ben por acción ou por omisión, efectuando de forma inmediata e ao seu cargo, previa autorización do Concello, as reparacións necesarias.

2. Con carácter xeral, a entidade cesionaria farase cargo da contratación e abono das subministracións de electricidade, auga e servizos necesarios para a súa actividade, así como do mantemento e limpeza, sendo da súa conta a contratación de tales prestacións, as súas modificacións e a súa baixa.

Así mesmo, a entidade cesionaria farase cargo do abono dos gastos de comunidade que puidesen corresponder ao local cedido.

BASE 9ª. OBRAS NO LOCAL

1. A entidade ou asociación cesionaria non poderá realizar no local cedido ningún tipo de obra ou actuación sen expresa autorización do Concello de Vigo.

2. En caso de realizarse obras polas entidades ou asociacións cesionarias sen autorización, o Concello poderá ordenar que se restituía o ben ao seu estado orixinal, sen dereito a indemnización ou compensación económica e proceder, se o concello de Vigo o estima oportuno, a rematar a cesión do local á entidade.

3. En caso de non facelo, poderase executar subsidiariamente as obras de restitución, estando obrigada a entidade para sufragar o custo. Se a restitución fose imposible sen o menoscabo do ben, o causante estará obrigado a indemnizar polos prexuízos ocasionados.

4. As obras ou actuacións realizadas no local o serán en beneficio do ben inmovible, sen dereito a percibir ningún tipo de indemnización ou compensación económica pola súa realización.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 119 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

BASE 10ª. RESPONSABILIDADE CIVIL

1. A entidade cesionaria será responsable directa dos danos e perdas ocasionados a terceiros nos locais cedidos e causados polas persoas que compoñen a entidade e as usuarias, ben por acción ou por omisión, dolo ou negligencia.

2. No acordo de cesión de uso do local, incluírase a obriga da entidade cesionaria de dispor dun seguro de responsabilidade civil xeral, incluíndo a responsabilidade civil que poida causar a entidade a terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, tendo en conta ao Concello coma un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que se poida ocasionar ao local (continente) e mobiliario (contido) polos actos ou omisión de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 300.506,05 €. Anualmente a entidade cesionaria aportará ao servizo xestor, copia autenticada do abono do seguro.

BASE 11ª. OBRIGAS DA ENTIDADE

As entidades quedan obrigadas:

- a) Á conservación, mantemento e limpeza do local.
- b) A utilizar o local exclusivamente para o cumprimento dos fins de interese xeral que xustificaron a súa cesión, que deberán iniciarse no prazo máximo dun mes desde a notificación do acordo de cesión de uso salvo por causa non imputable ao cesionario.

O destino do local aos fins sinalados na cesión débese manter durante todo o tempo da cesión e sen que poida ser obxecto de arrendamento, cesión ou outro negocio xurídico a persoa física ou xurídica ningunha.

O Concello está habilitado para comprobar, en calquera momento, o cumprimento da aplicación ao fin para o que foi cedido e poderá adoptar para iso cantas medidas de control sexan necesarias.

- c) A comunicar con antelación calquera obra ou reforma que proxecte realizar no local, que, en todo caso, deberá contar coa autorización do Concello de Vigo e no seu caso, coa oportuna licenza de obras.

- d) Ao abono dos gastos que se deriven do uso e mantemento do inmovible como son os correspondentes ao consumo de luz, auga, teléfono e os demais gastos correntes de mantemento que sexan precisos, sendo da súa conta a contratación de tales prestacións, as súas modificacións e a súa baixa.

Así mesmo, a entidade cesionaria farase cargo do abono dos gastos de comunidade que puidesen corresponder ao inmovible cedido.

- e) A subscribir unha póliza de responsabilidade civil, á súa renovación ou subscripción anual, que cubra os posibles danos que se poidan ocasionar ao propio inmovible. A entidade será responsable directa dos danos e perdas ocasionados a terceiros no local cedido causados polos seus membros e usuarios, por acción ou omisión, dolo ou negligencia.

Anualmente, deberase remitir ao Concello de Vigo unha copia da póliza subscrita, das súas renovacións así como unha copia do recibo abonado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 120 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

- f) A obter cantas licenzas e autorizacións se precisen para o desenvolvemento da actividade por ela pretendida.
- g) A presentar anualmente unha memoria das actividades realizadas no local adxudicado, horario de actividades, frecuencia de utilización do local e número de usuarios e/ou beneficiarios, así como do equipo directivo da asociación, e das datas de renovación da mesma conforme ços seus estatutos; de producirse a renovación fora do regulamento ordinario, comunicarse ao Concello de Vigo no mesmo momento que se realice, no que deberá constar cando menos a data e hora, enderezo e orde do día.
- h) A instalar dúas placas, unha de cando menos 841 x 1189 mm na entrada do local, que indique que o uso do local foi cedido polo Concello de Vigo, e outra de 420 x 594 mm, en lugar preferente do salón de actos ou en ausencia do mesmo en espazo de uso similar. A placa deberá ter as características indicadas polo Concello no Anexo I.
- i) Non causar molestias á veciñanza nin perturbar a tranquilidade da zona.
- j) Non ceder a terceiros, nin total nin parcialmente, o uso do local.
- k) Reverter ao Concello o local unha vez extinguido o prazo de cesión.
- l) Permitir ao Concello a facultade de inspección e control do cumprimento do acordo de cesión.
- m) Permitir ao Concello a suspensión temporal da cesión de uso para a organización de actos cando existan razóns de interese público que o xustifiquen.
- n) Deixar libre o local cando o Concello deixe sen efecto o acordo de cesión de uso, previo trámite de audiencia.
- ñ) Non realizar as actividades con fins comerciais e/ou lucrativos senón para promover o desenvolvemento integral da persoa, fomento da convivencia e incremento da participación cidadá mediante a prestación de servizos e desenvolvemento de actividades, promovendo a dinamización e diversidade da oferta sociocultural da cidade.
- o) Dar cumprimento aos requisitos establecidos pola normativa sectorial vixente para realizar e impartir actividades de formación e lecer e reunir todas as condicións necesarias para o seu desenvolvemento.
- p) Dar cumprimento ao esixido polo Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa que sexa de aplicación.
- q) Dar cumprimento ás normas sobre prevención de riscos laborais e as indicadas pola administración municipal para garantir a seguridade dos usuarios das instalacións.

BASE 12ª. POTESTADES MUNICIPAIS

1. O Concello poderá inspeccionar as actividades que realicen as entidades nos locais municipais obxecto de cesión coa finalidade de comprobar o cumprimento das condicións establecidas no acordo de cesión.
2. Dentro do prazo establecido no acordo de cesión do local, e en función das peticións de locais que se formulen ou o contido das memorias que deben presentar as entidades cesionarias de locais municipais, o Concello poderá modificar de forma

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 121 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

unilateral o réxime de uso (compartido ou exclusivo), así como as condicións ou horarios, para adecualos ás necesidades ou circunstancias reais de uso das distintas asociacións ou colectivos, ou ben para determinar a obriga de compartir o uso dun local que ata o momento era utilizado de forma exclusiva, coa finalidade de optimizar o uso dos bens integrantes do catálogo e prestar o mellor servizo á cidadanía.

3. O Concello poderá, previo aviso, suspender temporalmente e sen dereito a indemnización, as cesións que se regulan nas presentes bases, no caso de que se necesiten os locais cedidos para a organización de actos cando existan razóns de interese público que o xustifiquen.

III. EXTINCIÓN E REVOGACIÓN

BASE 13ª. CAUSAS DE EXTINCIÓN

1. A finalización do prazo de cesión será unha causa de extinción inmediata, debendo deixarse os locais libres e a disposición do Concello, en perfecto estado de conservación.

2. A extinción anticipada da cesión efectuarase por acordo motivado do órgano competente, previa tramitación de expediente con audiencia á entidade cesionaria.

3. O acordo de cesión pode extinguirse:

- a. Por vencemento do prazo.
- b. Por perda física ou xurídica do ben sobre o que foron outorgadas.
- c. Por afectación do ben á prestación dun uso ou servizo público.
- d. Por mutuo acordo.
- e. Por revogación por incumprimento das obrigacións da entidade cesionaria.
- f. Por resolución xudicial.
- g. Por renuncia da entidade cesionaria.
- h. Por disolución da entidade cesionaria.
- i. Por necesidade, suficientemente motivada, de uso do local para a prestación doutros servizos públicos que o requiran.
- j. Cando se extinga o dereito que o Concello teña sobre os bens.
- k. Por un uso inadecuado do local.
- l. Pola falta ou escasez de actividade, debidamente contrastada.
- m. Por causa de interese público apreciada polo Concello ao obxecto de destinar o uso do local a outros usos considerados preferentes ou para fins de interese xeral.

4. A extinción da cesión ou da autorización de uso por calquera das causas citadas non dará dereito á entidade ou asociación afectada a ningún tipo de indemnización ou compensación económica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 122 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

BASE 14ª. CAUSAS DE REVOGACIÓN POR INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DA ENTIDADE CESIONARIA

1. A revogación da cesión procederá nos seguintes casos:

- a. Por non destinar o local aos fins ou actividades para os que se solicitaron.
- b. Por non prestar a debida dilixencia e coidado no cumprimento das obrigas de uso e conservación.
- c. Pola adopción de acordos de traspaso, cesión ou autorización de uso a un terceiro.
- d. Polo incumprimento das obrigas que, no seu caso se contraesen, de abono dos gastos de mantemento e subministracións por un período continuado de tres meses.
- e. Pola falta de uso do local por un período continuado de tres meses.
- f. Por incumprir as instrucións ditadas polo Concello ou impedir a facultade de inspección.
- g. Por incumprimento do deber de presentar a memoria anual, a póliza do seguro subscriba, as súas renovacións e o recibo do pago do seguro.
- h. Por realización de obras non autorizadas previamente polo Concello.
- i. Por impedir o uso compartido.
- j. Polo desenvolvemento de actividades non permitidas.
- k. Por non estar claramente identificado o local como de propiedade do Concello de Vigo.
- l. Por realizar as actividades con fins comerciais e/ou lucrativos
- m. Por incumprir os requisitos establecidos pola normativa sectorial vixente para realizar e impartir actividades de formación e lecer e reunir todas as condicións necesarias para o seu desenvolvemento.
- n. Por incumprir o esixido polo Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa que sexa de aplicación
- ñ. Por incumprimento das normas sobre prevención de riscos laborais e demais normativa fixada polas autoridades sanitarias competentes e as indicadas pola administración municipal para garantir a seguridade dos usuarios das instalacións

2. A revogación da cesión efectuarase por acordo do órgano competente, previa tramitación de expediente, con audiencia á persoa responsable da entidade cesionaria.

IV. PROCEDEMENTO XERAL EN LIBRE CONCORRENCIA PARA A CESIÓN DE USO DE LOCAIS MUNICIPAIS

BASE 15ª. CONVOCATORIA

O Concello de Vigo efectuará, unha vez aprobadas as bases reguladoras, unha convocatoria no primeiro trimestre de cada ano, sempre que existan locais dispoñibles, na que se seleccionará en concorrencia competitiva ás entidades ou asociacións ás que se lle cederá o uso dos ditos locais, debendo dar a oportuna publicidade das mesmas.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 123 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O anuncio da convocatoria do concurso publicarase na páxina web do Concello de Vigo e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A convocatoria poderá ser específica para unha tipoloxía por actividade de asociación, podendo determinarse os criterios de aduxicación específicos e documentación a presentar na convocatoria polo departamento municipal correspondente.

BASE 16ª. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

1. As instancias, en modelo normalizado, para participar no procedemento achegaranse por vía electrónica a través da Sede electrónica do Concello de Vigo, asinadas dixitalmente pola asociación ou entidade sen ánimo de lucro.

A presentación de instancia supón por parte da entidade a aceptación expresa das cláusulas destas Bases e a declaración responsable de que reúne as condicións subxectivas esixidas nas presentes bases para resultar entidade cesionaria de uso dos locais vacantes.

2. Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

BASE 17ª. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

As entidades solicitantes deberán achegar, xunto coa solicitude de participación, a seguinte documentación en formato dixital:

- Documentos acreditativos da aptitude para acceder á cesión de uso da entidade ou asociación proponente, e serán os seguintes:

1. Declaración responsable da persoa representante da entidade de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición de contratar establecidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

2. Compromiso da entidade de facer fronte aos gastos derivados da utilización do inmovible e á contratación do seguro de responsabilidade civil esixido nestas bases.

3. Memoria de actividades e orzamento executado, onde se detallen:

a) as actividades, programas, e/ou servizos realizados pola asociación/entidade durante o último ano,

b) as actividades realizadas en colaboración co Concello,

c) número de usuarios ou beneficiarios dos devanditos programas

d) equipo directivo da asociación.

e) datas de renovación dos representantes da entidade, se a mesma está prevista nun prazo inferior a un ano desde a solicitude de cesión.

f) orzamento executado no ano anterior ao da convocatoria.

No caso de que a entidade tivese unha existencia inferior a un ano, a memoria e o orzamento conterán todas aquelas actuacións realizadas desde a súa data de constitución.

3. Programa de actividades da entidade para o ano da convocatoria detallando aquelas iniciativas e/ou actividades a desenvolver no local obxecto desta convocatoria,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 124 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

frecuencia de utilización do local, horario de actividades e número de usuarios e/ou beneficiarios estimados.

4. Documentación acreditativa cando se trate dunha coordinadora, federación ou outras formas de agrupación de entidades.

5. No seu caso, documento no que se establezan as condicións para compartir o local: horario, número de usuarios, actividade a desenvolver.

6. Certificado do/a secretario/a da entidade co visto e prace do seu presidente sobre o número de persoas socias existentes no ano da convocatoria.

BASE 18ª. APERTURA DE DOCUMENTACIÓN

a) Cualificación da documentación acreditativa da aptitude para acceder á cesión de uso. Admisión.

Finalizado o prazo para a presentación de instancias, polo departamento municipal correspondente procederase a cualificar a relación de documentos acreditativos da aptitude para acceder á cesión de uso. Neste acto de apertura, se se observasen defectos ou omisións emendables, notificarase á entidade ou asociación interesada para que emende os erros que se poidan advertir na documentación presentada concedendo un prazo de tres (3) días hábiles para que os solicitantes as emenden, con indicación de que se non o fixer teráselle por desistida na súa petición.

Trascurrido o prazo de corrección publicarase na web do Concello unha lista cas asociacións e entidades admitidas e excluídas.

b) Apertura da documentación relativa aos Criterios de Valoración

Finalizado o prazo de presentación de instancias e o prazo de enmenda de documentación, o Servizo correspondente, procederá a elaborar o informe que servirá de base á valoración e cualificación que deba efectuar a Comisión de Avaliación con arranxo aos criterios expresados na base 22 das presentes bases reguladoras e deberá evacuarse no prazo máximo de 15 días hábiles.

BASE 19ª. AVALIACIÓN E PROPOSTA POLA COMISIÓN DE AVALIACIÓN

Trascurridos os 15 días, a Comisión de Avaliación reunirse a fin de avaliar as propostas.

O ditame da Comisión de Avaliación reflectirá a orde de adxudicación dos locais segundo a puntuación obtida por aplicación dos criterios de valoración establecidos na base 22 ou na convocatoria adscribíndose aos servizos municipais competentes por razón da actividade da entidade, con indicación do prazo de cesión e posibilidade de prórroga.

En todo caso, a proposta de cesión efectuada pola Comisión de Avaliación non creará ningún dereito a favor das asociacións incluídas na mesma ata que non se acorde a cesión polo órgano competente, previa acreditación por parte da asociación ou entidade, no prazo máximo de dez días hábiles desde que sexa requirida polo servizo municipal competente, de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 125 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

BASE 20ª. CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA ENTIDADES VECIÑAIS

Os criterios que se terán en conta para valorar as solicitudes son os seguintes:

1) Implicación da asociación ou entidade no "tecido social" do barrio onde se sitúe o local que se pretende acceder ao seu uso (ata **15 puntos**).

Serán obxecto de valoración os seguintes extremos:

- a) Actividades realizadas en coordinación ca asociación veciñal do barrio (ata 3 puntos). Se a entidade solicitante é a asociación veciñal do barrio outorgáranse a puntuación máxima (no caso de existir máis dunha entidade veciñal solicitante rexistrada no mesmo barrio, outorgárase a puntuación proporcionalmente entre as solicitantes).
- b) Actividades realizadas con outras asociacións sectoriais ou tecido social desa zona (ata 3 puntos)
- c) Actividades abertas realizadas: colaboración en festas, campañas, actividades, eventos, etc (ata 3 puntos)
- d) Ámbito da entidade (ata 3 puntos): Local (3 puntos), Autonómica e provincial (2 puntos), Estatal (1 punto).
- e) Exclusividade no ámbito de actuación: só a entidade presta ese servizo (ata 3 puntos).

2) Traxectoria da entidade (ata **30 puntos**).

Serán obxecto de valoración:

- a) Proxectos e actividades realizadas no ano anterior á convocatoria (ata 10 puntos).
- b) Actividades e proxectos realizados co Concello de Vigo (ata 10 puntos)
- c) Núm. de asociados: máximo de 10 puntos

De 10 a 50 socios/as	2 puntos
De 51 a 100 socios/as	4 puntos
De 101 a 150 socios/as	6 puntos
Máis de 150 socios/as	8 puntos
Máis de 200 socios/as	10 puntos

3) Impacto dos programas, actuacións e/ou servizos realizados (ata **25 puntos**).

A valoración efectuarase en razón a:

- a) Número de persoas usuarias ou beneficiadas (ata 15 puntos).
- b) Interese social dos proxectos (ata 10 puntos).





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

- 4) Que se trate de coordinadoras, federacións ou outras formas de agrupación de entidades (**ata 4 puntos**).

En función dos colectivos ou entidades asociadas:

De 1 a 5 colectivos ou entidades	1 puntos
De 6 a 10 colectivos ou entidades	2 puntos
De 11 a 15 colectivos ou entidades	3 puntos
Máis de 16 colectivos ou entidades	4 puntos

- 5) Disponibilidade da asociación para compartir o uso do local con outras entidades (**ata 10 puntos**).

Valoraranse as asociacións que teñan dispoñibilidade para compartir o local.

- 6) Programa de actividades da entidade para o ano da convocatoria detallando aquelas iniciativas e/ou actividades a desenvolver no local obxecto desta convocatoria, frecuencia de utilización do local, horario de actividades e número de usuarios e/ou beneficiarios estimados (**ata 5 puntos**).

6. Mecanismos de financiamento (**ata 5 puntos**). A súa finalidade é valorar a capacidade de cada asociación para acadar financiamento por outros medios que non sexan axudas públicas, tentando camiñar hacia un grao maior de autofinanciamento das asociacións.

Valorarase a porcentaxe de autofinanciamento do programa anual a través da memoria e sobre orzamento executado, cun máximo de 5 puntos:

Ata o 10%	1 punto
Do 10% o 25%	3 puntos
Máis do 25%	5 puntos

7. Outras circunstancias para valorar (**ata 6 puntos**). A súa finalidade é axustar descompensacións que poidan existir pola variedade das asociacións e primar aquelas actividades de interese xeral para o cidadán, que traten problemáticas de ámbito e repercusión directa na cidade, que impliquen máis traballo e que sexan de máis difícil participación.
8. Minorarase a puntuación total outorgada á entidade no caso de ter outro local cedido por outra Administración Pública:

S.ord. 05/07/2026



Un local	- 5 puntos
De 2 a 4 locais	-10 puntos
Máis de 5 locais	- 15 puntos

BASE 21ª. COMISIÓN DE AVALIACIÓN

1. Composición.

A Comisión de Avaliación estará integrada por:

Presidente/a: o concelleiro delegado da área correspondente según tipoloxía de actividade ou en que delegue.

Vogais:

- Xefe/a do servizo correspondente ou persoa en quen delegue.
- Técnico/a de Xestión do servizo ou na súa ausencia Administrativo/a do servizo correspondente
- Secretario/a: Actuará como secretario/a quen ostente a secretaría de Administración municipal ou un/unha técnico de administración xeral da rama xurídica.

2. Funcións.

- Propoñer a adxudicación dos locais ás asociacións ou entidades admitidas.
- Interpretación das presentes bases, resolvendo aquelas cuestións ou circunstancias excepcionais que poidan xurdir durante todo o concurso, sen prexuízo dos informes que procedan.

3. Quorum.

Para a válida constitución da Comisión de Avaliación, requirirase que estean presentes polo menos a metade máis un dos seus membros, entre os que necesariamente estarán o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoa en quen delegue.

BASE 22ª. FUNCÍONS DO SERVIZO CORRESPONDENTE

Son funcións do Servizo :

- a) Analizar as solicitudes presentadas á convocatoria e solicitar, se procede, información adicional de parte das asociacións ou entidades interesadas.
- b) Elaborar o informe que servirá de base á valoración e cualificación que deba efectuar a Comisión de Avaliación con arranxo aos criterios expresados na base 22 das presentes bases reguladoras ou convocatoria
- c) Comunicar o ditame da Comisión de Avaliación ca orde de adxudicación dos locais segundo a puntuación obtida por aplicación dos criterios de valoración establecidos na base 22 ou convocatoria, adscribíndose aos servizos municipais competentes por razón da actividade da entidade, con indicación das regras básicas de uso e goce, prazo de cesión e posibilidade de prórroga.
- d) Instruir o correspondente expediente para a prórroga da cesión de uso dos locais adscritos ao servizo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 128 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

e) Revogar as cesións de uso dos locais adscritos ao servizo cando exista un incumprimento por parte da asociación ou entidade das obrigas establecidas nas presentes bases.

V.-RÉXIME TRANSITORIO

Disposición Transitoria Primera. Régimen transitorio de ocupación para entidades en situación de precario.

As organizacións, asociacións ou colectivos sen ánimo de lucro que, á data de aprobación das presentes bases, se atopen ocupando e facendo uso de locais de propiedade municipal con autorización en precario ou provisional ou tácitamente prorrogadas, poderán regularizar temporalmente a súa situación e continuar no uso dos devanditos inmobles por un prazo transitorio máximo de seis anos, ou ata que se resolva a primeira convocatoria do procedemento de libre concorrência estipulado no Título IV, se isto ocorre con anterioridade.

Disposición Transitoria Segunda. Requisitos mínimos exigibles e procedemento de regularización.

Para acollerse ao réxime descrito na disposición transitoria anterior, as entidades interesadas deberán presentar no prazo máximo de 30 días hábiles desde a publicación destas bases, unha declaración responsable e a documentación acreditativa do cumprimento dos seguintes requisitos mínimos, contemplados no réxime xeral de uso:

- Estar debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) do Concello de Vigo e desenvolver a súa actividade con carácter estable na cidade.
- Declaración responsable da persoa representante da entidade de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición de contratar establecidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Asumir a conservación diligente do local, así como a contratación e o abono íntegro dos gastos derivados de subministracións (electricidade, auga, etc.), limpeza, mantemento e os gastos de comunidade que puidesen corresponder.
- Acreditar a subscrición e abono dunha póliza de seguro de responsabilidade civil xeneral, que inclúa a responsabilidade civil locativa cun límite de indemnización mínima de 300.000 euros, contemplando ao Concello de Vigo como un dos asegurados.
- Destinar o local exclusivamente ao cumprimento dos fins de interese xeral e social da entidade, quedando estritamente prohibido o arrendamento, cesión total ou parcial a terceiros, ou o uso para fins comerciais e/ou lucrativos.
- Memoria de actividades proxectadas.
- Declaración de coñecer as presentes bases e súa suxección ao réxime xurídico establecido nas mesmas.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 129 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Disposición Transitoria Terceira. Revogación da autorización temporal e potestades municipais.

A autorización transitoria regulada neste apartado non exime ás entidades de someterse ás potestades municipais. O Concello de Vigo poderá inspeccionar os locais e suspender temporalmente a cesión ou declarar súa extinción, por motivos de interese público municipal, sen que en ningún caso dea dereito á entidade ou asociación afectada a ningún tipo de indemnización ou compensación económica. O incumprimento de calquera das obrigacións recollidas na Disposición Transitoria Segunda, así como a falta de presentación da documentación requirida en prazo, será causa de revogación inmediata da autorización transitoria, debendo a entidade deixar o local libre, a disposición do Concello e en perfecto estado de conservación.

17(474) RESOLUCIÓN DE RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO NO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS DE CABO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PROMOCIÓN INTERNA, CONCURSO-OPOSICIÓN: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021-2022. EXPTE. 46473/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 01/06/2026, asinado pola presidenta e pola secretaria do Órgano de Selección do referido proceso selectivo, que di o seguinte:

De conformidade coa acta nº 13 da sesión do órgano de selección, celebrada o 29 de maio de 2026, na que se adoptaron os seguintes **ACORDOS**:

1. Acordo de inadmisión por extemporaniedade en relación co recurso de alzada presentado en data 23 de marzo de 2026 (mediante os documentos nº 260067107, 260067108 e 260067110) polo aspirante Don Moisés Calvar Ríos (DNI ***4237**) contra o acordo do órgano de selección, adoptado na sesión celebrada o día 15 de xaneiro de 2026, que resolveu as reclamacións interpostas polos aspirantes ao primeiro exercicio obrigatorio da fase de oposición (suposto test),
2. Acordo de desestimación parcial e inadmisión parcial en relación co recurso de alzada presentado en data 14 de marzo de 2026 (documento nº 260062037) polo aspirante Don Antonio Rodríguez Freitas (DNI ***7308**) contra o acordo do órgano de selección, adoptado na sesión celebrada o día 17 de febreiro de 2026 (acta nº 12), que resolveu as reclamacións interpostas polos aspirantes ao segundo exercicio obrigatorio da fase de oposición (suposto teórico-práctico),

Elévase á Xunta de Goberno Local o seguinte **informe-proposta**:

I.- Recurso de alzada presentado en data 23 de marzo de 2026 (mediante os documentos nº 260067107, 260067108 e 260067110) polo aspirante Don Moisés Calvar Ríos (DNI *4237**) contra o acordo do órgano de selección, adoptado na sesión celebrada o**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 130 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

día 15 de xaneiro de 2026, que resolveu a reclamacións interpostas polos aspirantes ao primeiro exercicio obrigatorio da fase de oposición (suposto test):

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Constitución Española (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- Bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura de prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público (OEP) dos anos 2020, 2021 e 2022, aprobadas pola Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria de 19 de xaneiro de 2024 (BOPPO nº 107, de 3 de xuño de 2024) e 23 de agosto de 2024 (BOPPO nº 179, de 13 de setembro de 2024).

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- En data 17 de decembro de 2025 realizouse na Aula de Formación da Policía Local, sita na Casa do Excmo. Concello de Vigo, o primeiro exercicio obrigatorio da fase de oposición consistente en contestar por escrito, un cuestionario tipo test elaborado polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio, de 50 preguntas e 10 de reserva, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, e fixando o tempo para a súa realización en 90 minutos.

Segundo.- En data 19 de decembro de 2025 publicáronse os resultados deste 1º exercicio outorgando un prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte á data da súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios segundo se establece na Base Xeral Décimo Oitava, para a presentación de reclamacións.

Don Moisés Calvar Ríos, mediante os documentos núms. 250362929, 250362931 e 250362932, presentou en data 23 de decembro de 2025 no rexistro electrónico do Concello reclamación impugnado as preguntas números 6, 24 e 27 do test.

As reclamacións presentadas foron resoltas polo órgano de selección en acordo de data 15 de xaneiro de 2026 (Acta nº 8), publicado o 19 de xaneiro de 2026. Neste acordo de 15 de xaneiro de 2016 desestimouse a reclamación presentada en data 23 de decembro de 2025 por Don Moisés Calvar Ríos.

Na publicación do acordo, realizada o 19 de xaneiro de 2026, informábase aos aspirantes, segundo o disposto na Base Xeral Décimo Oitava (*INCIDENCIAS*), que contra o mesmo cabía interpoñer recurso de alzada perante o órgano que designou ao Órgano de Selección (Xunta de Goberno Local) no prazo de un mes (1), contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación, finalizando dito prazo o día 20 de febreiro de 2020.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 131 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- En data 23 de marzo de 2026, mediante os documentos nº 260067107, 260067108, 260067110, o aspirante Don Moisés Calvar Ríos (DNI ***4237**) presenta no rexistro electrónico do Concello tres escritos solicitando, con relación ao primeiro exercicio da fase da oposición, a revisión das preguntas test números 6, 24 e 27, non obstante, non cualifica os seus escritos como recurso de alzada.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Error ou ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente.

Ao abeiro do disposto no art. 115.2 da Lei 39/2015, o error ou ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter. Deste xeito, deberán considerarse os documentos números 260067107, 260067108 e 260067110, presentados no rexistro electrónico deste Concello por Don Moisés Calvar Ríos, como “recurso de alzada” interposto contra o acordo do órgano de selección, adoptado na sesión celebrada o día 15 de xaneiro de 2026, que resolveu as reclamacións interpostas polos aspirantes ao primeiro exercicio da fase de oposición (suposto test),

Segunda.- Sobre o recurso de alzada. O artigo 121 da Lei 39/2015 regula o recurso de alzada dispoñendo que:

“1. As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou. Para estes efectos, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano a que estean adscritos ou, na súa falta, do que fíxese o nomeamento do seu presidente.

2. O recurso poderase interpor perante o órgano que ditou o acto que se impugna ou perante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxese perante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente. O titular do órgano que ditou o acto impugnado será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior.”

Terceira.- Prazo para interposición do recurso de alzada:

O artigo 122 da Lei 39/2015 establece que o prazo para interpoñer o recurso de alzada será de un mes (1), se o acto fora expreso.

Cuarto.- Na publicación do acordo de data 15 de xaneiro de 2026, realizada o 19 de xaneiro de 2026, informábase aos aspirantes, segundo o disposto na Base Xeral Décimo Oitava (*INCIDENCIAS*), que contra o mesmo cabía interpoñer recurso de alzada perante o órgano que designou ao Órgano de Selección (Xunta de Goberno Local) no prazo de un mes (1), contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación, finalizando dito prazo o día 20 de febreiro de 2020. Deste xeito o recurso de alzada interposto en data 23 de marzo de 2026, mediante os documentos nº 260067107, 260067108 e 260067110, polo aspirante Don



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 132 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Moisés Calvar Ríos resulta extemporáneo e debe ser inadmitido segundo o previsto no art. 116.d) da Lei 39/2015.

En mérito da motivación que antecede, procede inadmitir o recurso de alzada interposto.

Quinto.- Competencia. Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do presente recurso de alzada.

II.- Recurso de alzada presentado en data 14 de marzo de 2026, mediante o documento nº 260062037, polo aspirante Don Antonio Rodríguez Freitas (DNI *7308**) contra o acordo do órgano de selección, adoptado na sesión celebrada o día 17 de febreiro de 2026, que resolveu a reclamación interpostas polos aspirantes ao segundo exercicio da fase de oposición (suposto teórico-práctico).**

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Constitución Española (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- Bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura de prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público (OEP) dos anos 2020, 2021 e 2022, aprobadas pola Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria de 19 de xaneiro de 2024 (BOPPO nº 107, de 3 de xuño de 2024) e 23 de agosto de 2024 (BOPPO nº 179, de 13 de setembro de 2024).

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- En data 23 de xaneiro de 2026 realizouse na Aula de Formación da Policía Local, sita na Casa do Excmo. Concello e Vigo, o segundo exercicio obrigatorio da fase de oposición consistente en contestar por escrito, un suposto teórico-práctico elaborado polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio, e fixando o tempo para a súa realización en 60 minutos.

Segundo.- En data 04 de febreiro de 2026 publicáronse os resultados deste 2º exercicio outorgando un prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte á data da súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios segundo se establece na Base Xeral Décimo Oitava, para a presentación de reclamacións.

Con data 06 de febreiro de 2026, Don Antonio Rodríguez Freitas presentou no rexistro electrónico deste Concello reclamación mediante os documentos nº 260029976 -

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 133 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

260029978, sendo integramente desestimada por acordo do órgano de selección adoptado na sesión de 17 de febreiro de 2026.

As reclamacións presentadas foron resoltas polo órgano de selección en acordo de data 17 de febreiro de 2026 (Acta nº 12), publicado o 18 de febreiro de 2026.

Terceiro.- En data 14 de marzo de 2026, mediante o documento nº 260062037, o aspirante Don Antonio Rodríguez Freitas presenta no rexistro electrónico do Concello recurso de alzada contra o acordo de 17 de febreiro de 2026.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Primeira.- Sobre o recurso de alzada. O artigo 121 da Lei 39/2015 regula o recurso de alzada dispoñendo que:

“1. As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.

Para estes efectos, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano a que estean adscritos ou, na súa falta, do que fixese o nomeamento do seu presidente.

2. O recurso poderase interpor perante o órgano que ditou o acto que se impugna ou perante o competente para resolvelo. Se o recurso se interpuxese perante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente. O titular do órgano que ditou o acto impugnado será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior.”

Segunda.- Concorrenca ou non dos requisitos de admisión do recurso de alzada.

Concorren os requisitos de competencia, lexitimación e prazo, polo que procede admitir parcialmente a trámite o recurso de alzada interposto.

Terceira.- Análise das alegacións nas que se basea o recurso.

O recurso presentado ten catro apartados, polo que se procede a informar cada apartado separadamente.

- 1º Apto.

Manifesta o reclamante que existe un protocolo de tren de saída, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local no ano 2010, e considera que se trata dunha norma de obrigado cumprimento que establece para incendios industriais /garaxes un protocolo preceptivo de saída con vehículos de apoio (BNP-nodriza).

Este aspirante manifesta que no desenvolvemento do suposto debe preceptivamente observarse o Protocolo Oficial, aprobado pola Xunta de Goberno Local no ano 2010, ao tratarse dunha unha disposición legal vixente do Concello de Vigo. Entende que o desenvolve-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 134 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

mento do seu suposto axustouse a esa norma. Considera que o aspirante que non houbera mobilizado o BNP (Nodriz) cometeu un erro esencial que debe ser puntuado con cero (0) puntos.

Don Antonio Rodríguez Freitas achega copia da proposta de acordo asinado en data 22 de decembro de 2010 polas seccións sindicais do concello de Vigo e os concelleiros delegados de seguridade, mobilidade e transportes e xestión municipal, que establece os tren de saída-tipo establecendo para o sinistro "incendio en aparcamento subterráneo e sótano" os seguintes vehículos: BUP-BNP. Non achega copia do acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local en 2010 en contra do que manifesta.

Con data 28 de maio de 2026, a solicitude da Secretaria do Órgano de Selección, o Subxefe do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS), emitía informe nos seguintes termos: "(...) *En relación coa solicitude de informe formulada mediante dilixencia de data 19 de maio de 2026, documento nº 260125229, incorporada ao expediente 46473/220, infórmase o seguinte: Segundo os antecedentes obrantes neste Servizo e salvo erro ou omisión involuntaria, non consta a existencia dun protocolo de tren de saída aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local ou asinado pola persoa titular da Concellería delegada da Área (...)*".

Con data 29 de maio de 2026, o Subxefe do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento, emitía informe ampliatorio nos seguintes termos: "(...) *Os protocolos operativos empregados polo Servizo constitúen pautas técnico-operativas internas de referencia para a organización da resposta inicial, sen prexuízo da súa adaptación ás circunstancias concretas de cada intervención polo mando actuante. Conforme ao Regulamento do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, a organización, dirección e execución operativa das intervencións intégrase no ámbito propio da estrutura xerárquica e de mando do Servizo. Neste marco, a elaboración, actualización e publicación interna ordinaria deste tipo de pautas técnico-operativas intégrase no ámbito da organización, dirección e execución operativa do Servizo, así como nas instrucións, circulares e comunicacións internas que poidan dítarse para o seu bo funcionamento, sen que conste que requira, por si mesma, aprobación mediante acordo da Xunta de Goberno Local, sinatura da persoa titular da Concellería delegada da Área ou negociación sindical específica. O anterior enténdese sen prexuízo de que deban someterse ao órgano competente ou, de ser o caso, aos procedementos de consulta ou negociación que procedan, aquelas decisións que, polo seu contido, excedan da mera organización técnico-operativa interna e afecten a materias suxeitas a aprobación formal, tales como mínimos de persoal, réxime de xornada, condicións de traballo, estrutura organizativa ou outras materias reservadas legalmente.*

A previsión dun determinado tren de saída nos protocolos operativos non implica que a mobilización dos medios materiais ou persoais opere en todo caso de forma automática e allea á información dispoñible, á tipoloxía do aviso, á localización, á evolución da intervención, á dispoñibilidade de recursos e ás decisións do mando operativo. Os protocolos vixentes en cada momento son postos á disposición do persoal do Servizo para o seu coñecemento. En relación coa rede de hidrantes de titularidade municipal, este Servizo pode empregala como recurso operativo ordinario de apoio nas intervencións, especialmente no ámbito urbano, sen que conste neste Servizo, salvo erro ou omisión involuntaria, unha incidencia xeral ou estrutural comunicada que impida ou desaconselle o seu uso con carácter xeral, sen prexuízo das

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 135 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

incidencias puntuais ou condicionantes concretos que deban ser valorados polo mando actuante. O presente informe ten carácter técnico-informativo e emítense para os efectos de aclarar o alcance do informe anterior, sen entrar na valoración das puntuacións, criterios de corrección ou decisións que correspondan ao órgano de selección no ámbito do proceso selectivo. É canto se informa para os efectos oportunos (...)”.

Segundo manifestan os membros do órgano de selección na sesión de 29 de maio de 2026, o Protocolo do PSEIS de Vigo do ano 2010, ao que alude o aspirante, está obsoleto, sendo actualmente substituído polo que se achega coa acta nº 13 que está incorporado a GES-PARQUES.

Este Protocolo non é unha norma xurídica de obrigado cumprimento senón que é unha mera guía de actuación, elaborada polos mandos do PSEIS, que non foi aprobado por ningún órgano municipal, que trata de servir de guía base flexible, adaptándose ás características da intervención, para a mobilización dos vehículos e accións dos seus membros axeitadas ao tipo de intervención.

O órgano de selección na sesión celebrada o 29 de maio de 2026 considerou que non ten razón o aspirante por cando non é imprescindible mover o BUP (Nodriza) neste suposto por canto ao ter lugar a intervención en casco urbano está garantido o abastecemento de auga pola rede de hidrantes, cousa diferente, se o sinistro tivese lugar no extraradio da cidade, onde non exista rede de hidrantes.

O actual protocolo considera que, segundo as particularidades do sinistro, poderase mover o BUP (bomba urbana pesada)-BUL (bomba urbana ligera)-AEA/ABA (autoescalera automática/autobrazo articulado)- BNP (bomba nodriza pesada). Deste xeito, o tribunal entende que o futuro mando debe valorar os medios que vai a mobilizar en función da información que recibe do sinistro.

Don Antonio Rodríguez Freitas obtivo puntuación polo item “protocolos” pero non pode pretender que se puntúe con cero puntos aos aspirantes que non saíran preceptivamente co vehículo BUP (Nodriza).

- **2º Apto.**

Manifesta que non mobilizar o vehículo BNP (nodriza) é unha temeridade, xa que compromete a seguridade dos intervinentes e da operación, por canto o PSEIS de Vigo non dispón dunha rede de hidrantes garantida con revisións actualizadas. Considera que a súa resposta foi correcta xa que asegura o caudal de auga con recursos propios e non se abandona ao azar, a que a rede de hidrantes esté operativa. O aspirante considera que tódolos demais aspirantes que non mobilizaran o vehículo BNP- Nodriza deben ser puntuados con cero (0) puntos.

O órgano de selección na sesión celebrada o 29 de maio de 2026 considerou que non ten razón o aspirante por cando non é imprescindible mover o BUP (Nodriza) neste suposto por canto ao ter lugar a intervención en casco urbano está garantido o abastecemento de auga pola rede de hidrantes, cousa diferente, se o sinistro tivese lugar no extraradio da cidade, onde non exista rede de hidrantes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 136 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Segundo informaba o subxefe do SPEIS en data 29 de maio de 2026, "(...) *En relación coa rede de hidrantes de titularidade municipal, este Servizo pode empregala como recurso operativo ordinario de apoio nas intervencións, especialmente no ámbito urbano, sen que conste neste Servizo, salvo erro ou omisión involuntaria, unha incidencia xeral ou estrutural comunicada que impida ou desaconselle o seu uso con carácter xeral, sen prexuízo das incidencias puntuais ou condicionantes concretos que deban ser valorados polo mando actuante (...)*".

- **3º Apto.**

Manifesta que o caso teórico-práctico que se propuso como exame non se axusta ás funcións de cabo, excedendo as funcións dese posto de traballo. Considera que o suposto tan só tería encaixe nunha proba para sarxentos do PSEIS.

O Órgano de Selección considerou na sesión de 29 de maio de 2026 que o suposto que foi obxecto de exame axústase ás funcións dun Cabo xa que é conforme a dereito posto que a Guía de Funcións Municipal, aprobada pola Xunta de Goberno Local en data 26/06/2020, contempla entre as funcións dun cabo, substituír ao sarxento en caso de ausencia deste e isto é precisamente o que prantexa o suposto práctico.

- **4º Apto.**

Neste punto 4º, Don Antonio Rodríguez Freitas impugna a pregunta nº 10 do primeiro exercicio test.

Na análise do recurso de alzada interposto por Don Antonio Rodríguez Freitas contra o acordo de 17 de febreiro de 2026, detéctase que no "*Punto 4º*" do mesmo, non se está a impugnar devandito acordo senón o acordo do órgano de selección, adoptado na sesión celebrada o día 15 de xaneiro de 2026, que resolveu as reclamacións interpostas polos aspirantes ao primeiro exercicio da fase de oposición (suposto test).

Na publicación do acordo de data 15 de xaneiro de 2026, realizada o 19 de xaneiro de 2026, informábase aos aspirantes, segundo o disposto na Base Xeral Décimo Oitava (INCIDENCIAS), que contra o mesmo cabía interpoñer recurso de alzada perante o órgano que designou ao Órgano de Selección (Xunta de Goberno Local) no prazo de un mes (1), contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación, finalizando dito prazo o día 20 de febreiro de 2020. Polo exposto resulta extemporáneo impugnar neste intre procedemental a pregunta nº 10 do test ao abeiro do previsto no art.122 da Lei 39/2015 .

Deste xeito o punto 4º do recurso de alzada interposto en data 14 de marzo de 2026, mediante o documento nº 260062037, polo aspirante Don Antonio Rodríguez Freitas resulta extemporáneo é debe ser inadmitilo segundo o previsto no art. 116.d) da Lei 39/2015.

Cuarto.- Competencia. Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do presente recurso de alzada.

En mérito da motivación que antecede, procede desestimar o recurso de alzada interposto nos seus apartados nº 1-2-3 e inadmitilo no seu apartado nº 4.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 137 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Inadmitir por extemporáneo o Recurso de alzada presentado en data 23 de marzo de 2026, mediante os documentos nº 260067107, 260067108, 260067110, polo aspirante Don Moisés Calvar Ríos (DNI ***4237**) contra o acordo do órgano de selección, adoptado na sesión celebrada o día 15 de xaneiro de 2026, que resolveu a reclamacións interpostas polos aspirantes ao primeiro exercicio da fase de oposición (suposto test).

Segundo.- Desestimar os apartados nº 1-2-3 do Recurso de alzada presentado en data 14 de marzo de 2026, mediante o documento nº 260062037, polo aspirante Don Antonio Rodríguez Freitas (DNI ***7308**) contra o acordo do órgano de selección, adoptado na sesión celebrada o día 17 de febreiro de 2026, que resolveu a reclamacións interpostas polos aspirantes ao segundo exercicio da fase de oposición (suposto teórico-práctico).

Terceiro.- Inadmitir parcialmente no seu apartado nº 4 o Recurso de alzada presentado en data 14 de marzo de 2026, mediante o documento nº 260062037, polo aspirante Don Antonio Rodríguez Freitas (DNI ***7308**) ao resultar extemporáneo segundo o previsto no art. 116.d) da Lei 39/2015, por canto impugna o acordo do órgano de selección, adoptado na sesión celebrada o día 15 de xaneiro de 2026, que resolveu a reclamacións interpostas polos aspirantes ao primeiro exercicio da fase de oposición (suposto test).

Cuarto.- Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións dispostos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Asemade, poderá interpoñerse calquera outro que resulte procedente en dereito.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(475) RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO DE PROVISIÓN DE TRES POSTOS DE TRABALLO DE LETRADO/A-ASESOR/A XURÍDICO ADSCRITOS A ASESORÍA XURÍDICA. EXPTE. 2019/1102.

Sométese a a aprobación o informe-proposta de data 28/05/2026, asinado pola secretaria de Goberno local e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 138 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

ANTECEDENTES DE FEITO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de maio de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo “ Adxudicar a Rosa María Otero Malvar o posto de letrado -asesor adscrito á Asesoría Xurídica (referencia posto na RPT: 1110105)”

En data 27 de maio de 2025 a interesada presenta escrito polo que comunica a existencia dun erro xa que, onde di "Rosa María Otero Malvar", debe dicir, " Rosa María Otero Malvárez".

Revisada a documentación obrante no expediente, procede a rectificación do error material conforme o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2025, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

Polo exposto, procede elevar a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**

PRIMEIRO.- Rectificar o apartado segundo do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 22 de maio de 2026 e,

onde dí

“Adxudicar a Rosa María Otero Malvar o posto de letrado -asesor adscrito á Asesoría Xurídica (referencia posto na RPT: 1110105)”,

debe dicir

“Adxudicar a Rosa María Otero Malvárez o posto de letrado -asesor adscrito á Asesoría Xurídica (referencia posto na RPT: 1110105)”.

SEGUNDO.- Notificar á interesada.

TERCEIRO.- Publicar anuncio no boletín oficial da provincia e sede electrónica.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 139 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

19(476) APROBACIÓN INICIAL DA «MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE REPARCELACIÓN DO POLÍGONO 1 DO PLAN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA». EXPTE. 5368/401.

Visto o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 26/05/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 20/05/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Examinado o presente expediente, tramitado a iniciativa particular do Instituto Galego de Vivenda e Solo (en diante IGVS), e a vista da derradeira documentación técnica inserida no Rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 9 de abril de 2026, asociada ao Documento Núm. 26008157, documentación toda ela redactada pola sociedade Arquitectos Botana, SL, de data marzo de 2026, asinada dixitalmente polo arquitecto director dos traballos A.B.C (colexiado núm. 2405) e pola avogada A.M.B.D.R, que anula e substitúe a anteriormente presentada, emítase o seguinte informe xurídico con proposta de acordo para o que resultan relevantes os seguintes,

I. ANTECEDENTES E FEITOS

I.I En data 29.07.2020 o Pleno do Excmo. Concello de Vigo acordou aprobar definitivamente a “2ª Modificación Puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia”, instrumento urbanístico promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (Exp. Núm. 15666/411); A referida MP, foi publicada no DOG núm. 183 do 09.09.2020, Normativa e Ordenanzas no BOP núm. 212 do 03.11.2020, e inscrita no Rexistro de Planeamento de Galicia con data do 09.10.2020, co núm. RPG00064/2020, polo que ten acadado plena vixencia e executividade.

I.II. En data 31.03.2023 a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria, acordou prestar aprobación con carácter definitivo ao «*Proxecto de urbanización do Polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia*» (Exp.5274/401).

I.III. Previa a súa oportuna tramitación, en data 20.09.2024 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, prestou aprobación, con carácter definitivo ao «*Proxecto de Reparcelación do polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia*» instrumento urbanístico de iniciativa pública, promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, -Organismo autónomo adscrito á Consellería de Vivenda e Planificación de infraestruturas da Xunta de Galicia-, que se integra e conforma pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo con data do 04.04.2024 (Doc. Núm. 240108417), documentación toda ela redactada pola sociedade “Arquitectos Botana, SL,” de data abril de 2024, asinada dixitalmente polo arquitecto director dos traballos A.B.C (colexiado núm. 2405 do COAG); (Exp. 5314/401); O acordo de aprobación definitiva foi publicado no Boletín oficial da provincia de Pontevedra núm. 192 de data 2 de outubro de 2024.

I.IV. Así as cousas, en datas 14.01.2026 (Doc. Núm. 260008245), 16.03.2026 (Doc. Núm. 260062240) e 09.04.2026 (Doc. Núm. 260081576), o Instituto Galego de Vivenda e Solo inscribiu no Rexistro electrónico desta XMU, sucesiva documentación técnica que se correspon-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 140 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

dente coa «*Modificación do Proxecto de Reparcelación do polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia*» redactada pola sociedade Arquitectos Botana, SL, de data marzo de 2026, e asinada dixitalmente polo arquitecto director dos traballos A.B.C (colexiado núm. 2405) e pola xurídica A.M.B.D.R.

I.V. Elevada a antedita documentación técnica a arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión, en data 23.04.2026 emite informe técnico favorable, cuxo alcance se refire a referida documentación técnica presentada con data do 04.04.2024 (trámite 19 do expediente electrónico), do seguinte teor literal:

“(1) ANTECEDENTES

O 20.09.2024 a Xunta de Goberno Local acordou a aprobación definitiva do Proxecto de Parcelación do Polígono 1 de San Paio de Navia (expte. 5314/401).

O 07.02.2025 a Xunta de Goberno Local acordou a aprobación da operación xurídica complementaria tramitada baixo o número de expediente 5342/401.

O 14.01.2026 O IGVS presentou nova documentación do proxecto de parcelación do polígono 1 de San Paio de Navia, no texto do oficio de remisión achegado se recolle:

Remítase a corrección de erros materiais do Proxecto de Reparcelamento do polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia, para a súa tramitación aos efectos disposto no artigo 273 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

Se introducen unha serie de correccións reflectidas nos apartados 6.1, 6.2, 6.3, 8.1 da memoria do proxecto de reparcelamento:

- *Aclaracións respecto a parcelas de orixe (apartado 6.1)*
- *Descrición das construcións afectadas e informe sobre o estado destes inmobles (apartado 6.2)*
- *Aclaración sobre restos de fincas orixe (apartado 6.3)*
- *Aclaración sobre fincas de resultado (apartado 8.1)*

O 09.04.2026 o IGVS presentou nova documentación da modificación do proxecto de reparcelación na que se corríxen unha serie de erros detectados.

Este informe refírese á documentación achegada o 09.04.2026.

Nesta documentación inclúense varias modificacións do proxecto de parcelación ademais das aclaracións anunciadas no oficio do 14.01.2026.

2 DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

Este informe refírese á documentación técnica presentada en formato .pdf o 16.03.2026. A Memoria e as fichas do denominado Proxecto de Reparcelación do Polígono 1 de San Paio de Navia están asinadas dixitalmente polo arquitecto Juan Alfonso Botana e a xurídica Ana María Badía del Río .

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 141 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A documentación técnica achegada en formato .pdf consta de:

PROXECTO DE REPARCELACIÓN DO POLÍGONO 1 DE SAN PAIO DE NAVIA (Abril 2024)

MEMORIA

- 1 ANTECEDENTES
- 2 PROMOTOR
- 3 EQUIPO REDACTOR
- 4 OBXECTO DO PROXECTO
- 5 DESCRICIÓN URBANÍSTICA
 - 5.1 SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO
 - 5.2 DETERMINACIÓNS DE XESTIÓN. DELIMITACIÓN DA ÁREA DE REPARTO E APROVEITAMENTO TIPO
- 6 FINCAS DE ORIXE
 - 6.1 ESTRUTURA DA PROPIEDAD
 - 6.2 DESCRICIÓN DAS CONSTRUCIÓNS AFECTADAS
 - 6.3 RESTOS DE FINCAS DE ORIXE
- 7 NORMATIVA DE APLICACIÓN
- 8 PARCELAS DE RESULTADO
 - 8.1 DESCRIPCIÓN DAS PARCELAS DE RESULTADO
 - 8.2 ADXUDICACIÓNS
 - 8.3 TERREOS DE CESIÓN OBRIGATORIA
- 9 EFECTOS XURÍDICOS DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN
 - Anexo I. Fichas das parcelas de orixe
 - Anexo II. Documentación acreditativa da titularidade das parcelas de orixe
 - Anexo III Fichas das parcelas de resultado
 - Anexo IV Proforma do documento público no que se reflicte a división de terreos
 - Anexo V Coordenadas vértices parcelas orixe e resultado
 - Anexo VI Fichas dos restos das fincas de orixe
 - Anexo VII Informe sobre o estado de varios inmobles do polígono 1 de San Paio de Navia
 - Anexo VIII Certificado de que non se realizaron actividades contaminantes no ámbito
 - Anexo IX Documentación xustificativa das permutas e/ou opción de compra

2.- PLANOS

- 01 PLANO DE SITUACIÓN E EMPRAZAC;MENTO
- 02 PLANO DE ORDENACIÓN SEGUNDO O PLANEAMENTO
- 03 PLANO DE INFORMACIÓN
- 04 PLANO DE PARCELAS DE RESULTADO
- 05 PLANO DE PARCELAS PATRIMONIAIS
- 06 PLANO DE PARCELAS DOTACIONAIS
- 07 PLANO DE SUPERPOSICIÓN DE PARCELARIO ORIXE E PARCELARIO RESULTANTE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 142 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Tamén se achegou a documentación do proxecto en formato editable.

Tal e como se describe na memoria, este proxecto pretende a agrupación das parcelas de orixe todas elas, segundo a documentación achegada, propiedade do IGVS (Instituto Galego da Vivenda e Solo) e do Concello de Vigo (parcelas municipais de viais existentes no ámbito), para logo proceder á súa división conforme ao planeamento. As parcelas resultantes están debuxadas no planeamento vixente (2ª modificación do PP de Navia) e a división proposta se axusta sensiblemente (con algunhas pequenas variacións) ao xa previsto na parcelación proposta no plan parcial. En todo caso, a parcelación cumpre ás determinacións contidas nas ordenanzas da 2ª Modificación do Plan Parcial de Navia.

As parcelas de orixe, segundo a documentación achegada, son todas propiedade do IGVS (agás os terreos de dominio público pertencentes ao Concello), e as parcelas de resultado son adxudicadas todas elas ao IGVS, agás as parcelas destinadas á dotacións públicas que son: unha parcela de viais, unha parcela de equipamento e as parcelas das zonas verdes. Evidentemente, ao tratarse dun sector cuxo sistema de actuación é o de expropiación executado polo IGVS, non se asigna a ningunha das parcelas de resultado ningunha carga de urbanización xa que a dita urbanización a asume a administración actuante, propietaria única do sector que é o IGVS, que xa comezou as obras de urbanización.

A nova documentación achegada presenta algunha pequena modificación e algunha aclaración do proxecto aprobado definitivamente.

Inclúese unha descripción das construcións existentes nas parcelas de orixe, indicando a súa inscrición rexistral, se existe, e as parcelas de resultado nas que se prevé o seu mantemento, no seu caso.

Por outra banda, incorpórase tamén un apartado adicado á descripción dos restos das parcelas expropiadas, para os casos de expropiación parcial da parcela de orixe.

4 RESUMO DE SUPERFICIES

As parcelas de orixe son un total de 145 parcelas que suman, segundo a documentación achegada polo IGVS, 98.910 m².

As parcelas de resultado deste Polígono 1 do PP de Navia se dividen en dúas zonas: FASE A e FASE B. En total, sumando ás dúas fases comprenden 168 parcelas de resultado. Da parcela 1 á 155 son parcelas de carácter patrimonial adxudicadas en propiedade ao IGVS.

A parcela 156 é a correspondente ao equipamento público, as parcelas da 157 á 167 son parcelas de zonas verdes públicas e a 168 correspóndese co novo viario do polígono. No proxecto prevese a cesión ao Concello de Vigo destas parcelas destinadas á dotacións públicas. Estas parcelas se corresponden co establecido no planeamento de desenvolvemento vixente, é dicir, o PP de Navia.

SUPERFICIES DE RESULTADO:

Parcelas edificables do IGVS fase A: 24.476,36 m²

Parcelas edificables do IGVS fase B: 19.972,30 m²

Total parcelas edificables fase A + fase B: 44.448,66 m²

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 143 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Zonas verdes fase A:	6.079,33 m ²
Zonas verdes fase B:	8.212,88 m ²
Parcela equipamento fase B:	1.962,63 m ²
Viario total do ámbito:	38.216,29 m ²

TOTAL POLÍGONO 1: 98.909,74 m²

O cal coincide coa suma das parcelas de orixe (a diferenza de decimais é debida ao redondeo dos decimais).

A documentación do proxecto de parcelación do polígono 1 de Navia achegado o 09.04.2026 está asinado polo arquitecto Juan Alfonso Botana e pola xurídica Ana María Badía del Río.

Infórmase favorablemente a documentación técnica achegada o 09.04.2026 e pásase a xurídica para o informe xudicial da devandita documentación. (..)".

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO /VALORACIÓN XURÍDICA

II.I. Normativa básica examinada

TRLS/2015 (RD Lex7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),

LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),

RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),

LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),

LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),

2ª MP PP San Paio de Navia, publicada no DOG núm. 183 do 09.09.2020, Normativa e Ordenanzas no BOP núm. 212 do 03.11.2020, e inscrita no Rexistro de Planeamento de Galicia con data do 09.10.2020,

O resto de disposicións que poidan afectar,

II.II. Ámbito, Obxecto e finalidade da «Modificación do Proxecto de Reparcelación do polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia»

Na Memoria do proxecto achegado, recóllese que o obxecto da modificación proxectada non é outro que a agrupación das parcelas de orixe propiedade do IGVS e do Concello de Vigo (viais existentes no ámbito, parcela de equipamento e parcelas de zonas verdes) e subsecuentemente proceder a súa división conforme ao planeamento vixente, isto é a 2ª MP do Plan Parcial de San Paio de Navia, axustándose a reparcelación proposta ao xa previsto na dita MP, cumprindo as determinacións contidas nas ordenanzas do dito instrumento de planeamento.

Segundo o proxecto achegado, a modificación instada obedece a recoller aclaracións respecto as parcelas de orixe (apartado 6.1 da Memoria), descrición das construcións afectadas e informe sobre o estado de ditos inmobles (apartado 6.2 da Memoria), aclaración sobre



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 144 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

restos de fincas de orixe (apartado 6.3), aclaracións sobre fincas de resultado (apartado 8.1 da Memoria); pola súa banda, incorpórase un apartado adicada a descrición dos restos das parcelas expropiadas, para os casos de expropiación parcial da parcela de orixe.

As parcelas de orixe acadan un total de 145, dunha superficie total de 98.910 m².

No que respecta as parcelas de resultado, divídense en dúas zonas e/ou fases, Fase A e Fase B, comprendendo ambas 168 parcelas de resultado; que se reparten do seguinte xeito:

- Parcela 1 a 155- que revisten o carácter de patrimoniais, adxudicadas en propiedade ao IGVS;
- Parcelas 156 a 168, titularidade do Concello de Vigo, sendo a parcela 156 a adicada a equipamento público, as parcelas 157 a 167 destinadas a zonas verdes públicas,
- e finalmente a Parcela 168 que se corresponde co novo viario do polígono.

CADRO RESUME DAS SUPERFICIES DE RESULTADO, que se recollen no proxecto modificado:

PARCELAS EDIFICABLES FASE A:	24.476,36 M ²
PARCELAS EDIFICABLES FASE B:	19.972,30M ²
ZONAS VERDES FASE A:	6.079,33 M ²
ZONAS VERDES FASE B:	8.212,88 M ²
PARCELA DE EQUIPAMENTO FASE B:	1.962,63 M ²
VIARIO TOTAL DO ÁMBITO;	38.216,29 M ²
TOTAL POLÍGONO 1:	98.909, 74 M ²

II.III. Formulación e tramitación; Modificación do Proxecto de Reparcelación

Respecto ao contido do proxecto de reparcelación estarase ao disposto no Capítulo V do Título IV da LSG, que deberá incluír a seguinte documentación: Memoria xustificativa: descrición das parcelas orixinais, descrición das parcelas resultantes, gastos da actuación e liquidación provisional, e cadro de reparcelación; Planos: plano de situación, plano topográfico, plano parcelas orixinais, plano parcelas resultantes, plano superposición parcelas orixinais e resultantes, plano ordenación xeral, plano localización das cesións municipais; Fichas parcelas resultantes: Ficha parcela 1, ficha parcela 2, ficha parcela municipal.

No que atinxe ao procedemento de aprobación da presente modificación, o órgano municipal competente aprobará inicialmente o proxecto e o someterá a información pública polo prazo dun (1) mes, mediante anuncios que se publicarán no Boletín Oficial da provincia, e nun dos diarios de maior circulación da provincia, con notificación individualizada aos propietarios do ámbito, concluído o trámite de información pública, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación definitiva.

II.IV. Órgano competente

O artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúe á Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 145 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Por canto antecede, PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previa proposta do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte ,

«ACORDO

PRIMEIRO.: Prestar aprobación, con carácter inicial a «*Modificación do Proxecto de Reparcelación do polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia*» promovida polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo en data 9 de abril de 2026, asociada ao Documento Núm. 260081576, documentación toda ela redactada pola sociedade Arquitectos Botana, SL, de data marzo de 2026, asinada dixitalmente polo arquitecto director dos traballos A.B.C (colexiado núm. 2405) e pola avogada A.M.B.D.R.

SEGUNDO.: Someter o presente expediente, inicialmente aprobado, con toda a documentación que o integra, a información pública polo prazo de un (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior circulación na provincia, no páxina web municipal no enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urb_gest_exec_en_tramit.php?lang=gal, computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no BOPPO-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes.

TERCEIRO.: Proceder á notificación do presente acordo, á todas as persoas interesadas no presente procedemento, segundo a relación incorporada ao proxecto.

Non obstante, o presente informe non é vinculante, e o órgano competente resolverá, co seu superior criterio o que estime máis conveniente.(...)”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación da actuación artística de "El Pollo Pepe, el musical". Expte. 10645/335.
- .- Bases reguladoras e convocatoria específica de subvencións para concesión de axudas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de promoción das mulleres no ano 2026. Expte. 14527/224.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 146 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

20(477) EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "EL POLLO PEPE, EL MUSICAL". Expte. 10645/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 03/06/2026 e o informe de fiscalización do 04/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 28/05/2026, asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 20/05/2026, a Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo da actuación artística "LA GRAN AVENTURA DEL POLLO PEPE. EL MUSICAL" dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 147 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 20/05/2026.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2026, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 19 de decembro de 2025 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2026"”.
- O 17 de outubro de 2025 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha “Convocatoria pública para a selección de actuacións artísticas ou espectáculos para o auditorio de Castrelos e outras localizacións no verán 2026”, no marco do expediente 10551-335.
- Con data 20 de maio de 2026 publicouse na Plataforma de Contratación do Estado unha quinta programación das actuacións artísticas ou espectáculos. Entre as propostas seleccionadas consta a actuación artística “LA GRAN AVENTURA DEL POLLO PEPE. EL MUSICAL”.
- Memoria económica de data 20/05/2026, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 25/05/2026(operación nº12026000059722).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 26/05/2026.
- Memoria xustificativa, de data 26/05/2026, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adjudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 148 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

- Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do Servizo de Contratación do 27/05/26 sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Consta acreditado no expediente, segundo informe do Servizo de Contratación de data 27/05/2026, que a mercantil PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, ten cedidos os dereitos de exclusiva para levar a cabo a actuación artística “LA GRAN AVENTURA DEL POLLO PEPE. EL MUSICAL” o día 06/07/2026 no Auditorio de Castrelos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 27/05/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciales de data 20/06/2023, 28/06/2023 e resolución de modificación de delegación de competencias do 28 de xuño de 2024, vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que PRODUCCIONES TEATRALES ALGOQUIN, SL, tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de esta actuación.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 149 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo da actuación artística “LA GRAN AVENTURA DEL POLLO PEPE. EL MUSICAL” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 26/05/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 27/05/26.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 25.098,09 euros, sendo o valor estimado do contrato de 20.742,22 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(478) BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCIÓNS PARA CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2026. EXPTE. 14527/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 19/05/2026 e o informe de fiscalización do 04/06/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/05/2026, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidade, a xefa de Igualdade e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 150 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, a entidades sen ánimo de lucro (asociacións de mulleres, asociacións veciñais, sindicais, etc.) do Concello de Vigo, constituídas legalmente como tales, para a realización de programas de promoción das mulleres desde o 1 de novembro de 2025 ata o 30 de outubro de 2026 (ambos incluídos), e que reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e na convocatoria.

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral e, en particular, en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente, na prevención e combate da violencia de xénero, a educación en igualdade, a corresponsabilidade, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e formación en xénero e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos, mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado a equipotencia social das mulleres.

A esta finalidade refírense os artigos 25.2.o) e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 80.2.k) e o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que lle impón aos poderes públicos o establecemento de medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre mencionar a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

No ámbito municipal, o V Plan integral de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da cidade de Vigo 2026-2030, aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 6 de febreiro de 2026, ratificado polo Pleno o 23 de febreiro de 2026, recolle a axenda política en materia de igualdade para os vindeiros catro anos e eríxese como o principal instrumento do goberno da cidade de Vigo en materia de igualdade. Este Plan aspira a que a igualdade sexa un principio reitor da cidadanía de Vigo, abarcando a todos os sectores da poboación, en particular, a todas as entidades, asociacións, institucións e os colectivos da cidade que teñen entre os seus obxectivos a consecución da igualdade entre mulleres e homes, a xustiza social e a sostibilidade da vida. Este Plan deseñouse a través de 8 grandes eixos para a intervención principal, 25 liñas de traballo e 154 medidas. Entre estas medidas, a medida 4.3 consiste en: *“Continuar reforzando as axudas, convenios e subvencións ao movemento asociativo de mulleres que prestan servizos, levan a cabo actividades e realizan proxectos de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero.”*

En relación cos programas encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción das mulleres en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 151 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

á prevención e combate da violencia de xénero, o Servizo de Igualdade do Concello de Vigo destina un crédito máximo de 91.500,00 €, que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

O crédito indicado é lixeiramente superior ao inicialmente previsto (91.000,00 €) e que está incorporado na liña estratéxica 4.8 “Actividades de defensa da igualdade de xénero” do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 (PES) do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024. De acordo co establecido no punto NOVENO do PES, “non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente”.

Este servizo xestor informa que a liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos a conseguir, o réxime de control e seguimento e a modalidade de concesión destas axudas son os previstos no PES. Concretamente, estas subvencións están incluídas na liña estratéxica 4.8. Actividades de defensa da igualdade de xénero, cuxos obxectivos son, entre outros:

- Fomentar e apoiar o desenvolvemento de programas en materia de igualdade, prevención da violencia de xénero e promoción da saúde e benestar das mulleres.
- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.
- Favorecer actividades de investigación, educativas ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.
- Facilitar a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía das mulleres.

Con estas subvencións contribúese ao logro de tales obxectivos, pois, con carácter xeral, fomentan a participación feminina, especialmente, en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, de maneira especial, na prevención e combate da violencia de xénero, a educación en igualdade, a saúde e benestar das mulleres, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e a formación en xénero e o fomento da participación social; e con carácter particular, atenden as demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas polo Servizo de Igualdade, en concordancia cos eixos de actuación dispostos no V Plan integral de Igualdade de oportunidades entre mulleres de homes da cidade de Vigo 2026-2030: educación en igualdade; conciliación e corresponsabilidade; liderado, empoderamento e participación; economía, emprego e formación; erradicación da violencia contra as mulleres; promoción da saúde e o benestar; perspectiva de xénero e interseccionalidade; urbanismo, seguridade e acción climática dende a perspectiva de xénero e investigación.

A xestión e a concesión destas subvencións efectuaranse conforme os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade e transparencia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 152 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Nas bases reguladoras destas subvencións non se establece a obriga de xustificar as axudas concedidas coa acreditación do pagamento dos xustificantes dos gastos. Isto ven motivado, por unha banda, pola escasa contía das axudas que se conceden ao abeiro desta convocatoria e, por outra banda, pola insuficiente capacidade económica das entidades non lucrativas de carácter social que concorren. Tal e como se establece no artigo 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, permítese a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, sempre que se dispoña de forma expresa nas bases reguladoras das subvencións.

En relación ao cumprimento dos requisitos para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera o establecido no artigo 20 da citada lei e, asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución do 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e á convocatoria destas subvencións é a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación estatal básica en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; o Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na materia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2026; o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2024-2026; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a realización de programas de promoción das mulleres do ano 2026 e os seus anexos I a VI, incorporados ao expediente.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a realización de programas de promoción das mulleres do ano 2026 e o extracto da mesma (incorporados ao expediente), e que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións en base ao establecido na Resolución do 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto por importe máximo de 91.500,00 € (noventa e un mil cincocentos euros), que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria”.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 153 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Bases reguladoras das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a realización de programas de promoción das mulleres do ano 2026

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base, nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral e, en particular, en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente, na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e a formación en xénero, e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos, mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado a equipotencia social das mulleres.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece, no seu art. 25, que “o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”. O parágrafo 2 do citado artigo dispón que “o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias... o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero”.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponse aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. O seu artigo 21 establece que “as entidades locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto de administracións públicas”.

A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia sinala, no seu artigo 20.2.f), como un dos criterios de actuación, en aplicación do principio de transversalidade da dimensión de xénero, “o fomento da participación efectiva das mulleres na toma de decisións e na elaboración de estratexias para o seu empoderamento ao longo de todo o seu ciclo vital e en todas as áreas de actuación pública. En particular, fomentarase o asociacionismo das mulleres, a dinamización do tecido asociativo e a creación de redes”.

Para lograr a participación social plena das mulleres a través do seu empoderamento e incrementar a súa presenza nas esferas de decisión e influencia en todos os ámbitos, o VIII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 establece como prioridades de actuación: apoiar o empoderamento individual e colectivo das mulleres, impulsar o acceso das mulleres ás esferas de decisión e potenciar o seu liderado, e visibilizar as contribucións das mulleres nos distintos eidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 154 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

O V Plan integral de Igualdade de oportunidades entre mulleres de homes da cidade de Vigo 2026-2030, aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 6 de febreiro de 2026 e ratificado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión do 23 de febreiro de 2026, contempla, entre as súas medidas, a seguinte: 4.3 *Continuar reforzando as axudas, convenios e subvencións ao movemento asociativo de mulleres que prestan servizos, levan a cabo actividades e realizan proxectos de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero.*

Entre as competencias que, en materia de Igualdade, ten delegadas a Concellería de Igualdade atópase a de potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción das mulleres en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como á prevención e combate da violencia de xénero, o Servizo de Igualdade do Concello de Vigo destina un crédito máximo de 91.500,00 euros, que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

A liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos a conseguir, o réxime de control e seguimento e a modalidade de concesión destas axudas están previstos no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024. Concretamente, estas subvencións están incluídas na liña estratéxica 4.8. *Actividades de defensa da igualdade de xénero*, cuxos obxectivos son, entre outros:

- Fomentar e apoiar o desenvolvemento de proxectos en materia de igualdade, prevención da violencia de xénero e promoción da saúde e benestar das mulleres.
- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.
- Favorecer actividades de investigación, educativas ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.
- Facilitar a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía das mulleres.

Con estas subvencións contribúese ao logro de tales obxectivos, pois, con carácter xeral, fomentan a participación feminina, especialmente, en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, de maneira especial, na prevención e combate da violencia de xénero, a educación en igualdade, a corresponsabilidade, a saúde e benestar das mulleres, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e a formación en xénero, e o fomento da participación social. Con carácter particular, atenden as demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas polo Servizo de Igualdade, en concordancia cos eixos de actuación dispostos no V Plan integral de Igualdade de oportunidades entre mulleres de homes da cidade de Vigo 2026-2030: educación en igualdade; conciliación e corresponsabilidade; liderado, empoderamento e participación; economía, emprego e formación; erradicación da violencia contra as mulleres; promoción da saúde e o benestar; perspectiva de xénero e interseccionalidade; urbanismo, seguridade e acción climática dende a perspectiva de xénero e investigación.

A xestión e a concesión destas subvencións efectuaranse conforme os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade e transparencia.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 155 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións.

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

l) Finalidade e período de realización das actividades subvencionables:

Estas subvencións teñen por obxecto contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas de promoción das mulleres que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo entre o 1 de novembro de 2025 e o 30 de outubro de 2026 (ambos incluídos) e atendan a algunha/s das seguintes finalidades:

- 1.- Responder ás demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas polo Servizo de Igualdade, en concordancia cos eixos de actuación dispostos no V Plan integral de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da cidade de Vigo 2026-2030: educación en igualdade; conciliación e corresponsabilidade; liderado, empoderamento e participación; economía, emprego e formación; erradicación da violencia contra as mulleres; promoción da saúde e o benestar; perspectiva de xénero e interseccionalidade; urbanismo, seguridade e acción climática dende a perspectiva de xénero; investigación.
- 2.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e a permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopan subrepresentadas, fomentando, por exemplo, accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina e o acceso e a permanencia de mulleres en postos de responsabilidade, ou establecendo medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.
- 3.- Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas exclusivamente á poboación masculina.
- 4.- Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.
- 5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas, desenvolvendo tanto actividades de sensibilización como programas con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.
- 6.- Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.
- 7.- Promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.
- 8.- Organizar actividades de carácter formativo, cultural ou artístico dirixidas a mulleres co fin de facilitarlles a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía.
- 9.- Organizar actividades de ocio para mulleres que contribúan a mellorar a súa calidade de vida, redunden no seu benestar físico e psíquico e fomenten a participación e as relacións entre elas.
- 10.- Concienciar e formar a homes e mulleres a través de contidos formativos sobre xénero e igualdade de oportunidades impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada neste eido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 156 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

11.- Elaborar estudos, investigacións ou informes, con datos desagregados por sexo, sobre a situación social e/ou económica das mulleres de Vigo.

12.- Visibilizar e recoñecer a complexidade das realidades que atravesan as mulleres desde un enfoque interseccional.

13.- Desenvolver accións formativas específicas de urbanismo, seguridade e mobilidade con perspectiva de xénero.

14.- Impulsar a participación activa das mulleres na transformación ecolóxica e demográfica, visibilizando as súas achegas para corrixir as desigualdades de xénero no sector.

Ámbito territorial e lugar de execución:

Ámbito territorial: o ámbito territorial das actividades desenvolvidas polas entidades será o termo municipal de Vigo.

Lugar de execución: as actividades subvencionadas deberán realizarse, con carácter xeral, nas instalacións da entidade beneficiaria, co obxecto de que se desenvolvan baixo a responsabilidade e o control directo da entidade beneficiaria dos fondos públicos. Tamén poderán desenvolverse en instalacións municipais (Casa das Mulleres, Oficinas Municipais de Distrito, Auditorio Municipal, etc), sempre que a entidade beneficiaria obteña a correspondente autorización do departamento responsable do Concello.

Excepcionalmente, poderán desenvolverse actuacións concretas do proxecto subvencionado en instalacións distintas das previstas no apartado anterior cando, pola natureza da actividade (tales como xornadas, congresos ou outros eventos de gran concorrencia pública) resulte necesario dispoñer dunha maior capacidade ou de condicións técnicas específicas que non poidan ser satisfeitas nos locais da entidade beneficiaria nin nas instalacións municipais dispoñibles. Nestes supostos, deberá procederse do seguinte xeito:

- A entidade solicitante deberá presentar, xunto coa solicitude de subvención, unha petición motivada asinada pola persoa representante da entidade, na que solicite o uso de instalacións distintas dos locais propios ou municipais para o desenvolvemento dunha determinada actividade incluída no proxecto presentado.

- A entidade poderá facer uso destas instalacións, con carácter excepcional, sempre e cando dispoñan de autorización expresa do Servizo de Igualdade.

- Esta circunstancia non poderá implicar, en ningún caso, a cesión ou substitución da execución do proxecto en favor de outras entidades. A entidade beneficiaria deberá ostentar a condición de organizadora do proxecto e manter, en todo caso, a dirección e responsabilidade do mesmo.

II) Persoas destinatarias das actividades subvencionadas:

Cando se trate de actividades de ocio e tempo libre, formación e/ou similares, as destinatarias deberán ser mulleres. Cando estas xornadas ou cursos teñan como obxectivo informar, concienciar e formar no eido da perspectiva de xénero e da igualdade de oportunidades, poderán incorporarse homes ao alumnado.

Tamén, tal e como recolle o apartado I) 3.- desta base, poderanse subvencionar programas dirixidos exclusivamente á poboación masculina que promovan actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas.

IV) Control e seguimento:

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 157 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Concello poderá comprobar en calquera momento a efectiva realización das actividades nos termos previstos nesta base, podendo requirir a documentación ou realizar as actuacións de verificación que resulten oportunas.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten necesarios para a organización e o desenvolvemento do programa obxecto de subvención. Só se admitirán aqueles gastos que fosen realizados dentro do período subvencionable (do 1 de novembro de 2025 ata o 30 de outubro de 2026, incluídos).

I. Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos derivados da organización e desenvolvemento da actividade obxecto da axuda, que sexan contratados con empresas externas á propia entidade, o que se xustificará mediante facturas. Por exemplo: contratación de monitorado, elaboración de materiais, folletos, etc.

b) Gastos de persoal. Con carácter xeral, non será subvencionable ningún gasto correspondente a retribucións do persoal propio da entidade, agás nos seguintes casos:

b.1) Gastos de persoal contratado especificamente para o desenvolvemento da actividade subvencionada (monitorado, persoal docente en caso de cursos ou xornadas, profesionais encargadas/os da execución directa, persoal encargado da coordinación, etc.). Neste caso, será subvencionable o 100% das retribucións salariais, incluídas as pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade. Deberá quedar acreditado que ese persoal foi contratado de forma específica para a realización desa actividade en concreto, e que non se trata de persoal propio da entidade contratado con anterioridade á realización do programa. Xustificarse mediante nóminas e RNT e RLC da Seguridade Social.

b.2) Gastos do persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante. Estes gastos só serán subvencionables no caso de persoal encargado da coordinación da actividade subvencionada, sempre que se xustifique a súa necesidade e co seguinte límite: será subvencionable como máximo o 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do programa subvencionado dunha única persoa encargada da coordinación. Xustificarse mediante nóminas.

c) Gastos de primas de seguros, cando cumpran as seguintes condicións:

c.1) Seguros de responsabilidade civil especificamente contratados para o programa subvencionado, o que debe figurar claramente na póliza.

c.2) Seguros de responsabilidade civil dentro da póliza xeral da entidade, sempre e cando sexan necesarios para asegurar unha actividade concreta que supoña un risco para as participantes, e se impute a porcentaxe correspondente ao período concreto de realización desa actividade.

d) Gastos de alugamento de instalacións ou espazos necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada, sempre e cando a entidade beneficiaria obtivese previamente a autorización expresa do Servizo de Igualdade para o seu uso, no marco do establecido no apartado II da base primeira.

e) Gastos indirectos, de funcionamento e/ou mantemento da asociación, como luz, teléfono, mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital, asesoramento fiscal, laboral, contable



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 158 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

e financeiro, etc. Estes gastos serán subvencionables sempre que se imputen ao programa subvencionado, non foran subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións, correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade subvencionada e co límite máximo do 10% dos gastos directos.

II. Non terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- a) Gastos de persoal propio da entidade. Agás os gastos do persoal encargado da coordinación co límite establecido no apartado I.b.2. desta base, só será subvencionable o persoal que se contrate de maneira específica para a realización do programa subvencionado.
- b) Os relativos a gastos de desprazamento fóra do termo municipal, os relativos á administración, xestión, financiamento, primas de seguros (salvo seguros de responsabilidade civil indicados no apartado I.c. desta base), adquisición de patrimonio, investimentos, equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.
- c) Os relacionados coa adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo nin os relativos aos gastos en atencións protocolarias (servizos de *catering*, recepcións, espectáculos...), agás, no caso destes últimos gastos, que o Servizo de Igualdade, previa xustificación da súa necesidade por parte da entidade solicitante, valore que sexan necesarios para a consecución dos obxectivos do programa subvencionado.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, estes excedan de 15.000 euros, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións. En ningún caso, o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Tal e como se establece no apartado 3 da base oitava, o importe de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo do programa subvencionado, co límite de 3.000 euros de axuda máxima por entidade beneficiaria e, nos casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes das subvencións ás que se refiren as presentes bases, por programa subvencionado.

Por conseguinte, a contía máxima de subvención que cada entidade pode solicitar nesta convocatoria é de 3.000 euros, agás os casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes nos que a suma dos importes das subvencións que soliciten cada unha delas non poderá superar o límite máximo de 3.000 euros.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 91.500,00 euros (noventa e un mil cincocentos euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien o programa subvencionado. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 159 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En calquera caso, o importe total das axudas non poderá superar o custo do programa subvencionado, no caso de superalo, procederase na forma prevista no artigo 34 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para os supostos de exceso de financiamento sobre o custo da actividade.

QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude.
- c) Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes coas establecidas nas presentes bases.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente e capacidade para organizar, desenvolver e controlar a boa execución do proxecto subvencionado, garantindo o cumprimento dos obxectivos e o control directo dos fondos públicos.
- e) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, a Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e coa Seguridade Social.
- f) Que cumpran os demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria as seguintes solicitudes:

- a) As solicitudes presentadas por clubs ou entidades deportivas.
- b) As solicitudes presentadas por asociacións de pais e nais do alumnado (ANPAS).
- c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.
- d) As solicitudes con programas que, para a mesma finalidade, foran solicitados noutras Áreas ou Servizos do Concello de Vigo.
- e) As solicitudes con programas que, a xuízo da Comisión de Avaliación, teñan unha relación e canle máis específica de axuda noutras Áreas do Concello de Vigo ou que a totalidade ou parte do seu obxecto estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contrato co Concello de Vigo. Quedarán excluídos tanto os programas que xa estean en execución como os que os distintos departamentos municipais prevexan aprobar durante o período subvencionable.
- f) As solicitudes con programas que se vaian realizar nos centros de ensino que, a xuízo da Comisión de Avaliación, dupliquen os contidos ou afecten á boa marcha dos programas municipais a prol da igualdade e da prevención da violencia de xénero que se ofertan a todos os centros de ensino da cidade.
- g) As solicitudes con programas que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 160 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

- h) As solicitudes con programas de carácter político ou doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- i) As solicitudes con programas que inclúan actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.
- j) As solicitudes con programas que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.
- k) As solicitudes con programas que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axuste aos obxectivos da convocatoria.
- l) As solicitudes con programas que teñan previsto a súa realización fóra do termo municipal de Vigo.
- m) As solicitudes con programas que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1.- da base sétima.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes declarararán non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 (punto 4 do anexo IV da solicitude).

4.- As solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, conforme ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da axuda a conceder a cada beneficiaria non supera o importe de 3.000 euros, estas subvencións están incluídas no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006 polo que a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social farase de forma simplificada mediante unha declaración responsable (declaración recollida no punto 5 do anexo IV da solicitude).

5.- Igualmente, as solicitantes das subvencións deberán atoparse ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal entenderase que, ao presentar a solicitude de subvención, autorizan ao órgano instrutor para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das que resulten destas bases, as que seguen:

1.- Levar a cabo a actividade subvencionada na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, responsabilidade civil, dereitos de autoría, etc.) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.

A entidade ten a obriga de solicitar previamente a aceptación municipal de calquera modificación ou alteración relevante ou significativa sobre o programa subvencionado. Para que tales modificacións poidan ser tidas en conta na xustificación deberán ser previamente aceptadas polo Concello. Non se aceptarán modificacións que afecten á valoración do programa subvencionado

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 161 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

segundo os criterios recollidos na base sétima. As alteracións non autorizadas ou non solicitadas, poderán dar lugar á minoración da subvención concedida ou á súa revogación.

2.- Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento do programa obxecto de subvención (artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Tanto nos actos públicos como en todo o material de difusión que se elabore, incluídas notas de prensa e formatos específicos para redes sociais, debe facerse mención expresa da colaboración do Concello de Vigo facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes, a lenda “Colabora o Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” e o logotipo do Concello de Vigo. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

3.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

4.- Xustificar a aplicación dos fondos recibidos á realización da actividade e ao cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención, dentro dos prazos e na forma prevista nestas bases.

5.- As entidades beneficiarias deberán executar directamente as actividades ou proxectos subvencionados, asumindo a responsabilidade da súa organización e desenvolvemento, sen que poidan ceder a súa execución. En ningún caso poderá producirse unha substitución da entidade beneficiaria por outra na execución do proxecto.

6.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexistas en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para o desenvolvemento das actividades do programa subvencionado.

7.- Utilizar imaxes non estereotipadas que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

8.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales, as entidades beneficiarias lles facilitarán canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

9.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

10.- Asumir todas as responsabilidades que poidan derivarse da organización e realización das actividades do programa subvencionado.

11.- Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento de todas as actividades do programa subvencionado que realicen, así como cumprir os requisitos e demais condicións que a lexislación vixente estableza.

12.- Aboar as taxas, impostos, seguros, dereitos de autoría e todos os demais gastos derivados da realización das actividades obxecto da subvención.

13.- A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión das actividades subvencionadas será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. O Servizo de Igualdade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 162 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

estudará cal sería a lingua para empregar na difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, deberá actuarse conforme á Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

14.- Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade subvencionada, que permita dar cumprimento aos requisitos de información de realización e de resultados previstos nestas bases. As entidades beneficiarias deberán realizar as actuacións precisas para recoller a información necesaria sobre as persoas participantes en cada unha das actividades subvencionadas e os resultados obtidos, que deberán incluír na Memoria final que se achegue na xustificación da subvención concedida (ver sistema de xustificación na base décimo sexta, apartado 3.d).

No caso de cursos, xornadas e similares, a entidade beneficiaria deberá crear e conservar rexistros das asistencias firmados polas persoas participantes.

15.- Cumprir a normativa de protección de datos persoais, en concreto, o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante.

As entidades beneficiarias serán responsables de informar de maneira fidedigna ás destinatarias finais do tratamento que levarán a cabo sobre os seus datos, conforme ao especificado no artigo 13 do Regulamento xeral de protección de datos, así como dos aspectos incluídos no punto anterior, para o cal solicitarán o seu consentimento explícito. Así mesmo, as entidades beneficiarias serán responsables de custodiar a documentación que acredite o cumprimento destes deberes.

16.- Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, autonómicas, nacionais ou internacionais, así como calquera outra modificación das circunstancias que no seu día foron tidas en conta para a concesión da axuda. Esta comunicación deberase efectuar no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

17.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias do Servizo de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base quinta, a Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 60 puntos:

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 163 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1.- Calidade técnica, coherencia e viabilidade do programa. Ata un **máximo de 16 puntos**, a razón de valorar cun máximo de 4 puntos cada un dos catro seguintes subapartados:

- a) Adecuación e eficacia das actividades do programa para acadar a/s súa/s finalidade/s, de entre as recollidas na cláusula l) da base primeira.
- b) A capacidade da entidade para executar o proxecto, atendendo á súa capacidade de mobilización da poboación destinataria e á dispoñibilidade de instalacións e medios adecuados para o desenvolvemento das actuacións previstas.
- c) O deseño dos contidos, metodoloxía, protocolos de traballo, coherencia interna e viabilidade técnica e financeira do programa.
- d) Grao no que o sistema de avaliación proposto permitirá efectivamente realizar un seguimento e avaliación axeitados.

Os programas que non obteñan unha puntuación mínima de 10 puntos neste apartado non se considerarán subvencionables, xa que non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición e calidade do programa presentado.

2.- Incorporación do enfoque de xénero na implementación do programa. Ata un **máximo de 16 puntos**, a razón de valorar con 4 puntos cada un dos catro seguintes subapartados:

- a) Que o fomento da igualdade entre mulleres e homes e a perspectiva de xénero constitúa o obxecto do propio programa. Que a totalidade das actividades propostas no programa teñan a finalidade directa de sensibilizar, previr e eliminar as discriminacións de xénero, e os seus contidos estean directamente relacionados con esa finalidade.
- b) Que o programa incorpore contidos formativos transversais de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares) no desenvolvemento da acción principal, impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada en xénero e igualdade de oportunidades.
- c) Que quede acreditado que o persoal presentado para o desenvolvemento do programa con accións formativas que non incorporen contidos específicos en materia de igualdade (valorados no subapartado anterior) ten formación no eido do xénero e igualdade de oportunidades.
- d) Que o programa estea dirixido a mulleres nas que conflúan múltiples discriminacións, discriminación interseccional ou mulleres en situación de vulnerabilidade social: vítimas de violencia de xénero, mulleres soas con cargas familiares, mulleres prostituídas, mulleres coidadoras, mulleres en situación de rúa, mulleres con adiccións, mulleres con trastornos de saúde, mulleres maiores, mulleres con discapacidade, mulleres do colectivo LGTBI, mulleres migrantes, mulleres xitanas, etc., ou que o programa teña por finalidade dar visibilidade e información con perspectiva de xénero sobre estas realidades.

3.- Impacto, sostibilidade e innovación. Ata un **máximo de 6 puntos**, a razón de valorar cun máximo de 3 puntos cada un dos dous seguintes subapartados:

- a) Que o programa recolla contidos únicos, específicos e diferenciadores non implementados por outro programa no contorno, converténdose así, para o público destinatario, en referente en toda a Comunidade Autónoma ou, cando menos, na área sur de Galicia.
- b) Grao no que se propón resolver o problema abordado desde formulacións e instrumentos novos no seu ámbito.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 164 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

4.- Por recoller o programa algún dos seguintes obxectivos e accións. Ata un máximo de 10 puntos. Outorgarase un punto por cada obxectivo que recolla o programa presentado de entre os seguintes, ata o máximo de 10 puntos:

A) ÁREA DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE:

1. Impulsar e fomentar a educación en igualdade mediante accións de sensibilización en materia de xénero e igualdade que promovan a eliminación dos estereotipos e o cambio nos modelos de socialización.
2. Formar e sensibilizar á cidadanía en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes a través de cursos, obradoiros e actividades formativas grupais.
3. Visibilizar as achegas realizadas polas mulleres ao longo da historia nos distintos campos da cultura, arte, historia, ciencia, tecnoloxía, etc.

B) ÁREA DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE:

1. Facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal da cidadanía viguesa.
2. Fomentar un reparto equilibrado dos usos do tempo e a corresponsabilidade entre mulleres e homes na asunción dos traballos de coidados e tarefas domésticas, mediante actividades que fomenten a corresponsabilidade e/ou programas de colaboración interxeracional.
3. Pór en valor e visibilizar os traballos relacionados cos coidados remunerados e non remunerados ante a sociedade, mediante accións de información e de sensibilización.

C) ÁREA DE LIDERADO, EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN:

1. Fomentar a participación das mulleres nos procesos de toma de decisións, mediante a promoción das condicións e espazos que a faciliten ou mediante a dotación de ferramentas e habilidades comunicativas, reflexivas e de liderado.

D) ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E FORMACIÓN:

1. Mellorar as oportunidades das mulleres para o acceso, mantemento e promoción no mercado de traballo.
2. Desenvolver itinerarios de orientación laboral individualizados e específicos para mulleres en situación de vulnerabilidade, que poderán incluír promoción preeducativa e prelaboral así como formación e itinerarios de emprego e empoderamento.
3. Organizar cursos de formación dirixidos a mulleres sobre emprendemento, autoemprego, economía social, modelos produtivos innovadores, sectores emerxentes e sostibles.
4. Favorecer a diminución da segregación horizontal do mercado de traballo, potenciando a diversificación das opcións profesionais das mulleres.
5. Difundir, concienciar e informar ás empresas e ás mulleres traballadoras sobre os dereitos relacionados coas súas condicións de traballo, así como sobre a normativa en materia de igualdade.
6. Visibilizar as discriminacións existentes no mercado laboral para contribuír á súa eliminación.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 165 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7. Promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

8. Contribuír á diminución da brecha dixital de xénero a través de accións que promovan a adquisición, por parte das mulleres, de competencias dixitais básicas e avanzadas.

E) ÁREA DE ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES:

1. Promover accións de prevención da violencia de xénero, mellorando a súa detección temperá, promovendo unha educación e unha socialización libre de violencia de xénero.

2. Sensibilizar á poboación na repulsa da violencia de xénero, visibilizando as distintas formas de violencia que se exerce sobre as mulleres, incluíndo as novas formas de violencia que recolle o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en materia de violencia vicaria, dixital e económica.

3. Mellorar a atención e a asistencia ás vítimas de violencia de xénero, mediante a creación de novos servizos, a potenciación dos recursos existentes e a mellora da coordinación institucional.

4. Proporcionar ferramentas que doten de maior benestar, seguridade e independencia económica ás mulleres vítimas das diversas formas da violencia de xénero.

F) ÁREA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E O BENESTAR:

1. Fomentar a promoción da saúde das mulleres a través da concienciación cidadá.

2. Promover e desenvolver actividades que contribúan á mellora da calidade de vida e ao benestar físico e psíquico das mulleres.

3. Fomentar a relación, participación e o tempo libre das mulleres.

4. Proporcionar pautas de autocoidado e/ou promover accións que favorezan o benestar físico e emocional dirixidos a mulleres coidadoras de persoas dependentes.

G) ÁREA DE PERSPECTIVA DE XÉNERO E INTERSECCIONALIDADE:

1. Formar en materia de igualdade as persoas traballadoras das entidades do terceiro sector, do ámbito da discapacidade, con sede en Vigo.

2. Organizar xornadas formativas que aborden os dereitos humanos, o xénero e a discapacidade, co obxecto de reforzar o acceso á información e aos dereitos das mulleres con discapacidade.

3. Desenvolver encontros formativos que impulsen a superación de estereotipos negativos e preveñan a discriminación de mulleres migrantes e xitanas dende unha perspectiva feminista.

4. Recoñecer e visibilizar a loita histórica das mulleres maiores como pioneiras dos movementos sociais.

H) ÁREA DE URBANISMO, SEGURIDADE E ACCIÓN CLIMÁTICA DESDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO:

1. Desenvolver accións formativas específicas de urbanismo, seguridade e mobilidade con perspectiva de xénero.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 166 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

2. Desenvolver actividades de sensibilización, formación e capacitación con perspectiva de xénero vencelladas ao medio ambiente e ao cambio climático.
3. Desenvolver actividades formativas dirixidas a impulsar a alfabetización ecofeminista.

I) ÁREA DE INVESTIGACIÓN:

1. Elaborar estudos, investigacións ou informes, con datos desagregados por sexo, sobre a situación social e/ou económica das mulleres de Vigo.
2. Elaborar estudos, investigacións ou informes sobre violencia de xénero, incorporando as especificidades das mulleres de Vigo con discapacidade, mulleres maiores de 65 anos, mulleres menores de 25 anos e outras mulleres en situación de vulnerabilidade.
3. Elaborar estudos, informes ou investigacións que analicen, desde a perspectiva de xénero, os efectos do cambio climático en Vigo, incluídos aqueles na saúde, na auga e na economía, así como na análise sobre a pegada ecolóxica.

5.- Participación no Consello Municipal da Muller. Ata un máximo de 8 puntos.

Outorgarase ata un máximo de 8 puntos a aquelas entidades que en data 1/01/2026 formen parte do Consello Municipal da Muller de Vigo, órgano representativo, consultivo e de participación.

- a) Con menos de 4 anos de participación: 1 punto
- b) Con 4 anos e menos de 8 anos de participación: 2 puntos
- c) Con 8 anos e menos de 12 anos de participación: 3 puntos
- d) Con 12 anos e menos de 16 anos de participación: 4 puntos
- e) Con 16 anos e menos de 20 anos de participación: 5 puntos
- f) Con 20 anos e menos de 24 anos de participación: 6 puntos
- g) Con 24 anos e menos de 28 anos de participación: 7 puntos
- h) Con 28 anos ou máis de participación: 8 puntos

6.- O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a subvención, segundo o previsto no artigo 20.2.I) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Valorarase con 4 puntos.

Para ter en consideración este criterio será necesario que a entidade solicitante achegue unha declaración asinada pola súa representante conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento do programa obxecto da subvención.

A Comisión de Avaliación encargada da valoración dos programas terá en consideración os datos achegados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS

1.- A contía da axuda concedida a cada beneficiaria determinarase en función da dispoñibilidade orzamentaria (91.500,00 euros), o custo do programa, o importe solicitado e a puntuación derivada da aplicación dos criterios de valoración definidos nestas bases.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 167 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.- O importe total máximo destinado a estas subvencións (91.500,00 euros) distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiarias, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada por cada unha delas no proceso de avaliación, que se realizará de acordo cos criterios previstos na base sétima.

3.- Establécese a contía de 3.000 euros como contía máxima da subvención a conceder por entidade beneficiaria e por programa. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, os programas que consigan unha axuda superior a 3.000 euros quedarán limitados a esta contía. Esta limitación será aplicable tamén nos casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes.

No caso de quedar crédito libre, repartirase entre as beneficiarias de forma proporcional aos puntos acadados, co límite de 3.000 euros de contía máxima por programa.

4.- O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e da convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, que se contarán, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, sen prexuízo da súa inserción na páxina web do Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

No marco desta convocatoria, cada entidade só poderá presentar un único programa, que debe reunir os requisitos estipulados na base primeira. Para isto, as entidades que concorren deberán presentar unha única solicitude asinada pola súa representante legal.

A solicitude e a documentación complementaria correspondente presentaranse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica do Concello, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace: <https://sede.vigo.org>.

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases reguladoras.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos normalizados aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 168 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda, conforme ao artigo 68.4 LPAC.

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberán presentarse antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso, a Comisión Avaliadora valorará as solicitudes de subvención que sexan presentadas con carácter extemporáneo, e propondrá ao órgano competente a denegación das subvencións solicitadas fóra de prazo.

As entidades solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten e dos datos contidos nas súas solicitudes.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia electrónica, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente, a entidade será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Documentación obrigatoria:

Para poder optar ás axudas reguladas por estas bases, as entidades deberán achegar en prazo a seguinte documentación obrigatoria:

- a) ANEXO I SOLICITUDE. Solicitude asinada pola súa representante.
- b) ANEXO II MEMORIA DO PROGRAMA. Programa de actividades para o que a entidade solicita a subvención, asinado pola súa representante. Poderase ampliar a información en documento aparte sempre e cando estean completos os datos solicitados neste anexo.
- c) ANEXO III ORZAMENTO DO PROGRAMA. Orzamento desagregado de ingresos e gastos do programa, que debe estar equilibrado e vir asinado pola representante da entidade.
O orzamento que se indique neste anexo terase en conta na fase de xustificación, procedendo a minorar o importe da subvención concedida cando se xustifique un custo total final do programa subvencionado inferior ao 100% do orzamento indicado. A axuda concedida será minorada na mesma proporción.
- d) ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE. Esta declaración responsable deberá estar asinada pola/o secretaria/o e pola representante da entidade. Con ela acreditaranse, entre outros, os seguintes puntos:

- Quen ten a condición de representante legal da entidade (apartado 1).
- Outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo programa (apartado 3).
- Que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (apartado 4).
- Que a entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e coa Seguridade Social (apartado 5).

- e) Memoria das actividades a favor das mulleres que a entidade desenvolveu durante o ano 2025, e que deberá vir asinada pola súa representante.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 169 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

f) CIF da entidade.

g) Certificación bancaria, expedida no ano 2026, da conta a nome da entidade solicitante na que será ingresado o importe da subvención concedida.

h) Currículum do persoal que impartirá cada unha das actividades e cada un dos relatorios no caso de cursos, obradoiros, xornadas, charlas e similares.

i) Acreditación da formación en xénero e igualdade de oportunidades do persoal presentado para o desenvolvemento da actividade formativa no caso de que o programa incorpore contidos formativos en materia de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares).

j) Petición motivada, asinada pola persoa representante da entidade, solicitando autorización para o uso de instalacións distintas dos locais propios ou municipais para o desenvolvemento dunha determinada actividade incluída no proxecto presentado, no caso de que, pola natureza da actividade, (tales como xornadas, congresos ou outros eventos de gran concorrencia pública) resulte necesario dispoñer dunha maior capacidade ou de condicións técnicas específicas que non poidan ser satisfeitas nos locais da entidade beneficiaria nin nas instalacións municipais dispoñibles, de acordo co apartado II da base primeira.

Documentación opcional:

As entidades poderán achegar a seguinte documentación, necesaria para valorar as solicitudes conforme os criterios de valoración establecidos:

- Declaración asinada pola representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento das actividades obxecto de subvención.
- Acreditación da formación en xénero e igualdade de oportunidades do persoal presentado para o desenvolvemento do programa.
- Calquera outro documento que as interesadas estimen conveniente en relación coa súa solicitude de subvención.

Segundo o establecido no art. 28.2 da LPAC, as persoas interesadas teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra administración. A Administración municipal, salvo oposición expresa da persoa interesada, consultará e obterá electronicamente, a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos u outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, os documentos que deban integrar o procedemento e que xa se atopen no seu poder ou que foran elaborados por calquera outra administración.

En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, debe facerse constar a data e o órgano ou a dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

O Servizo de Igualdade pode requirir canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar nesta convocatoria considere necesaria, así como que se complemente a información facilitada pola entidade para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE

Consonte o establecido no artigo 68 da LPAC, se a solicitude achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos nas presentes bases, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á data da notificación do requirimento, coa advertencia de que, de non facelo así,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 170 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

teráselle por desistida da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC.

As notificacións realizaranse por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remitiranse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións ao enderezo de correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

1.- Publicidade das bases reguladoras e da convocatoria

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

- a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- c) O extracto da convocatoria: a BDNS publicará o extracto da convocatoria no BOPPO, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes.

As bases reguladoras e a convocatoria, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org).

2.- Publicidade das subvencións concedidas

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, entidades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións con expresión dos distintos programas subvencionados.

3.- Publicidade do financiamento público

As entidades beneficiarias deben dar publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes, a lenda “Colabora o Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” e o logotipo do Concello de Vigo, que se pode descargar da páxina web da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org). Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 171 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

O Servizo de Igualdade é o encargado da instrución do procedemento para a concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Para a valoración das solicitudes presentadas, constituirase unha Comisión de Avaliación. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas adscritas ao Servizo de Igualdade, actuando ademais, unha delas, como secretaria.

De conformidade co disposto na base sétima, a Comisión de Avaliación avaliará as solicitudes de subvención de cada un dos programas presentados.

Unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión emitirá un informe relacionando os programas presentados, indicando a puntuación asignada a cada un deles de xeito motivado, e levantarase unha acta que reflecta as deliberacións e acordos da Comisión para a súa elevación ao órgano instrutor.

O Servizo de Igualdade, como órgano instrutor, en base ao informe da Comisión, formulará unha proposta de resolución de concesión e denegación das subvencións solicitadas, que será elevada á Xunta de Goberno Local.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que, da información que ten no seu poder, se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas (artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para resolver a concesión e denegación das axudas. O prazo máximo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, contados desde o último día do prazo de presentación de solicitudes (artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)). A resolución notificarase ás entidades solicitantes no prazo de 10 días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 40 da LPAC. Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse a notificación pola publicación da resolución na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). En todo caso, a resolución será obxecto de publicación na páxina web do Concello (www.vigo.org), de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditada e notificada a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 172 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Remítanse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

O acordo da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

As entidades beneficiarias deben comunicarlle ao Servizo de Igualdade a aceptación da subvención concedida no prazo máximo de 15 días, a contar desde o día seguinte ao da notificación. A falta de manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada.

A beneficiaria poderá renunciar á subvención concedida por calquera medio que permita a súa constancia. A renuncia será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATAÇÃO

As beneficiarias non poderán subcontratar con terceiras persoas a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención deberá documentarse na conta xustificativa do gasto realizado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio da beneficiaria na que se deben incluír, baixo responsabilidade da declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

1.- Prazo de xustificación

As beneficiarias deberán presentar a conta xustificativa con data límite o 30 de outubro de 2026 (incluído), xustificando o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

No caso de que a xustificación presentada fora defectuosa e/ou incompleta, concederase á entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda. Transcorrido o prazo sen atender o requirimento, e trala resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC, procederase á revogación da subvención concedida e, no seu caso, á esixencia de reintegro da contía percibida e dos xuros de demora.

Se a entidade beneficiaria non presentase a xustificación da subvención concedida dentro do prazo establecido, actuarase segundo establece o artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 173 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

subvencións, polo que transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á beneficiaria para que, no prazo improrrogable de quince días, sexa presentada.

2.- *Cantidade a xustificar*

A entidade beneficiaria deberá presentar facturas electrónicas ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel por un importe total igual ou superior á contía da subvención concedida.

Ademais, deberá xustificar o custo total final do programa subvencionado mediante unha das seguintes opcións:

- a) Certificación que acredite que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros (apartado 2 do anexo V Solicitud de pago), ou
- b) Presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto, ou
- c) Presentación de copias de facturas polo gasto non subvencionado

3.- *Sistema de xustificación*

A conta xustificativa presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

De conformidade co artigo 68.4 da LPAC, se algunha das beneficiarias presenta a conta xustificativa de forma presencial, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da xustificación aquela en que fose realizada a emenda.

A conta xustificativa conterá a seguinte documentación:

a) ANEXO V SOLICITUDE DE PAGO. Deberá estar asinado pola/o secretaria/o e pola representante da entidade.

Coa sinatura deste anexo certifícase, entre outros, os seguintes extremos:

- Que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.
- Que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade, indicando o seu custo total. Cando o custo total reflectido neste anexo sexa inferior ao 100 % do orzamento do programa indicado pola entidade no anexo III da súa solicitude de subvención, procederase a minorar proporcionalmente a axuda concedida.
- Percepción doutras axudas ou subvencións para o programa subvencionado, con indicación do importe e da súa procedencia.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 174 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a renda das persoas físicas suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que esta foi ou será declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Que a beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e coa Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro (art. 31.7.e) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia).
- Que a entidade está ou non exenta de presentar declaración polo IVE.

b) ANEXO VI MEMORIA ECONÓMICA. Deberá vir asinado pola representante da entidade.

Consiste nunha relación clasificada das facturas e xustificantes que achega a entidade para xustificar a axuda concedida, con identificación de cada unha das facturas relacionadas indicando número, data de emisión, nome e CIF/NIF do/a provedor/a, concepto e importe que se imputa á subvención. A suma dos importes relacionados neste anexo deberá ser igual ou superior á contía da subvención concedida.

c) As facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e xustificantes de gasto relacionados no anexo VI, que se chegarán asinados (electronicamente) pola representante da entidade.

As facturas achegadas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

1. Número e, no seu caso, serie
2. Nome e apelidos ou razón social da persoa física ou xurídica que emite a factura
3. Número de identificación fiscal (NIF ou CIF) da persoa física ou xurídica emisora
4. Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación
5. Lugar e data de emisión
6. Denominación social, CIF e enderezo da clienta que, en todo caso, será a entidade beneficiaria da subvención

Non se poderá imputar á subvención o importe do IVE contido nas facturas achegadas salvo que a entidade declare que está exenta de presentar a declaración do IVE.

As facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF. A entidade deberá presentar os xustificantes que acrediten o ingreso do IRPF en Facenda das retencións incluídas nas facturas achegadas, salvo que esas retencións no se imputen á subvención.

d) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A memoria deberá estar asinada pola persoa representante da entidade e nela figurará, cando menos, a seguinte información:

- Denominación do programa subvencionado.
- Breve resumo do programa.
- Datas e lugares de realización das actividades.
- Datos sobre as participantes: número, perfil, etc.
- Descrición detallada e ordenada das actividades subvencionadas que se levaron a cabo e dos gastos imputables a cada unha.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 175 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Recursos humanos.
- Valoración do nivel de cumprimento dos obxectivos perseguidos.
- Materiais de difusión empregados.
- Nos cursos e xornadas de formación, así como en actividades de ocio e tempo libre, engadirase: programa formativo, número de horas e identificación das participantes e do/a monitor/a, cos seus nomes, apelidos e números de teléfono.
- Material de información, carteis, folletos, circulares, fotografías, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

e) No caso de xustificar a axuda concedida con facturas de gastos para material, este deberá incorporar o logo do Concello de Vigo. A entidade achegará unha mostra do dito material para a súa comprobación polo Servizo de Igualdade.

f) Dúas unidades de calquera material cuxo gasto estea incorporado como gasto directo da axuda concedida, que non sexa susceptible de dixitalización, que deberá entregarse presencialmente no Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

g) Acreditación da publicidade dada ao carácter público do financiamento do programa subvencionado. As entidades beneficiarias deben dar publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes, a lenda “Colabora o Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” e o logotipo do Concello de Vigo.

h) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

4.- Información complementaria

Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

En relación coa xustificación do pagamento do uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente a presentación do documento emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por eses conceptos.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas coa Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.

Os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa co programa subvencionado e imputados ao período comprendido entre o 1 de novembro de 2025 e o 30 de outubro de 2026. Non terá que constar de forma expresa que foron pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido nestas bases.

Os custos indirectos (gastos fixos de estrutura da entidade) poderán formar parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos e correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Excepcionalmente, cando a beneficiaria teña que achegar arquivos multimedia para xustificar a subvención concedida, deberá presentar presencialmente na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro (OAR) do Concello de Vigo o soporte informático (*pendrive*, etc.) que conteña os ditos arquivos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 176 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

Deberase ter en conta o establecido na base segunda desta convocatoria respecto dos gastos que teñen a condición de subvencionables e non subvencionables.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda serán comprobadas polo Servizo de Igualdade. A xefa do Servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DÉCIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO NOVENA.- PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederase ao pagamento parcial ou á redución proporcional do importe da subvención nos seguintes casos:

- Cando se xustifique un custo total final do programa subvencionado inferior ao 100 % do orzamento do programa indicado pola entidade beneficiaria no anexo III da súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Obtención de maiores ingresos ou financiamento do previsto.
- Incumprimento pola entidade beneficiaria das súas obrigas.

A subvención será compatible con calquera axuda concedida por administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada (artigos 17.3 da Lei 9/2007 e 19.3 da Lei 38/2003).

A resolución-liquidación da axuda co pagamento parcial ou proporcional correspondente será competencia da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

Antes de proceder ao pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplificadaamente por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art. 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (punto 9 do anexo V).

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 177 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONS

1.- Perda do dereito ao cobro

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención, total ou parcialmente, o incumprimento por parte da beneficiaria das obrigas previstas nestas bases reguladoras, especialmente, as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención, o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención, a variación da finalidade da actuación e a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia (art. 31. 5 da citada Lei).

Cando o incumprimento consista nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do programa presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito á subvención ou a súa redución na mesma proporción.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do programa subvencionado. No caso de superalo, procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia dos xuros de demora correspondente.

A comunicación destas circunstancias ao Concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancions

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade da resolución de concesión e denegación das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Nos casos do artigo 33 LSG, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

En canto ás infraccións e sancions en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

VIXÉSIMA PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o procedemento subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable do tratamento deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 178 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros datos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica estatal en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; o Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na materia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2026 e o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2024-2026; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- RECURSOS

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto. O recurso potestativo de reposición se entenderá como desestimado se transcorre o período de resolución sen recibir contestación.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 179 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Convocatoria das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a realización de programas de promoción das mulleres do ano 2026

O obxecto desta convocatoria é iniciar e establecer o procedemento para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo que realicen programas encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como á prevención e combate da violencia de xénero. A estas finalidades refírense os artigos 25.2.o) e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 80.2.k) e o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

PRIMEIRA.- BASES REGULADORAS

As bases reguladoras destas subvencións, tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poderán consultarse no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

A convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións, que dará traslado do extracto da mesma ao BOPPO para a súa publicación, sen prexuízo da súa inserción no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 91.500,00 euros (noventa e un mil cincocentos euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*”.

Establécese a contía de 3.000,00 euros como contía máxima da subvención a conceder por entidade beneficiaria e por programa. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, os programas que consigan unha axuda superior a 3.000,00 euros quedarán limitados a esta contía. Esta limitación será aplicable tamén nos casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes.

TERCEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS

O obxecto destas subvencións é contribuir a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas de promoción das mulleres que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo entre o 1 de novembro de 2025 e o 30 de outubro de 2026 (ambos incluídos) e atendan a algunha/s das seguintes finalidades:

5.- Responder ás demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas polo Servizo de Igualdade, en concordancia cos eixos de actuación dispostos no V Plan integral de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da cidade de Vigo 2026-2030: educación en igualdade; conciliación e corresponsabilidade; liderado, empoderamento e participación; economía, emprego e formación; erradicación da violencia contra as mulleres; promoción da saúde e o benestar; perspectiva de xénero e interseccionalidade; urbanismo, seguridade e acción climática dende a perspectiva de xénero; investigación.

6.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e a permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 180 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

subrepresentadas, fomentando, por exemplo, accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina e o acceso e a permanencia de mulleres en postos de responsabilidade, ou establecendo medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.

7.- Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas exclusivamente á poboación masculina.

8.- Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

9.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas, desenvolvendo tanto actividades de sensibilización como programas con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.

10.- Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.

11.- Promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

12.- Organizar actividades de carácter formativo, cultural ou artístico dirixidas a mulleres co fin de facilitarlles a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía.

13.- Organizar actividades de ocio para mulleres que contribúan a mellorar a súa calidade de vida, redunden no seu benestar físico e psíquico e fomenten a participación e as relacións entre elas.

14.- Concienciar e formar a homes e mulleres a través de contidos formativos sobre xénero e igualdade de oportunidades impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada neste eido.

15.- Elaborar estudos, investigacións ou informes, con datos desagregados por sexo, sobre a situación social e/ou económica das mulleres de Vigo.

16.- Visibilizar e recoñecer a complexidade das realidades que atravesan as mulleres desde un enfoque interseccional.

17.- Desenvolver accións formativas específicas de urbanismo, seguridade e mobilidade con perspectiva de xénero.

18.- Impulsar a participación activa das mulleres na transformación ecolóxica e demográfica, visibilizando as súas achegas para corrixir as desigualdades de xénero no sector.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten necesarios para a organización e o desenvolvemento do programa obxecto de subvención. Só se admitirán aqueles gastos que fosen realizados

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 181 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dentro do período subvencionable (do 1 de novembro de 2025 ata o 30 de outubro de 2026, incluídos).

I. Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos derivados da organización e desenvolvemento da actividade obxecto da axuda, que sexan contratados con empresas externas á propia entidade, o que se xustificará mediante facturas. Por exemplo: contratación de monitorado, elaboración de materiais, folletos, etc.

b) Gastos de persoal. Con carácter xeral, non será subvencionable ningún gasto correspondente a retribucións do persoal propio da entidade, agás nos seguintes casos:

b.1) Gastos de persoal contratado especificamente para o desenvolvemento da actividade subvencionada (monitorado, persoal docente en caso de cursos ou xornadas, profesionais encargadas/os da execución directa, persoal encargado da coordinación, etc.). Neste caso, será subvencionable o 100% das retribucións salariais, incluídas as pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade. Deberá quedar acreditado que ese persoal foi contratado de forma específica para a realización desa actividade en concreto, e que non se trata de persoal propio da entidade contratado con anterioridade á realización do programa. Xustificarse mediante nóminas e RNT e RLC da Seguridade Social.

b.2) Gastos do persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante. Estes gastos só serán subvencionables no caso de persoal encargado da coordinación da actividade subvencionada, sempre que se xustifique a súa necesidade e co seguinte límite: será subvencionable como máximo o 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do programa subvencionado dunha única persoa encargada da coordinación. Xustificarse mediante nóminas.

c) Gastos de primas de seguros, cando cumpran as seguintes condicións:

c.1) Seguros de responsabilidade civil especificamente contratados para o programa subvencionado, o que debe figurar claramente na póliza.

c.2) Seguros de responsabilidade civil dentro da póliza xeral da entidade, sempre e cando sexan necesarios para asegurar unha actividade concreta que supoña un risco para as participantes, e se impute a porcentaxe correspondente ao período concreto de realización desa actividade.

d) Gastos de alugamento de instalacións ou espazos necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada, sempre e cando a entidade beneficiaria obtivese previamente a autorización expresa do Servizo de Igualdade para o seu uso, no marco do establecido no apartado II da base primeira.

e) Gastos indirectos, de funcionamento e/ou mantemento da asociación, como luz, teléfono, mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital, asesoramento fiscal, laboral, contable e financeiro, etc. Estes gastos serán subvencionables sempre que se imputen ao programa subvencionado, non foran subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións, correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade subvencionada e co límite máximo do 10% dos gastos directos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 182 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

II. Non terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- a) Gastos de persoal propio da entidade. Agás os gastos do persoal encargado da coordinación co límite establecido no apartado I. b.2) desta base, só será subvencionable o persoal que se contrate de maneira específica para a realización do programa subvencionado.
- b) Os relativos a gastos de desprazamento fóra do termo municipal, os relativos á administración, xestión, financiamento, primas de seguros (salvo seguros de responsabilidade civil indicados no apartado c da base 2ª.I.), adquisición de patrimonio, investimentos, equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.
- c) Os relacionados coa adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo nin os relativos aos gastos en atencións protocolarias (servizos de *catering*, recepcións, espectáculos...), agás, no caso destes últimos gastos, que o Servizo de Igualdade, previa xustificación da súa necesidade por parte da entidade solicitante, valore que sexan necesarios para a consecución dos obxectivos do programa subvencionado.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, estes excedan de 15.000 euros, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

En ningún caso, o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

O importe de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo do programa subvencionado, co límite de 3.000 euros de axuda máxima por entidade beneficiaria e, nos casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes das subvencións ás que se refiren as presentes bases, por programa subvencionado.

Por conseguinte, a contía máxima de subvención que cada entidade pode solicitar nesta convocatoria é de 3.000 euros, agás os casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes nos que a suma dos importes das subvencións que soliciten cada unha delas non poderá superar o límite máximo de 3.000 euros.

QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude.
- c) Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cas establecidas nas bases reguladoras.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente e capacidade para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos.
- e) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, a Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e coa Seguridade Social.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 183 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

f) Que cumpran os demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria as seguintes solicitudes:

- a) As solicitudes presentadas por clubs ou entidades deportivas.
- b) As solicitudes presentadas por asociacións de pais e nais do alumnado (ANPAS).
- c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.
- d) As solicitudes con programas que, para a mesma finalidade, foran solicitados noutras Áreas ou Servizos do Concello de Vigo.
- e) As solicitudes con programas que, a xuízo da Comisión de Avaliación, teñan unha relación e canle máis específica de axuda noutras Áreas do Concello de Vigo ou que a totalidade ou parte do seu obxecto estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contrato co Concello de Vigo. Quedarán excluídos tanto os programas que xa estean en execución como os que os distintos departamentos municipais prevexan aprobar durante o período subvencionable.
- f) As solicitudes con programas que se vaian realizar nos centros de ensino que, a xuízo da Comisión de Avaliación, dupliquen os contidos ou afecten á boa marcha dos programas municipais a prol da igualdade e da prevención da violencia de xénero que se ofertan a todos os centros de ensino da cidade.
- g) As solicitudes con programas que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
- h) As solicitudes con programas de carácter político ou doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- i) As solicitudes con programas que inclúan actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.
- j) As solicitudes con programas que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.
- k) As solicitudes con programas que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axuste aos obxectivos da convocatoria.
- l) As solicitudes con programas que teñan previsto a súa realización fóra do termo municipal de Vigo.
- m) As solicitudes con programas que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1.- da base sétima das bases reguladoras.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 184 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

declararán non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 (punto 4 do anexo IV da solicitude).

4.- As solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, conforme ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da axuda a conceder a cada beneficiaria non supera o importe de 3.000,00 euros, estas subvencións están incluídas no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006 polo que a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social farase de forma simplificada mediante unha declaración responsable (declaración recollida no punto 5 do anexo IV da solicitude).

5.- Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal entenderase que, ao presentar a solicitude de subvención, autorizan ao órgano instrutor para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das bases reguladoras e da convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

A xestión e a concesión destas subvencións efectuaranse conforme aos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade e transparencia.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO. PRAZO E MEDIOS PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

O Servizo de Igualdade é o encargado da instrución do procedemento para a concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución. Para a valoración das solicitudes presentadas, constituirase unha Comisión de Avaliación. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas adscritas ao Servizo de Igualdade, actuando ademais, unha delas, como secretaria.

O Servizo de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión e denegación das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para resolver a concesión e denegación das axudas. O prazo máximo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, contado desde o último día de prazo de presentación de solicitudes. A resolución notificarase ás entidades solicitantes no prazo de 10 días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse a dita notificación pola publicación da resolución na páxina web (www.vigo.org). En todo caso, a resolución será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 185 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O vencemento do prazo máximo sen terse ditada e notificada a resolución, lexítima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

O acordo da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

OITAVA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, que se contarán, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, sen prexuízo da súa inserción na páxina web do Concello de Vigo.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da LPAC, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida polas bases reguladoras, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica do Concello, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace: <https://sede.vigo.org>.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda, conforme ao artigo 68.4 LPAC.

NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

No marco desta convocatoria, cada entidade só poderá presentar un único programa, que debe reunir os requisitos estipulados nas bases reguladoras. Para isto, as entidades que concorren deberán presentar unha única solicitude asinada pola súa representante legal.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos normalizados aprobados coas bases reguladoras, que estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Para a presentación da solicitude de subvención, as entidades deberán achegar a seguinte documentación:

Documentación obrigatoria:

e) ANEXO I SOLICITUDE. Solicitude asinada pola súa representante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 186 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

f) ANEXO II MEMORIA DO PROGRAMA. Programa de actividades para o que a entidade solicita a subvención, asinado pola súa representante. Poderase ampliar a información en documento aparte sempre e cando estean completos os datos solicitados neste anexo.

g) ANEXO III ORZAMENTO DO PROGRAMA. Orzamento desagregado de ingresos e gastos do programa, que debe estar equilibrado e vir asinado pola representante da entidade.

O orzamento que se indique neste anexo terase en conta na fase de xustificación, procedendo a minorar o importe da subvención concedida cando se xustifique un custo total final do programa subvencionado inferior ao 100% do orzamento indicado. A axuda concedida será minorada na mesma proporción.

h) ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE. Esta declaración responsable deberá estar asinada pola/o secretaria/o e pola representante da entidade. Con ela acreditaranse, entre outros, os seguintes puntos:

- Quen ten a condición de representante legal da entidade (apartado 1).
- Outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo programa (apartado 3).
- Que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (apartado 4).
- Que a entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e coa Seguridade Social (apartado 5).

i) Memoria das actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2025, e que deberá vir asinada pola súa representante.

j) CIF da entidade.

k) Certificación bancaria, expedida no ano 2026, da conta a nome da entidade solicitante na que será ingresado o importe da subvención concedida.

l) Currículum do persoal que impartirá cada unha das actividades e cada un dos relatorios no caso de cursos, obradoiros, xornadas, charlas e similares.

m) Acreditación da formación en xénero e igualdade de oportunidades do persoal presentado para o desenvolvemento da actividade formativa no caso de que o programa incorpore contidos formativos en materia de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares).

n) Petición motivada, asinada pola persoa representante da entidade, solicitando autorización para o uso de instalacións distintas dos locais propios ou municipais para o desenvolvemento dunha determinada actividade incluída no proxecto presentado, no caso de que, pola natureza da actividade, (tales como xornadas, congresos ou outros eventos de gran concorrencia pública) resulte necesario dispoñer dunha maior capacidade ou de condicións técnicas específicas que non poidan ser satisfeitas nos locais da entidade beneficiaria nin nas instalacións municipais dispoñibles, de acordo co apartado II da base primeira.

Documentación opcional:

As entidades poderán achegar a seguinte documentación, necesaria para valorar as solicitudes conforme aos criterios de valoración establecidos:

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 187 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Declaración asinada pola representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento das actividades obxecto de subvención.
- Acreditación da formación en xénero e igualdade de oportunidades do persoal presentado para o desenvolvemento do programa.
- Calquera outro documento que as interesadas estimen conveniente en relación coa súa solicitude de subvención.

DÉCIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias do Servizo de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base quinta, a Comisión Avaliadora valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 60 puntos:

1.- Calidade técnica, coherencia e viabilidade do programa. Ata un **máximo de 16 puntos**, a razón de valorar cun máximo de 4 puntos cada un dos catro seguintes subapartados:

- a) Adecuación e eficacia das actividades do programa para acadar a/s súa/s finalidade/s, de entre as recollidas na cláusula I) da base primeira.
- b) A capacidade da entidade para executar o proxecto, atendendo á súa capacidade de mobilización da poboación destinataria e á dispoñibilidade de instalacións e medios adecuados para o desenvolvemento das actuacións previstas.
- c) O deseño dos contidos, metodoloxía, protocolos de traballo, coherencia interna e viabilidade técnica e financeira do programa.
- d) Grao no que o sistema de avaliación proposto permitirá efectivamente realizar un seguimento e avaliación axeitados.

Os programas que non obteñan unha puntuación mínima de 10 puntos neste apartado non se considerarán subvencionables, xa que non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición e calidade do programa presentado.

2.- Incorporación do enfoque de xénero na implementación do programa. Ata un **máximo de 16 puntos**, a razón de valorar con 4 puntos cada un dos catro seguintes subapartados:

- a) Que o fomento da igualdade entre mulleres e homes e a perspectiva de xénero constitúa o obxecto do propio programa. Que a totalidade das actividades propostas no programa teñan a finalidade directa de sensibilizar, previr e eliminar as discriminacións de xénero, e os seus contidos estean directamente relacionados con esa finalidade.
- b) Que o programa incorpore contidos formativos transversais de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares) no desenvolvemento da acción principal, impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada en xénero e igualdade de oportunidades.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 188 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

c) Que quede acreditado que o persoal presentado para o desenvolvemento do programa con accións formativas que non incorporen contidos específicos en materia de igualdade (valorados no subapartado anterior) ten formación no eido do xénero e igualdade de oportunidades.

d) Que o programa estea dirixido a mulleres nas que conflúan múltiples discriminacións, discriminación interseccional ou mulleres en situación de vulnerabilidade social: vítimas de violencia de xénero, mulleres soas con cargas familiares, mulleres prostituídas, mulleres coidadoras, mulleres en situación de rúa, mulleres con adicións, mulleres con trastornos de saúde, mulleres maiores, mulleres con discapacidade, mulleres do colectivo LGTBI, mulleres migrantes, mulleres xitanas, etc., ou que o programa teña por finalidade dar visibilidade e información con perspectiva de xénero sobre estas realidades.

3.- Impacto, sostibilidade e innovación. Ata un máximo de 6 puntos, a razón de valorar cun máximo de 3 puntos cada un dos dous seguintes subapartados:

a) Que o programa recolla contidos únicos, específicos e diferenciadores non implementados por outro programa no contorno, converténdose así, para o público destinatario, en referente en toda a Comunidade Autónoma ou, cando menos, na área sur de Galicia.

b) Grao no que se propón resolver o problema abordado desde formulacións e instrumentos novos no seu ámbito.

4.- Por recoller o programa algún dos seguintes obxectivos e accións. Ata un máximo de 10 puntos. Outorgarase un punto por cada obxectivo que recolla o programa presentado de entre os seguintes, ata o máximo de 10 puntos:

A) ÁREA DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE:

1. Impulsar e fomentar a educación en igualdade mediante accións de sensibilización en materia de xénero e igualdade que promovan a eliminación dos estereotipos e o cambio nos modelos de socialización.

2. Formar e sensibilizar á cidadanía en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes a través de cursos, obradoiros e actividades formativas grupais.

3. Visibilizar as achegas realizadas polas mulleres ao longo da historia nos distintos campos da cultura, arte, historia, ciencia, tecnoloxía, etc.

B) ÁREA DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE:

1. Facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal da cidadanía viguesa.

2. Fomentar un reparto equilibrado dos usos do tempo e a corresponsabilidade entre mulleres e homes na asunción dos traballos de coidados e tarefas domésticas, mediante actividades que fomenten a corresponsabilidade e/ou programas de colaboración interxeracional.

3. Pór en valor e visibilizar os traballos relacionados cos coidados remunerados e non remunerados ante a sociedade, mediante accións de información e de sensibilización.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 189 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

C) ÁREA DE LIDERADO, EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN:

1. Fomentar a participación das mulleres nos procesos de toma de decisións, mediante a promoción das condicións e espazos que a faciliten ou mediante a dotación de ferramentas e habilidades comunicativas, reflexivas e de liderado.

D) ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E FORMACIÓN:

1. Mellorar as oportunidades das mulleres para o acceso, mantemento e promoción no mercado de traballo.

2. Desenvolver itinerarios de orientación laboral individualizados e específicos para mulleres en situación de vulnerabilidade, que poderán incluír promoción preeducativa e prelaboral así como formación e itinerarios de emprego e empoderamento.

3. Organizar cursos de formación dirixidos a mulleres sobre emprendemento, autoemprego, economía social, modelos produtivos innovadores, sectores emerxentes e sostibles.

4. Favorecer a diminución da segregación horizontal do mercado de traballo, potenciando a diversificación das opcións profesionais das mulleres.

5. Difundir, concienciar e informar ás empresas e ás mulleres traballadoras sobre os dereitos relacionados coas súas condicións de traballo, así como sobre a normativa en materia de igualdade.

6. Visibilizar as discriminacións existentes no mercado laboral para contribuír á súa eliminación.

7. Promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc.) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

8. Contribuír á diminución da brecha dixital de xénero a través de accións que promovan a adquisición, por parte das mulleres, de competencias dixitais básicas e avanzadas.

E) ÁREA DE ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES:

1. Promover accións de prevención da violencia de xénero, mellorando a súa detección temperá, promovendo unha educación e unha socialización libre de violencia de xénero.

2. Sensibilizar á poboación na repulsa da violencia de xénero, visibilizando as distintas formas de violencia que se exerce sobre as mulleres, incluíndo as novas formas de violencia que recolle o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en materia de violencia vicaria, dixital e económica.

3. Mellorar a atención e a asistencia ás vítimas de violencia de xénero, mediante a creación de novos servizos, a potenciación dos recursos existentes e a mellora da coordinación institucional.

4. Proporcionar ferramentas que doten de maior benestar, seguridade e independencia económica ás mulleres vítimas das diversas formas da violencia de xénero.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 190 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

F) ÁREA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E O BENESTAR:

1. Fomentar a promoción da saúde das mulleres a través da concienciación cidadá.
2. Promover e desenvolver actividades que contribúan á mellora da calidade de vida e ao benestar físico e psíquico das mulleres.
3. Fomentar a relación, participación e o tempo libre das mulleres.
4. Proporcionar pautas de autocoidado e/ou promover accións que favorezan o benestar físico e emocional dirixidos a mulleres cuidadoras de persoas dependentes.

G) ÁREA DE PERSPECTIVA DE XÉNERO E INTERSECCIONALIDADE:

1. Formar en materia de igualdade as persoas traballadoras das entidades do terceiro sector, do ámbito da discapacidade, con sede en Vigo.
2. Organizar xornadas formativas que aborden os dereitos humanos, o xénero e a discapacidade, co obxecto de reforzar o acceso á información e aos dereitos das mulleres con discapacidade.
3. Desenvolver encontros formativos que impulsen a superación de estereotipos negativos e preveñan a discriminación de mulleres migrantes e xitanas dende unha perspectiva feminista.
4. Recoñecer e visibilizar a loita histórica das mulleres maiores como pioneiras dos movementos sociais.

H) ÁREA DE URBANISMO, SEGURIDADE E ACCIÓN CLIMÁTICA DESDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO:

1. Desenvolver accións formativas específicas de urbanismo, seguridade e mobilidade con perspectiva de xénero.
2. Desenvolver actividades de sensibilización, formación e capacitación con perspectiva de xénero vencelladas ao medio ambiente e ao cambio climático.
3. Desenvolver actividades formativas dirixidas a impulsar a alfabetización ecofeminista.

I) ÁREA DE INVESTIGACIÓN:

1. Elaborar estudos, investigacións ou informes, con datos desagregados por sexo, sobre a situación social e/ou económica das mulleres de Vigo.
2. Elaborar estudos, investigacións ou informes sobre violencia de xénero, incorporando as especificidades das mulleres de Vigo con discapacidade, mulleres maiores de 65 anos, mulleres menores de 25 anos e outras mulleres en situación de vulnerabilidade.
3. Elaborar estudos, informes ou investigacións que analicen, desde a perspectiva de xénero, os efectos do cambio climático en Vigo, incluídos aqueles na saúde, na auga e na economía, así como na análise sobre a pegada ecolóxica.

5.- Participación no Consello Municipal da Muller. Ata un máximo de 8 puntos.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 191 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Outorgarase ata un máximo de 8 puntos a aquelas entidades que en data 1/01/2026 formen parte do Consello Municipal da Muller de Vigo, órgano representativo, consultivo e de participación.

- a) Con menos de 4 anos de participación: 1 punto
- b) Con 4 anos e menos de 8 anos de participación: 2 puntos
- c) Con 8 anos e menos de 12 anos de participación: 3 puntos
- d) Con 12 anos e menos de 16 anos de participación: 4 puntos
- e) Con 16 anos e menos de 20 anos de participación: 5 puntos
- f) Con 20 anos e menos de 24 anos de participación: 6 puntos
- g) Con 24 anos e menos de 28 anos de participación: 7 puntos
- h) Con 28 anos ou máis de participación: 8 puntos

6.- O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a subvención, segundo o previsto no artigo 20.2.l) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. **Valorarase con 4 puntos**.

Para ter en consideración este criterio será necesario que a entidade solicitante achegue unha declaración asinada pola súa representante conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento do programa obxecto da subvención.

A Comisión de Avaliación encargada da valoración dos programas terá en consideración os datos achegados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

3.- Publicidade das bases reguladoras e da convocatoria

A presente convocatoria e as bases reguladoras, conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

- a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- c) O extracto da convocatoria: a BDNS publicará o extracto da convocatoria no BOPPO, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes.

A convocatoria e as bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org).

4.- Publicidade das subvencións concedidas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 192 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2103/1102

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, entidades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións con expresión dos distintos programas subvencionados.

5.- Publicidade do financiamento público

As entidades beneficiarias deben dar publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas facendo constar, nun lugar destacado dos diferentes soportes, a lenda “Colabora o Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” e o logotipo do Concello de Vigo, que se pode descargar da páxina web da Concellería de Igualdade (www.igualdadevigo.org). Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

Extracto da convocatoria das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a realización de programas de promoción das mulleres do ano 2026

PRIMEIRA.- BASES REGULADORAS

As bases reguladoras destas subvencións, tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, publícanse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poden consultarse no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 91.500,00 euros (noventa e un mil cincocentos euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*”.

Establécese a contía de 3.000,00 euros como contía máxima da subvención a conceder por entidade beneficiaria e por programa. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, os programas que consigan unha axuda superior a 3.000,00 euros quedarán limitados a esta contía. Esta limitación será aplicable tamén nos casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes.

TERCEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCÍONS

O obxecto destas subvencións é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como á prevención e combate da violencia de xénero, que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo entre o 1 de novembro de 2025 e o 30 de outubro de 2026 (ambos incluídos).

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten necesarios para a organización e o desenvolvemento do programa obxecto de subvención. Só se admitirán aqueles gastos que fosen realizados dentro do período subvencionable.

S.ord. 05/07/2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 193 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos.

O importe de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo do programa subvencionado, sen superar a contía de 3.000,00 euros de axuda máxima por entidade beneficiaria e, nos casos de organización conxunta dun mesmo programa por varias entidades solicitantes, por programa subvencionado.

QUINTA.- BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as entidades sen ánimo de lucro que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude e cumpran os demais requisitos que se establecen na convocatoria e nas bases reguladoras.

SEXTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións é o de concorrencia competitiva. A xestión e a concesión destas subvencións efectuaranse conforme os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade e transparencia.

SÉTIMA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación deste extracto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida pola convocatoria e as bases reguladoras, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo.

22(479).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos.. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2026 14:19	Páxina 194 de 194
2103-1102 Aprobado por XGL 12/06/2026	CSV: A1B1BB-425854-4D5AE9-4KGZFM-CF9RTF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		